

*Sección de Lingua / Seminario de Onomástica*

# **Toponimia de Muros**

Alfonso Blanco Quintela  
Colección Terra Nomeada

*Asociación Galega de Onomástica*



REAL ACADEMIA GALEGA

**Alfonso Blanco Quintela**

# Toponimia de Muros

Consello de redacción  
da colección **Terra Nomeada**

Ana Boullón (Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Luz Méndez (Real Academia Galega)

Gonzalo Navaza (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Antón Palacio (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Edita:

Real Academia Galega

© Real Academia Galega

© Alfonso Blanco Quintela

Fotografías:

© Alfonso Blanco Quintela

© Renée Huerta Latrille

Mapa:

© Ángel Duarte Campos  
Xeosfera.com

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas

Infesta, 96. 15319 Betanzos

ISBN: 978-84-17807-34-4

Depósito Legal: C 1870-2023

<https://doi.org/10.32766/rag.419>



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



Deputación  
DA CORUÑA



# Introdución

O concello de Muros está situado no extremo norte da ría de Muros e Noia, a máis setentrional das Rías Baixas. A súa superficie aproximada é de 72,91 km<sup>2</sup>, e está repartido entre oito parroquias, que enumeramos por orde alfabética: Abelleira (Santo Estevo), Esteiro (Santa Mariña), Louro (Santiago), Muros (San Pedro), Serres (San Xoán), Sestaio (San Miguel), Tal (Santiago) e Torea (San Xián). Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, tiña 8 365 habitantes en 2022, e leva dúas décadas perdendo poboación de maneira progresiva, como se pode ver na seguinte táboa:

## Evolución da poboación do concello de Muros

2004	2008	2012	2016	2020	2022
10 050	9 823	9 437	8 834	8 427	8 365

Datos tomados do Instituto Galego de Estatística

O espazo natural que maior unidade e coherencia xeográfica dá a este concello é a ría, sobre a que se ergue un conxunto de serras de rochas graníticas que caen en pendente brusca cara ao mar. As maiores alturas superan os 500 m, como o Alto da Medoña, na parroquia de Torea, que chega aos 581 m sobre o nivel do mar. En canto ás correntes de auga, o río máis longo é o Rateira, que flúe durante 9 km, aínda que o río Maior é o que ten máis caudal. O litoral, de máis ou menos 25 km, é moi recortado e ofrece múltiples enseadas.

O clima do concello é oceánico, do tipo hiperhúmido, aínda que os veráns tenden a ser bastante secos. As temperaturas son suaves, en xeral, nos meses fríos, mentres que na época estival se alcanzan con relativa facilidade os 30°C de máxima.

A vexetación dominante é o monte baixo de toxo e xesta. A actual paisaxe arbórea é o resultado de accións periódicas de repoboación con eucaliptos, piñeiros marítimos e piñeiros de Monterrei. Tamén se poden atopar, de xeito máis esporádico, carballos, acivros e loureiros, ademais doutras especies con menor presenza.

O poboamento na área deste concello data de, como mínimo, a Idade do Bronce (II-I milenio a. C.). Así o proban os conxuntos de petróglifos que no seu termo se documentan, como os da Laxe das Rodas (Louro) ou A Cova da Bruxa (Serres).

O núcleo de historia mellor documentada é o da vila de Muros, de orixe ben antiga. De feito, crese que a vella igrexa de San Pedro data do s. X (hoxe está semisoterrada polo cemiterio parroquial), e hai indicios de que en tempos dos reis Afonso IX (1171-1230) ou Afonso X (1221-1284) puido haber un primeiro intento de conferirlle oficialidade á poboación. Con todo, a primeira data segura que temos é a da Carta de Poboamento concedida a Muros en 1286 polo rei de Castela Sancho IV. Este acto encádrase nun contexto histórico bastante ben coñecido e relacionado coa fin da terceira onda de invasións normandas, no primeiro terzo do s. XI. Nesa época, os vínculos económicos do noroeste ibérico coa Europa atlántica colleron un forte pulo, e os reis peninsulares comezaron a promover as comunidades costeiras para favorecer o comercio e a actividade pesqueira. A intención que os guiaba, por suposto, era incrementaren os seus ingresos a través dos correspondentes impostos. No caso de Muros, Sancho IV concedeulle o dereito de cobrar gabelas desde a desembocadura do Xallas ata a do Tambre, na beiramar, mentres no interior o seu dominio chegaba ata a ponte de Brandomil (Zas). Este territorio coincide, *grosso modo*, co actual partido xudicial de Muros.

Doce anos despois da concesión da Carta de Poboamento, en 1298, o rei Fernando IV de Castela entregoulle Muros ao arcebispo de Santiago de Compostela, Rodrigo González, a cambio da praza de Tarifa. Polo común, a mitra compostelá era máis esixente no eido fiscal ca a monarquía, pero isto non impediu que a vila de Muros comezase un desenvolvemento importante e sostido, ata o punto de que no s. XVI chegou a ter dúas parroquias. Ademais de cunha torre arcebispal, contou en época temperá cun valado protector, que sería convertido nunha verdadeira muralla en dúas fases construtivas (s. XIV-XV e s. XVI). A prosperidade da vila fixo medrar un importante arrabalde, que acabaría superando en extensión o recinto murado. A necesidade de protexer as casas e os bens dos poboadores resultou evidente en varias ocasións. Unha delas tivo lugar no ano 1389, cando a vila foi atacada polas tropas do rei Xoán I de Portugal. Outra aconteceu o 25 de xullo de 1543, en que tivo lugar a coñecida como batalla de Muros: no marco das chamadas guerras italianas, unha escuadra francesa, liderada por Jean de Clamorgan, ancorou fronte á vila e esixiu unha gran suma de diñeiro a cambio de non arrasala. Ao pouco, presentouse unha frota española ao mando de Álvaro de Bazán o Vello, e comezou o combate. Os franceses perderon todas as súas naves menos unha, que conseguiu fuxir. Como resultado, a vila salvouse e os barcos de guerra españois conseguiron o control de todo o mar Cantábrico.

Nesta época os barcos mercantes muradáns foron alcanzando portos cada vez máis afastados en varios puntos da costa peninsular, así como en Flandres, Inglaterra ou Italia. O principal produto que se exportaba era a salgadura de peixe, un negocio moi próspero durante máis de dous séculos, como o demostra o feito de

que en 1607 Muros ocupaba o cuarto lugar en poboación entre todos os núcleos do litoral galego, só por detrás da Coruña, Pontevedra e Vigo.

A partir da fase final do s. XVII a vila empredeu unha lenta pero continuada decadencia. Un testemuño importante é a indagación catastral dirixida entre 1750 e 1756 por Zenón de Somodevilla y Bengoechea, marqués de la Ensenada, ministro de Facenda de Fernando VI. Este documento, coñecido como *Catastro de Ensenada*, abrangue a maior parte da España peninsular, a Coroa de Aragón, o reino de Valencia, Navarra e os Señoríos Vascos, que estaban exentos do pago de impostos. Para daquela, a poboación de Muros descendera ata levar a vila ao oitavo lugar entre os núcleos costeiros galegos. Con todo, a actividade do porto seguía a ter vizo, pois ancoraban nel dezaioito mercantes, ademais de 71 embarcacións de pesca. O volume da actividade económica foi dando forma a unha burguesía integrada maiormente por comerciantes, armadores e algúns prestamistas. Estes cabezas de familia convivían cun grupo máis numeroso, entre os que se contaban mariñeiros, artesáns, tendeiros e funcionarios do Concello.

O final do s. XVIII trouxo un renacemento, baseado sobre todo na pesca e comercialización da sardiña, cunha cantidade de capturas moi elevada, só superada en Galicia polos portos de Ares e Cangas. Esta recuperación viuse favorecida, ademais, pola chegada de industriais cataláns, que, coma no caso doutras vilas da beiramar, fixeron revivir as industrias da salga construíndo novas fábricas, dotadas de sistemas produtivos modernos. Estes fomentadores instaláronse ao principio na parroquia de Esteiro, e logo estenderon a súa actividade a outras freguesías.

A pesar da paréntese que supuxo a destrución de parte dos edificios da vila de Muros polas tropas francesas en marzo de 1809, durante a guerra da Independencia, o impulso económico derivado da actividade pesqueira non minguou, e estendeuse por todo o concello. Así o demostran as preto de 50 salgadasuras que, segundo indica Santiago Llovo Taboada (2014), chegaron a instalarse no territorio do municipio.

Ao longo da segunda década do s. XX a sardiña foi desaparecendo dos caladoiros, o que lle causou un serio dano á industria. Moitas fábricas pecharon e boa parte da poboación emigrou, como xa viña sucedendo noutros lugares de Galicia. Malia todo, durante o resto do século, a vila de Muros conseguiu manter unha certa vitalidade. Porén, a finais dos anos 90 a decadencia económica e demográfica fíxose patente: non houbo capacidade de superar a crise das actividades económicas tradicionais nin de crear outras novas. Na actualidade, a vila e algúns dos núcleos do concello intentan desenvolver o sector servizos, atraendo o turismo. Asemade, nas parroquias máis rurais a poboación envellece con rapidez e mantén vivo ata certo punto, mediante explotacións familiares, un sector agrícola que sempre acompañou a historia desta zona, malia estar sempre á sombra do pulo industrial da vila capital do municipio. De feito, como veremos nas estatísticas, preto da cuarta parte dos topónimos e microtopónimos do concello teñen que ver con labores e oficios, entre os que son claramente maioritarios os relacionados coa agricultura e a gandería.



Á parte da cabeceira do concello, temos noticia de todas as demais parroquias entre os s. IX e XVI grazas aos documentos do *Tombo de Toxos Outos*, o Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela e outros materiais. Todos eles dan fe de abondas transmisións e doazóns de propiedades rurais, traballadas por campesiños ao servizo dun señor leigo ou eclesiástico. Polo tanto, podemos estar certos de que o municipio enteiro mantivo unha poboación máis ou menos estable e ocupada durante séculos. Testemuñan este feito os edificios e fundacións relixiosas das diferentes freguesías: sabemos, por exemplo, que o xermolo da fundación de San Francisco de Louro data do século XIII. A meirande parte das actuais igrexas parroquiais viron a súa construción iniciada no s. XVI ou XVII, aínda que, probablemente, existiron templos máis antigos. O máis recente é o de Santa Mariña de Esteiro, erixido a mediados do s. XX. Desde o primeiro terzo do s. XIX esa localidade viñera experimentando un forte crecemento, impulsado pola actividade económica vencellada ás salgaduras instaladas polos fomentadores cataláns. Iso fixo que a capela en que se celebraban os servizos relixiosos ata daquela quedase pequena para acoller os fieis; asemade, a parroquia deixou de ser anexo da de Tal.

Cómpre mencionar que, xustamente en Esteiro, naceu a principios do s. XX un movemento cooperativo de traballadores e obreiros, que deu como froito a fundación da sociedade La Protección Social Esteirana. A súa sede foi o edificio que hoxe se coñece como Casa da Sociedade, comezado a construír en 1919. Durante a II República pronunciaron discursos nela políticos galegos moi coñecidos, entre os que se contou Alfonso D. Rodríguez Castelao. Como consecuencia do golpe de Estado de xullo de 1936 e a subseguinte guerra civil, a Casa foi clausurada e usada como local de represión a cargo da autoridade constituída polo bando sublevado. Na actualidade ten as funcións de local social e comunitario.

O xentilicio do concello é muradán/muradá. Ademais, dúas das parroquias, Louro e Esteiro, que posúen cadanseu núcleo de poboación consolidado de vello (e nas cales existe un acentuado sentimento de rivalidade coa capital), teñen tamén o seu: loureán/loureá e esteirán/esteirá. Neste último caso, e para a forma feminina, está plenamente estendida a forma castelá *esteirana*, moi popular sobre todo por dar nome á SCRD Esteirana, asociación cultural e deportiva fundada en 1971.

Dentro do mapa dialectolóxico galego, o concello de Muros sitúase no bloque occidental, dentro da área fisterrá. Os trazos característicos deste territorio son o cheísmo, a gheada e o seseo explosivo ou total. Con todo, polo cabo Rebordiño pasa a liña divisoria entre a subárea dialectal do Xallas e a do Tambre-Barbanza. Así, ao norte dese cabo (parroquia de Louro) escóitanse ditongos /ui/ en palabras como *muíto* e *truíta*, fronte aos /oi/ propios do resto do territorio municipal. Por outra banda, unha das realizacións do seseo é a predorsodental, pero escóitase sobre todo en falantes de idades xa avanzadas e está en retroceso. Ademais, na subárea á que pertence a freguesía loureá constrúen a 3ª persoa de singular do pretérito perfecto da 2ª e 3ª conxugación co final en *-iu* (*colliu*, *partiu*), mentres que os falantes das outras parroquias do concello o rematan en *-eu* (*colleu*, *parteu*).

Estas pequenas diferenzas son percibidas de maneira clara por parte da poboación, que as subliña decote nas relacións sociais.

Pódense detectar outros trazos, dependendo das parroquias, pero sobre todo da idade dos falantes, como unha lixeira palatalización da consoante /s/ en final de palabra, a indistinción entre a 3ª persoa de singular do presente de indicativo e o pretérito perfecto do verbo *vir* (*Onte vén a nena*, no canto de *veu*), a articulación semipalatalizada da consoante /r/ simple e a asimilación da vogal /a/ átona a /ɔ/ en secuencias tipo *por aquí* ou *por alí*.

Neste volume, como é norma na colección Terra Nomeada, analizamos de maneira prioritaria a toponimia maior do concello de Muros: os nomes do propio concello, as súas parroquias e os seus lugares, tal e como veñen recollidos no Nomenclátor de Galicia, e cuxo número ascende a 105. Tamén comentamos sete nomes de lugar pertencentes á toponimia menor. Para esta microtoponimia tomamos como base os datos do portal web Galicia Nomeada, unha ferramenta colaborativa de gran valor para a investigación neste campo. Polo de agora, no que toca ao concello de Muros, a devandita web recolle algo máis de 3 500 nomes da toponimia maior e menor. Con esta perspectiva de traballo cremos ofrecer unha mostra representativa dos nomes de lugar deste concello.

Na bibliografía exposta ao final deste volume detállanse os libros e demais materiais dos cales nos servimos á hora de realizar o estudo. Fóronnos moi útiles os volumes publicados previamente nesta mesma colección, dedicados aos concellos de Tordoia, A Pontenova, Carballo, Ames, A Estrada, Trabada, Begonte e Rábade, e Agolada. Por outra parte, este estudo está en especial débeda coas achegas realizadas nas obras de Edelmiro Bascuas, Joseph Maria Piel (só e en colaboración con Dieter Kremer), Juan José Moralejo Álvarez, Gonzalo Navaza, Paulo Martínez Lema e Ana Boullón.

Na procura da documentación histórica sobre os topónimos foi fundamental o índice do *Tombo de Toxos Outos*, así como outras pescudas que realizamos na documentación medieval, a través do CODOLGA (para os documentos elaborados en latín do s. XIII e anteriores) e o TMILG e GMH (para os escritos en galego do s. XIII ao XV). Neste ámbito documental, aparecen topónimos pertencentes ao concello de Muros no mencionado *Tombo de Toxos Outos* (con diferenza, o que maior número de ocorrencias ofrece), así como no *Libro de Feudos* do Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela, o *Libro do Concello de Santiago*, o *Minutario notarial de Pontevedra* e o *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago. As buscas no Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago e mais no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago ofreceron tamén resultados de interese. Consultáronse, ademais, o *Catastro de Ensenada* (xunto coas súas Comprobacións), o Arquivo do Reino de Galicia e o *Diccionario geográfico* de Madoz e os Nomenclátors dispoñibles na *Biblioteca Digital Hispánica* da Biblioteca Nacional.



Na nosa opinión, cando se analiza unha cantidade importante de nomes de lugar é conveniente levar a cabo unha ou varias clasificacións, o que nos fornece unha axeitada perspectiva dos datos. Diferenciando previamente entre toponimia maior e menor, nós imos ofrecer aquí un retrato estatístico dos nomes de lugar do concello de Muros atendendo a dous eixes: a tipoloxía da motivación dos topónimos e a etimoloxía. Advertimos, iso si, que no referente á toponimia menor a recollida de datos é aínda parcial, polo que os datos presentados aquí poden verse modificados cando esta se complete.

En canto á tipoloxía, encaixamos os nomes analizados nas seguintes categorías:

**CT:** configuración do terreo (tipo de solo, rochas, covas, camiños, montes...)

**EV:** abundancia de especies vexetais

**EA:** abundancia de especies animais

**LO:** labores e oficios

**AH:** actuación intencionada do ser humano sobre o seu hábitat (edificios, rúas, pontes, portos, muíños...)

**AU:** presenza da auga (fontes, ríos, regatos, lagoas...)

**PR:** propiedades e posesores

**IN:** topónimos de atribución insegura a calquera das categorías anteriores

Os resultados do traballo de clasificación ofrécense nas porcentaxes aproximadas das seguintes táboas:

### Toponimia maior

<b>Categoría ▶</b>	<b>Nº TOP.</b>	<b>CT</b>	<b>EV</b>	<b>EA</b>	<b>LO</b>	<b>AH</b>	<b>AU</b>	<b>PR</b>	<b>IN</b>
<b>Parroquia ▼</b>									
Abelleira	22	26%	7%	15%	19%	15%	0%	11%	7%
Esteiro	23	44%	9%	0%	0%	4%	13%	4%	26%
Louro	13	23%	8%	0%	0%	23%	8%	15%	23%
Muros	8	12%	0%	0%	12%	63%	0%	0%	13%
Serres	15	40%	0%	0%	7%	20%	20%	0%	13%
Sestaio	5	40%	20%	0%	20%	0%	0%	0%	20%
Tal	10	36%	0%	0%	0%	46%	0%	9%	9%
Torea	9	30%	20%	0%	0%	10%	20%	0%	20%
<b>Totais</b>	<b>105</b>	<b>27%</b>	<b>6%</b>	<b>10%</b>	<b>13%</b>	<b>17%</b>	<b>8%</b>	<b>6%</b>	<b>13%</b>

## Toponimia menor

<b>Categoría ▶</b>									
<b>Parroquia ▼</b>	<b>Nº TOP.</b>	<b>CT</b>	<b>EV</b>	<b>EA</b>	<b>LO</b>	<b>AH</b>	<b>AU</b>	<b>PR</b>	<b>IN</b>
Abelleira	371	42%	5%	1%	22%	10%	12%	1%	7%
Esteiro	278	38%	6%	1%	25%	9%	13%	1%	7%
Louro	406	37%	8%	2%	20%	10%	12%	3%	8%
Muros	94	24%	5%	1%	27%	24%	11%	2%	6%
Serres	457	30%	6%	2%	26%	12%	16%	0%	8%
Sestaio	690	34%	5%	0%	30%	9%	14%	1%	7%
Tal	175	39%	8%	3%	21%	9%	9%	3%	8%
Torea	750	35%	6%	2%	29%	11%	13%	1%	3%
<b>Totais</b>	<b>3221</b>	<b>36%</b>	<b>6%</b>	<b>2%</b>	<b>25%</b>	<b>11%</b>	<b>13%</b>	<b>1%</b>	<b>6%</b>

Se comparamos os datos globais da toponimia maior e a menor, vemos que nos dous ámbitos é maioritaria a categoría da configuración do terreo. Na toponimia maior ocupa o segundo lugar a epígrafe das actuacións humanas sobre o hábitat, mentres descende ao quinto na toponimia menor, onde o segundo posto é ocupado polos nomes de lugar que fan referencia a labores e oficios. Parece, polo tanto, que na formación da macrotoponimia a acción do ser humano foi unha referencia abondo importante.

Por parroquias, unha ollada superficial revela a alta porcentaxe que na de San Pedro de Muros alcanza a columna das actuacións humanas sobre o hábitat, tanto na toponimia maior coma na menor: isto débese, sen dúbida, a que esa freguesía alberga o núcleo poboacional máis urbanizado. Polo demais, Serres posúe o maior número de topónimos relacionados coas augas, e Sestaio é, con diferenza, a que máis nomes de lugar ten alusivos aos labores e oficios (case sempre agrícolas). Precisamente, na parroquia de Sestaio chama a atención o feito de que a configuración do terreo sexa a motivación da metade da toponimia maior e máis dun terzo da menor: é a freguesía menos edificada do concello.

Agora, antes de falarmos da procedencia etimolóxica dos topónimos do concello de Muros, queremos facer algunhas consideracións de carácter xeral sobre as orixes da toponimia galega.

O territorio que chamamos Galicia leva sendo habitado desde tempos moi antigos. No que toca a este concello, como xa comentamos, os varios conxuntos de petróglifos atopados no seu territorio revélanos que foi poboado, como mínimo, desde a Idade do Bronce. Nada sabemos do idioma (ou idiomas) que falaban os grupos responsables desas manifestacións. Eles, igual que outras comunidades do noroeste ibérico, empregaban linguas que se perderon ao impoñérense as doutros

poboadores que chegaron doutros lugares. Entre eses, os primeiros deberon estar constituídos por xentes que usaban unha ou varias falas da familia indoeuropea, e que, sen dúbida, e como sempre pasa nos procesos de superposición lingüística, deberon asumir parte do léxico autóctono.

Quen eran eses indoeuropeos? Sabemos que, arredor do v-iv milenio a. C., unha ou varias comunidades que compartían idioma e cultura comezaron unha serie de migracións desde algún punto da ampla zona esteparia que abrangue o suroeste de Europa e Asia Central. A expansión continuada fixo que as súas falas se fosen impondo ao longo dun extensísimo territorio, cuxos extremos son o subcontinente indio e o continente europeo. Dentro deste último, algúns deses grupos chegaron á Península Ibérica. Do que falaban estas xentes non se conserva ningún resto escrito; con todo, grazas aos traballos de lingüistas como Hans Krahe, é posible rastrexar elementos do seu idioma ou idiomas, maiormente a través dos nomes dos ríos. Desde un punto de vista cronolóxico, esta é a primeira capa da toponimia galega que podemos analizar cun pequeno grao de seguridade, sobre todo partindo do labor de Edelmiro Bascuas, que aplicou as propostas de Krahe aos hidrotopónimos do noso territorio.

Despois destes primeiros indoeuropeos chegaron continxentes da mesma filiación prehistórica, neste caso poboacións célticas. Estas establecéronse, dun xeito máis ou menos espallado, en zonas centrais, centro-occidentais e noroccidentais da Península. Estes grupos son os primeiros dos que temos restos escritos, pero en moi escasa cantidade, o que dificulta a reconstrución da lingua ou linguas que falaban. Con todo, deixaron unha pegada innegable na toponimia, como demostra o moi documentado formante *-briga* ('lugar elevado' ou 'fortaleza'), que nos deu en Galicia abondosos nomes de lugar, como *Barallobre* ou o antigo *Brigantium*.

Nunha seguinte fase, a incorporación definitiva do noroeste peninsular ao Imperio Romano a finais do s. I a. C. trouxo como consecuencia a chegada do idioma latino, tamén indoeuropeo. Toda a poboación acabou por asimilalo, facendo que se esquecesen as falas anteriores, que, con todo, tamén deixaron a súa pegada. Máis tarde, a desaparición do Imperio Romano trouxo a Hispania continxentes de pobos xermánicos, como os suevos, que se asentaron na Gallaecia romana. Non moito despois, o noroeste integrárase na monarquía visigoda, tamén de cultura xermánica. Non é frecuente que as elites conquistadoras renunciaren ao seu idioma, pero suevos e visigodos abandonaron as súas linguas propias para asumir o latín. Malia iso, deixaron tamén a súa herdanza nos nomes de lugar, sobre todo a través de nomes de propietarios de facendas e casais. De feito, os antropónimos xermánicos chegaron a ser moi abondosos en Galicia, sobre todo desde a integración do noroeste da Península na monarquía visigoda, e non cederon ante os nomes de orixe bíblica ata case o s. XI. Isto indica, seguramente, que as épocas anteriores á chegada dos musulmáns eran percibidas como un pasado glorioso, creándose así unha memoria histórica que dotou de prestixio eses nomes persoais. Con todo, a popularidade destes antropónimos fixo que se seguisen usando na Baixa Idade

Media, polo que un nome de lugar pode ter etimoloxía xermánica sen que a súa fundación se remonte á época de dominio dos suevos e os visigodos.

Así, a nosa toponimia, igual que o noso idioma, é o resultado da superposición de todas esas capas lingüísticas que, como acabamos de ver, coñecemos de maneira desigual. Entre elas, a latina é a que se deixa estudar con maior facilidade, e con diferenza. Xa que logo, como norma xeral, ao enfrontármonos a un topónimo debemos considerar como máis probable a súa filiación latina e/ou romance. Nese caso, pode proceder directamente do Mundo Antigo (LUCUS AUGUSTI > Lugo, por exemplo), pero a gran maioría xurdiron xa cando o latín estaba tomando a forma do que despois sería o galego medieval, ou en momentos posteriores da nosa historia.

Existe tamén unha capa árabe, pois este idioma chegou á Península coas invasións musulmás; con todo, a súa influencia na toponimia só é grande nas áreas do sur e o centro, mentres no norte e no noroeste é pouco importante. Por outra banda, sabida é a forza coa que entrou o castelán en Galicia, influíndo no romance vernáculo e tamén na toponimia, sobre todo a través da adaptación, en moitísimos casos forzada, dos nosos nomes de lugar á súa sonoridade e morfoloxía. Por fortuna, na actualidade, no Nomenclátor de Galicia podemos atopar restituída a forma da práctica totalidade dos topónimos galegos, e séguese a traballar nese labor.

Xa que logo, ao investigar a orixe dun nome de lugar, exploraremos en primeiro termo a vía latino-romance. Se esta non dá conta do topónimo, pensaremos nas falas prerromanas indoeuropeas, ora as dos pobos célticos, ora as dos grupos indoeuropeos anteriores. De non poder encaixar o nome de lugar analizado en ningunha destas categorías, pode pensarse nunha procedencia incluso previa, mais con moitísima prudencia: canto máis retrocedemos no tempo, menos seguridade imos atopar, por non dicir ningunha.

Tendo presentes estes conceptos, velaquí a clasificación dos topónimos do concello de Muros por procedencia etimolóxica (lembramos aquí o dito sobre a recollida da toponimia menor cando presentabamos as estatísticas de tipoloxía):

**PRE:** orixe prerromana

**LT-RM:** orixe latino-romance

**XER:** orixe xermánica

**DUB:** orixe dubidosa

## Toponimia maior

Orixe ▶	Nº TOP.	PRE	LT-RM	XER	DUB
Parroquia ▼					
Abelleira	22	8%	75%	4%	13%
Esteiro	23	4%	70%	0%	26%
Louro	13	0%	62%	0%	38%
Muros	8	0%	87%	0%	13%
Serres	15	20%	67%	0%	13%
Sestaio	5	0%	80%	0%	20%
Tal	10	9%	82%	9%	0%
Torea	9	40%	40%	0%	20%
<b>Total</b>	<b>105</b>	<b>10%</b>	<b>70%</b>	<b>2%</b>	<b>18%</b>

## Toponimia menor

Orixe ▶	Nº TOP.	PRE	LT-RM	XER	DUB
Parroquia ▼					
Abelleira	371	1%	94%	0%	5%
Esteiro	278	1%	93%	0%	6%
Louro	406	1%	90%	0%	9%
Muros	94	1%	96%	0%	3%
Serres	457	1%	97%	0%	2%
Sestaio	690	0%	96%	0%	4%
Tal	175	0%	92%	2%	6%
Torea	750	0%	97%	1%	2%
<b>Total</b>	<b>3221</b>	<b>0,6%</b>	<b>94,5%</b>	<b>0,4%</b>	<b>4,5%</b>

Nas dúas táboas anteriores vese que a procedencia latino-romance é moi maioritaria, e esa superioridade resulta abafadora na microtoponimia. Neste último ámbito apreciamos, ademais, que as porcentaxes son bastantes uniformes en todas as parroquias. Polo que toca á toponimia maior, os nomes de lugar de orixe prerromana soben ata o 10 % (as maiores achegas están nas freguesías de Serres e, sobre todo, Torea). Vemos, xa que logo, que eses topónimos de base prerromana foron unha referencia importante para a poboación desde tempos moi antigos.

A toponimia leva xa tempo sendo un campo de estudo moi traballado dentro da lingüística. A través dela podemos coñecer o pasado, na medida en que nos sinala elementos do hábitat significativos para as comunidades humanas en diversos momentos; ademais, dános pistas sobre que linguas se falaban nos diferentes territorios e como se falaban. Polo tanto, os estudos toponímicos facilitánnos descubrir e interpretar varias capas de datos, ao xeito dos estratos arqueolóxicos, co fin de encher de sentido o medio en que vivimos. Isto é certo especialmente no caso de Galicia, que é un territorio de altísima densidade toponímica: unha gran dispersión do poboamento e un estilo de vida ancorado á terra e ao mar motivaron que os nosos devanceiros lles puxesen nome a case todos os elementos do seu arredor, pois eran unha referencia inescusable no seu día a día. A toponimia é, pois, unha mina de coñecemento, e os estudos toponímicos son a lanterna que nos permite percorrer as súas galerías.

Tendo presente o expresado no parágrafo anterior, non queremos rematar esta introdución sen reivindicar a utilidade e a seriedade dos estudos comunmente coñecidos como *de letras*, nunha época na cal os que a eles nos dedicamos temos que aturar decote miradas e alusións condescendentes, cando non abertamente desprezativas. A lingüística é unha ampla disciplina que aplica o método científico con tanto rigor coma calquera outro eido do saber humano. Os lingüistas recollemos datos, comparámoslos, formulamos hipóteses e sometémolas a comprobación, exactamente igual que o fan aqueles que practican as ciencias experimentais. Está claro que o resultado dos nosos esforzos non cura doenzas fisiolóxicas nin mellora (directamente) os recursos tecnolóxicos da poboación. Pero o que si facemos ao analizar as realidades presentes e pasadas dos idiomas é axudar a comprender mellor o ser humano, tanto na súa dimensión individual coma colectiva. E cando as nosas conclusións transcenden o ámbito académico e se convierten en coñecemento xeral, poñen ao alcance de toda persoa a capacidade de recoñecer, valorar e preservar os elementos da cultura que lles é propia, así como os das alleas. O resultado da correcta asunción dos conceptos e ideas que nós manexamos non debe ser outro que o de abrir camiños para constituír comunidades máis conscientes e tolerantes.



# Agradecementos

Quero expresar a miña máis sincera gratitude ás seguintes persoas:

A Henrique Monteagudo, que foi quen me animou a escribir este libro, no cal dou saída a unha paixón que me acompaña desde os meus tempos de estudante de secundaria.

A Vicente Feijoo Ares, que tanto leva traballado por defender a importancia dos estudos toponímicos e difundir os seus achados, e a quen tan boas orientacións debo na elaboración deste volume.

A Santiago Llovo Taboada, cuxo coñecemento e amables indicacións sobre as antigas industrias conserveiras e salgaduras do concello me foi moi útil á hora de contextualizar algúns topónimos.

Ás persoas que traballan na Asociación Galega de Onomástica e a Real Academia Galega, e en especial a Ana Boullón, a Luz Méndez e aos revisores do texto, cuxas pertinentes indicacións melloraron a forma e o contido deste traballo.

A toda a veciñanza do concello de Muros, e en especial ás persoas das diferentes parroquias que me facilitaron información moi pertinente, entre os que quero citar dun xeito particular a Josefa M.<sup>a</sup> Caamaño García ('Pepa Pachuda'), Ignacio Cambeiro Pais ('Naso'), Bernardino Caamaño Tajés, Leonardo Estévez Caamaño ('Nardo'), Jesús María Formoso Lariño, Jesús Freire Rama, Digna Amalia García Freire, Pedro García González ('Pedro do Neto'), Virginia García Lago, Manuela Lago Figueiras ('Manola de Parrandán'), Manuela Lago Fiuza, Rogelia París Lestón, José Manuel Saborido Caamaño ('Fino'), Xosé Sendón Caamaño e Luis Silva Lago ('Luis de Cupido').

# Explicación dalgúns termos

*aglutinación*: s.f. Unión de dous ou máis vocábulos nun mesmo elemento morfolóxico. Exemplo: *Agraboa* (*Agra* + *Boa*).

*amálgama*: s.f. Fusión nun significante de dous ou máis significados representados habitualmente por elementos distintos. Exemplo: *Badernado*, probablemente de *\*Va de Arnado* / *Arnao*.

*antropónimo*: s.m. Nome de persoa. Exemplo: *Marcelo*.

*antropotopónimo*: s. m. Nome de lugar baseado nun nome de persoa. Exemplo: *Marselle*.

*asimilación*: s.f. Modificación dun son para asemellalo a outro da mesma palabra. Exemplo: *Careo* > *\*Quereo*.

*deglutinación*: s.f. Separación ou perda dun elemento inicial dunha palabra por interpretarse como un artigo ou elemento de composición. Exemplo: *\*Omao* > *O Mao*.

*epéntese*: s.f. Adición dun son no interior dunha palabra. Exemplo: *cao* > *caio*.

*étimo*: s. m. Termo considerado como a orixe doutro; cando se propón como étimo unha palabra hipotética, que non está documentada pero que se deduce pola evolución xeral da lingua, indícase cun asterisco (\*). Exemplo: CASTELLU > *Castelo*.

*etimoloxía*: s.f. Disciplina lingüística que estuda as orixes e evolucións, tanto de forma coma de significado, das palabras. Tamén se usa como sinónimo de étimo. Exemplo: a etimoloxía de *Cruz* é CRŪCE.

*fitotopónimo*: s. m. Nome de lugar que garda relación coa vexetación. Exemplo: *Figueiroa*.

*haxiotopónimo*: s. m. Topónimo referido a termos do léxico relixioso (edificios de carácter relixioso, cargos eclesiásticos) ou nomes propios (santos, titulares de igrexa). Exemplo: *Seixán*.

*hidrotopónimo*: s. m. Nome dunha corrente de auga. Exemplo: *Serres*.

*gótico*: s.m. Lingua da rama xermánica oriental que falaron os godos. Exemplo: o topónimo *Estremar* parece proceder dun antropónimo gótico reconstruído como *\*Astramarus*.

*metátese*: s.f. Alteración da posición dun son dentro da palabra. Exemplo: *Carleo* > *Calreo*.

*microtoponimia*: s.f. Conxunto dos nomes que designan fenómenos xeográficos ou lugares non habitados e o seu estudo; coñécese tamén como toponimia menor, en oposición á toponimia maior, ou macrotoponimia que é o estudo dos nomes das entidades de poboación. Exemplo: *Chalón*.

*poseosor*: s.m. Propietario ou proprietaria de algo; os topónimos coñecidos como ‘nomes de poseosores’ fan referencia ou conteñen o nome persoal, normalmente de orixe latina ou xermánica, do antigo propietario ou proprietaria das terras. Exemplo: o topónimo *Reimundes* fai pensar nun antigo poseosor xermánico chamado *Ragimundus*.

*síncope*: s.f. Desaparición dun son vocálico no interior dunha palabra. Exemplo: *\*Quereo* > *Creo*.

*sintagma toponímico*: Nome de lugar que está formado por unha unidade maior que a palabra, normalmente frases ou grupos de palabras. Exemplo: *O Agro da Area*.

*únicum*: s.m. Único; esta forma latina emprégase na toponimia para designar nomes de lugar dos cales só existe un exemplo, isto é, non se repiten en todo o territorio. Exemplo: *Creo*.

*zootopónimo*: s.m. Nome de lugar que garda relación coa fauna. Exemplo: *Abelleira*.

# *Parroquias e lugares do concello de Muros*

Na seguinte relación de topónimos inclúense, distribuídas por parroquias, as entidades de poboación do concello tal e como se recollen no *Nomenclátor de Galicia* (NG). En cursiva indícanse aqueles nomes que non figuran, están por erro ou que constan de forma diferente á pronuncia local, isto é, que non coinciden coas actuais formas oficiais aprobadas pola Xunta de Galicia e que xa se propuxeron para ser corrixidos en posteriores edicións. Por exemplo, *Lestelle* aparece no actual NG como lugar das parroquias de Esteiro (Muros) e O Freixo de Sabardes (Outes), mais, en realidade, só pertence a esta última; polo tanto, non se comenta neste libro. Ademais, e baixo a epígrafe *Outros elementos xeográficos*, aparecen sete microtopónimos que consideramos de interese para este estudo, principalmente pola súa etimoloxía, pero tamén, en varios casos, pola súa relevancia xeográfica.

## **Abelleira (Santo Estevo)**

Abelleira de Arriba  
Agra Boa, A  
Agra do Fondo, A  
Agro da Area, O  
*Alto do Caño, O*  
Bornalle  
Carballeira, A  
Cova de Xerpe, A  
Cruceiro, O  
Lestón de Abaixo  
Mondelo  
Mureira, A  
Pazo, O  
Ponte da Braña, A  
Pontenova, A  
Priegue  
Rateira, A  
Robaleira, A

## *Sorribos*

Ventín  
Vilar, O  
Viña, A

## **Esteiro (Santa Mariña)**

Areal, O  
Creo  
Fontenla  
Formilla, A  
Fornelos  
Insuela, A  
Laxe, A  
Maio, O  
Marselle  
Pendente, A  
Portiño, O  
Reboredo  
Ribeira de Creo, A  
Ribeira do Maio, A

Ribeira do Uía, A  
Riomaior  
Silvosa, A  
Solleiros  
Somorto  
Tras da Costa  
Trión  
Uía, O  
Xantoque

### **Louro (Santiago)**

Ancoradoiro, O  
Espadanal, O  
Fogareiro, O  
Louro  
Monte Louro  
Rial, O  
San Francisco  
Seisidre  
Sistamares  
Taxes  
Ventín  
Vieta  
Vouga, A

### **Muros (San Pedro)**

Alivía, A  
Campo de Cortes  
Espírito Santo, O  
Miraflores  
Muíño do Vento, O  
Muros  
San Roque  
Virxe do Camiño, A

### **Serres (San Xoán)**

Acea, A  
Anido  
Badernado  
*Baño*  
*Boavista*  
*Burleo, O*  
Castelo, O  
Portugalete  
Pozo do Cachón, O  
Retorta, A  
Rocha, A  
Serres

Serres de Arriba  
Valdixería  
*Vesada, A*

### **Sestaio (San Miguel)**

Arriba  
Eiroa, A  
*Lugar do Fondo, O*  
*Rebordelo*  
Sestaio

### **Tal (Santiago)**

Area Longa  
Cabanas  
Cambadas, As  
Chabola, A  
*Pared Nova, A*  
Parediña, A  
Reimundes  
Santa Cataliña  
Tal de Abaixo  
Tal de Arriba

### **Torea (San Xián)**

Amira, A  
Cornes  
Figueiroa  
Lestón de Arriba  
Pando  
Riomao  
*Seixán*  
Torea  
Vistavós

### **Outros elementos xeográficos**

Chalón, O (río e lavadoiro)  
Creba, A (illa)  
Cruz de Pelos (monte)  
Gurugú, O (monte)  
Ingüeiro, O (corrente de auga temporal)  
Sandomil (terreo)  
Voltireira, A (accidente montañoso)

# *Estudo dos topónimos*

## **Abelleira (Santo Estevo)**

Parroquia de Muros

## **Abelleira de Arriba**

Lugar da parroquia de Abelleira

*Abelleira* procede de \*APĪCŪLĀRIĀ, derivado do latín *apicula*, que é un diminutivo de *apis* ‘abella’. Temos aquí, xa que logo, un zootopónimo: a abundancia deses insectos na zona motivou a súa denominación.

A primeira atestación que atopamos de *Abelleira* témola en dúas pasaxes do testamento dun presbítero recollido nun documento de 1201 do *Tombo de Toxos Outos*, en que figura como *Abelaria* e *Abeleyra*. Un documento de 1504 do Arquivo do Reino de Galicia indícanos, por outra banda, que tres séculos despois houbo un *Martin Garçía de Avelleira* que foi rexedor e veciño da vila de Muros. A parroquia é tamén citada con frecuencia no *Catastro de Ensenada*, case sempre como *San Estevan de Avelleira*. Se avanzamos no tempo, xa no s. XIX, o *Diccionario geográfico* de Madoz menciona a calidade das súas terras de cultivo e a abundancia de fontes e correntes de auga. Pola súa parte, o Nomenclátor español de 1860 indica que a parroquia está constituída por tres aldeas e catro muíños fariñeiros, mentres que no de 1880 se rexistran oito aldeas.

Á parte do exposto no parágrafo anterior, cómpre indicar que a documentación de Toxos Outos fai referencia á freguesía de Abelleira baixo outros topónimos: *Boval* e *Arino*. Isto quere dicir que a denominación actual non se impuxo, polo menos, ata ben entrada a Idade Media, se temos que xulgar polas datas dos documentos. Vaíamos, pois con *Boval* e *Arino*. En 1152, *Arias Fernandiz* doou *in villa Bornalia* unha herdade, xunto ao río *Boval*, na parroquia de *Sancti Stephani de Boval*. Case un século máis tarde, en 1247, *Maria Petri* e as súas fillas tamén lle venderon ao cenobio unha propiedade no lugar chamado *Bornalio*, por onde discorre o río *Boval*, en *Santi Stephani de Arino*.



Os *Bornalia* e *Bornalio* citados nos anteditos documentos son, sen dúbida, o actual *Bornalle*, lugar desta parroquia de Abelleira. A identificación vese reforzada pola mención da advocación da freguesía: Santo Estevo (*Sancti Stephani*). Xa que logo, *Sancti Stephani de Boval* e *Sancti Stephani de Arino* son o actual Santo Estevo de Abelleira. E, sendo así, hai que dar conta da posible etimoloxía de *Boval* e *Arino*, formas toponímicas que non chegaron ata hoxe, polo menos nesa área.

Para comezar, coidamos que o *fluvio Boval* e o *ribulo Boval* da documentación medieval dan conta dun nome antigo do actual río da *Rateira*, como exporemos na correspondente entrada. Se a acentuación dese *Boval* fose grave (*Bóval*), tería unha forma semellante á que hoxe deu lugar ao nome do río *Búbal*, un afluente ourensán do Támeiga, testemuñado na Idade Media como *Bubale*.

A partir desta idea, á hora de buscarlle unha raíz, pensamos que *Boval* podería estar baseado nos lexemas *\*b(e)u-* ('inchar') ou *\*bheu-* ('crecer'). O primeiro é o responsable de vocábulos como o antigo xermánico *bubbeln* ('facer burbullas'), o actual inglés *bubble* ou o latín *bullā*, devanceiro da nosa *burbulla/gurgulla*. Desde este punto de vista, un río *Boval* deberíalle o nome á axitación das súas augas. Con todo, Moralejo Álvarez pensa que ese *Boval* pode proceder da raíz *\*g<sup>w</sup>ou-*, igualmente indoeuropea, antepasada do latín *bos*, que nos deu o noso 'boi'. Nese caso, a zona dedicada a pastos próxima a un río recibiría o nome de *Boval*, apelación que acabaría por estenderse á corrente de auga. Así, *Boval* e a forma actual *Búbal* estarían emparentados co primeiro elemento do topónimo *Vistavós*, do que falaremos no seu momento.

Tocante a *Arino*, se chegase aos nosos días quizais fose un *Ariño*, do que temos exemplos (case sempre con artigo: *O Ariño*) na toponimia galega, maior e menor; e tamén hai un *Ariño* na provincia aragonesa de Teruel. A vía máis sinxela é relacionar estes nomes de lugar co substantivo común *ariño*, recollido en varios dicionarios co sentido de 'areal que queda descuberto no medio dun río' ou 'banco de area que aparece e desaparece coa marea'. Nese caso, a orixe debe estar nun derivado do latín *HĀRĒNA*, a nosa actual 'area'. A motivación sería doada de establecer para o noso caso, dada a presenza de zonas areosas na parroquia, sobre todo na desembocadura do río da *Rateira*. En opinión de Bascuas, porén, non se pode descartar que *Ariño* proceda da raíz hidrotponímica indoeuropea *\*er-/\*ar-*, portadora do significado de 'moverse': a base semella aparecer en moitos nomes de ríos, como os galegos *Arnoia*, *Arnela* e *Arnego*, o francés *Arneuse* ou o italiano *Arno*. Así, esa noción de movemento, pensando nunha corrente fluvial, aludiría ao fluxo das augas.

Volvendo a *Abelleira*, esta forma, soa ou como parte dun sintagma toponímico, aparece 41 veces no NG, como nome de localidades das catro provincias. O *Catastro de Ensenada* cita un *Ignacio de Avelleira*, mordomo pedáneo da freguesía de Santo Ourente de Entíns (Outes). Parece, polo tanto, que este topónimo muradán puido dar lugar a apelidos, malia que a *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG) non o documenta neste concello. A maior concentración de persoas que o levan dáse nos concellos de Outes e Corcubión (A Coruña) e Castro de Rei (Lugo). É

posible, xa que logo, que a presenza do apelido *Abelleira* en Outes se deba á chegada de persoas procedentes desta parroquia, sobre todo tendo en conta que *Abelleira* non aparece rexistrada, ata agora, nin sequera na toponimia menor do municipio outense.

## Acea, A

### Lugar da parroquia de Serres

A orixe deste nome de lugar é a palabra do árabe hispánico *assánya* ‘nora’, ‘muíño fariñeiro, en especial se está situado no leito dun río’. Este significado vén recollido no *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG) para ‘aceá’ como nome común, polo que non resulta nada misterioso. Lémbrese, iso si, que a diferenza entre unha acea e outro tipo de muíños é que nela, a roda movida pola auga xira en sentido vertical, segundo recollen varios dicionarios, como o de Carré Alvarellos e o de Eladio Rodríguez.

Como xa comentamos na introdución, a presenza árabe no noroeste hispánico foi de curta duración e deixou pouca pegada na actual toponimia galega. Con todo, a lingua dos musulmáns transmitiulles un bo feixe de palabras aos romances da Península (*aceá, alfombra, azucre, azar...*). Estes substantivos, unha vez introducidos na lingua común, serviron, nalgúns casos, para designar lugares.

A *Acea* de Serres debe ser un topónimo bastante recente: non aparece no *Diccionario* de Madoz nin nos nomenclátoreos estatais de 1860 e 1880. De feito, párecenos probable que a acea á que se alude sexa o muíño de mareas do Pozo do Cachón. Esta edificación, chamada tamén *Muíño de Bazarra* polo nome do seu promotor, erixiuse a principios do s. XIX e, co tempo, parte do edificio chegou a albergar unha industria de salgadura. A favor desta vinculación xoga o feito de que o barrio chamado *A Acea* non é de construción moi antiga: as casas son, na súa maioría, posteriores ao cambio de século do XIX ao XX. Por esa época construíuse

Muíño do Cachón |



o tramo da actual AC-550 que vai pola beiramar, en contraste co coñecido como Camiño Real, que ten un trazado máis interior.

Este nome de lugar non é de todo infrecuente en Galicia: no NG aparece recollido dezasete veces, en varios concellos da Coruña, Lugo e Ourense. Como apelido, *Acea* dáse moi pouco, e as súas 115 ocorrencias, segundo a CAG, localízanse na área nordeste da provincia da Coruña, co concello de Cerdido á cabeza das porcentaxes; non está presente en Muros.

## Agra Boa, A

Lugar da parroquia de Abelleira

Ata o s. XVIII non atopamos testemuños deste topónimo, que aflora nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, onde o atopamos grafado de dúas formas diferentes: *Agraboa* (maioritaria) e *Agra Boa*. A segunda das posibilidades é a máis doada, pois ofrécenos dous elementos de significado moi claro. Por unha banda, temos *Agra*, formación feminina a partir do substantivo ‘agro’, evolución do latín *ĀGRU*, que significaba ‘terreo de labor’. A diferenza entre o masculino e o feminino é unha cuestión de tamaño: unha agra é máis grande ca un agro, como unha cesta adoita ser maior ca un cesto. Pola outra, temos *Boa*, que vén do latín *BŌNA*. Así, a motivación deste nome de lugar deberíase á calidade dos seus terreos, que destacaban sobre os campos da contorna inmediata. Polo tanto, a grafía *Agraboa* amosa a aglutinación do substantivo e o adxectivo.

O sintagma *Agra Boa* non é frecuente no noso territorio, pois ata hoxe o portal *Galicia Nomeada* só recolle dúas ocorrencias, á parte desta de Abelleira, ambas na toponimia menor: unha en Santo Estevo de Pantiñobre (Arzúa, A Coruña) e a outra en San Mamede de Rois (A Coruña). As formas masculinas (*Agro Bo* e *Agrobó*), son algo máis comúns.

*Agra*, só ou en combinación con outras palabras, é un nome de lugar moi presente no NG, que o reconece nas catro provincias. Pola súa parte, a CAG documéntao como apelido en 53 concellos, co maior número de casos nos coruñeses de Santiso, Negreira e Arzúa.

## Agra do Fondo, A

Lugar da parroquia de Abelleira

Este nome de lugar fai referencia a uns terreos que se atopan nunha depresión orográfica. Vén recollido con frecuencia nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* entre as *vegas* da parroquia, zonas en que adoitan aparecer encadradas as propiedades nese documento.

Para a etimoloxía de *Agra* cómpre ver a entrada anterior; de *Fondo* falamos máis adiante (véxase a entrada *Lugar do Fondo, O*).

## Agro da Area, O

Lugar da parroquia de Abelleira

Está claro que este sintagma toponímico designa unha área coñecida pola constitución areosa do terreo.

Da etimoloxía de *Agro* falamos na entrada dedicada á *Agra Boa*. Polo que toca a *Area*, procede directamente do latín *HĀRĒNA*, de idéntico significado ao actual. Cómpre indicar, ademais, que ‘area’ é sinónimo de ‘areal’, ‘praia’, e este parece ser o sentido que ten aquí, pois o lugar está moi preto dun areal.

Como é de esperar nun país tan dedicado de sempre aos labores agrícolas, *Agro* aparece con moita frecuencia na microtoponimia e, se falamos dos nomes de entidades de poboación, o NG reconéceo —na meirande parte dos casos como elemento dun sintagma— 51 veces, en todas as provincias. En canto a *Area*, aparece no Nomenclátor 49 veces só, en singular ou plural, e tamén como formante dun composto (tipo *Arealonga*) ou dun sintagma. Cómpre indicar, con todo, que no *Catastro de Ensenada* figuran unhas terras chamadas *Agro da Area* na parroquia de Tal. Podería pensarse que no pasado a denominación se aplicaba a unha zona bastante ampla, que cubrixe áreas das freguesías de Tal e Abelleira, pois son parroquias lindeiras. Porén, non nos parece que sexa o caso, pois as Comprobacións de Ensenada sitúan o *Agro da Area* de Tal na *Vega de Pedramoa*; e esa *Pedramoa* é o actual topónimo menor *Peramoa*, moi próximo aos límites da parroquia de Tal coa de Esteiro, e non coa de Abelleira, polo que atopamos *O Agro da Area* moi lonxe da zona de Tal mencionada.

Tocante aos apelidos, *Agro* non está rexistrado, pero si *Area*, que presenta a maioría das súas ocorrencias no concello pontevedrés de Marín.

## Alivía, A

Lugar da parroquia de Muros

É arduo trazar a orixe deste nome de lugar, único en Galicia. Para comezar, podería darse o caso, tan común na toponimia, da fusión do artigo co substantivo seguinte. Pero a realización oral dos falantes e, sobre todo, a falta de paralelismos (non hai topónimos *\*Levía/\*Lebía* ou *\*Livía/\*Libía*), fan que debamos considerar o *a* inicial de *Alivía* como etimolóxico. Ademais, para ese *Al-* si que temos referencias ás que acudir, como veremos axiña.

Pero imos comezar polo final. O remate en *-ía* lévanos a pensar en nomes de ríos en que aparece: *Navia*, *Avia* ou *Limia* son algúns exemplos. É verdade que en *A Alivía* temos o acento desprazado respecto aos exemplos citados, pero iso acontece tamén en *Naraio/Naraío* (o primeiro na parroquia de Louro, neste mesmo municipio, mentres que do segundo temos varios exemplos, como o da parroquia de Marmancón, no concello de Ferrol).

Cabe entón a posibilidade de seguir a pista da hidrotponimia, tan estensamente traballada por Bascuas, quen analiza este nome de lugar. Se miramos a parte

inicial de *Alivía*, vemos a secuencia *al-*, posible concreción da raíz indoeuropea prerromana *\*el-/ \*ol-*, que significa ‘fluir’, moi rendible en nomes de ríos, fontes e mananciais, con vocalización /a/: *Aller* (Asturias), *Alón* (Santa Comba), *Alagón* (afluente do Texo) etc. Partindo desta base, para *A Alivía* o propio Bascuas reconstrúe un étimo *\*Allivia* ou *\*Allevia*. En todo caso, cómpre indicar que o artigo feminino que hoxe leva debeu ser unha creación posterior dos falantes, ao percibir *Alivía* como un substantivo dese xénero.

En canto ás atestacións, Martínez Lema identifica con *A Alivía* o topónimo *Peda Mala* que aparece nun documento de Toxos Outos de 1156. Entendemos que a hipótese non se basea no parentesco etimolóxico, senón talvez na mención, no mesmo texto, dun lugar moi próximo á *Alivía*, como é o *Ventín* de Louro (“per terminos de *Vaintim* et de *Peda Mala*”, di o documento). Con todo, cremos que o máis prudente é considerar ese *Peda Mala* como un nome de lugar desaparecido, e non dar por certo que é outro nome para o actual *A Alivía*, que aparece recollido nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* de 1761 como *Alivia*.

Non hai referencia de ningún tipo a este topónimo en Madoz, pero si nos nomenclátors estatais de 1860 e 1880 (nos dous casos sen artigo). No primeiro deles consta que inclúe 80 construcións, mentres en 1880 a poboación ascendía a 54 habitantes.

## Alto do Caño, O

Lugar da parroquia de Abelleira

Este topónimo figura no NG como *O Caño*, pero vaise modificar en posteriores edicións pola forma *O Alto do Caño*, que é a que utilizan os veciños do concello.

A primeira parte do topónimo non ofrece dificultade ningunha, pois non é máis que a evolución do adxectivo latino *ALTU*, que non variou de significado. Polo que se refire a *Caño*, o máis probable é que se trate dun castellanismo, como vemos nos microtopónimos *Fonte do Caño* que se poden atopar en Galicia. Como é sabido, en castelán o substantivo *caño* úsase para designar un tubo de metal duro destinado a conducir líquidos (que en galego chamamos *cano* ou *picho*).

É menos probable que este *Caño* sexa unha alteración de *Coaño*, que se rexistra na microtoponimia: temos unhas terras de cultivo chamadas *O Coaño* na parroquia de Fragas, en Campo Lameiro (Pontevedra); e, pola súa parte, Navaza recolle dous *O Coaño* nos concellos ourensáns de Rairiz de Veiga e Vilar de Santos, onde tamén rexistra un lugar chamado *Os Coaños*.

O substantivo *coaño* vén recollido no DRAG como ‘palla miúda mesturada con po e espigas baleiras, que queda entre o gran cando se malla’. Noutros dicionarios dáselle o sentido de ‘residuos que quedan do gran ao mollar’. De novo segundo Navaza, a súa etimoloxía podería ser algún derivado do verbo latino *CŌLĀRE* (‘coar’), o que lle acae ben ao sentido de ‘selección’ alusivo ao traballo agrícola mencionado. Neste caso, a motivación do topónimo a partir do significado actual

de ‘coaño’ non é doada de establecer: talvez se refira ao lugar en que se realizaba o labor da malla e onde quedaba o residuo.

Pola súa parte, o dicionario Estraviz propón un latín tardío \*CODANEU, que debería, en principio (e como indica Piel) relacionarse con *cauda*, ‘cola’. Mais neste último caso o vínculo entre os significados antigo e actual é igualmente difícil de establecer, pois habería que pensar nun sentido figurado do tipo ‘o que queda ao final (á cola, ao remate) tras o labor da malla’.

## Amira, A

### Lugar da parroquia de Torea

Para Bascuas, trátase dun hidrotopónimo procedente da primeira indoeuropeización do noso continente e emparentado con outros moitos, como *Amer* ou *Ammer* (nome de varios ríos nos Países Baixos), *Amara* (en Letonia) ou *Ems* (no noroeste de Alemaña, testemuñado nas fontes clásicas como *Amisia*). En Galicia, parecen ser da mesma familia os topónimos *Amio*, *A Maía* (medieval *Amaea*, *Amaya*, *Amaee* etc.), *Amoa*, *Amoeiro*, *Amoexa* e outros. Todos eles estarían baseados nun lexema reconstruído por Krahe como \**am-*, co significado de ‘canle’, ‘leito dun río’. Seguindo esta hipótese, debeu ser o río do lugar, coñecido como *Río da Amira*, o que deu nome ao núcleo poboacional.

De todos os xeitos, a propia forma do topónimo aconsella valorar a posibilidade dun parentesco cos abondosos ríos *Mira* que aparecen espallados pola Península Ibérica: temos exemplos, sen ir máis lonxe, no concello de Zas, mais tamén na provincia castelá-manchega de Cuenca ou na portuguesa do Baixo Alentexo. Para estes hidrotopónimos, Rosa Pedrero propón unha orixe na raíz indoeuropea prerromana \**mei-*, á que se lle atribúe o significado de ‘amable’, ‘suave’, facilmente aplicable a unha corrente de auga. Se este fose o caso, o artigo *A* que vemos no actual topónimo sería unha creación dos falantes, consecuencia da percepción do nome como feminino; logo produciríase a aglutinación do artigo co substantivo, e por iso acabaría sentíndose a necesidade de engadir un novo determinante.

Ante casos así, os arquivos medievais poden resultar útiles. En efecto, varios documentos do *Tombo de Toxos Outos* recollen o nome deste lugar coas formas *Aamir* (1153, 1154 e 1160) e *villa Aamir* (1152, 1153, 1154 e 1157). Estas atestacións avogan por abandonar a vía de Bascuas e mais a de Pedrero, e por pensar nos moitos nomes de lugar rematados en *-mir/-mil* que temos espallados polo territorio galego: *Aldemir*, *Brandomil*, *Baldomir*, *Freixomil*, *Samir*... Todos eles son herdeiros de antigos nomes xermánicos flexionados no caso xenitivo latino, para indicar propiedades desa persoa: nun dos exemplos antes citados, *Aldemir* procede dunha construción tipo (VILLA) ILDEMIRI (‘casal de Ildemiro’). Polo tanto, consideramos moi probable que ese *Aamir/Amir* medieval proceda dun (VILLA) ALAMIRI, ‘casal de Alamiro’, nome no que se unen as bases *alls-* (‘todo’) e \**mer-/mir-* (‘famoso’). O paso a *Aamir* explícase pola caída da consoante // intervocálica, propia do galego medieval.



O lugar aparece en documentos de época posterior aos de Toxos Outos: existe unha atestación dunha propiedade situada *enna Amira* (1435), e outra dun *lugar e casal de Mira* (1520). Polo tanto, e supoñendo que os *Aamir* e *Amira/Mira* da documentación antiga son o mesmo lugar, atopámonos ante varias posibilidades, que expoñemos a seguir.

Se partimos da orixe en ALAMIRI, parece que o antropónimo xermánico sufriu axiña a deglutinación do *a* inicial como falso artigo (*Aamir/Amir* > *\*A Mir*). Para chegar a *Amira/Mira* habería que supoñer a posterior aparición dun morfema feminino */a/* antietimolóxico, co fin de cadrar o xénero do elemento percibido como substantivo. Para rematar, a forma *Amira* debeu ser despois determinada cun segundo artigo, que acabou de configurar o topónimo, tal como o temos no NG actual. Na nosa opinión, esta é a hipótese máis defendible.

Porén, se pensamos na forma *Mira* como orixinaria, deberíamos relacionar o topónimo con algunha das raíces prerromanas comentadas anteriormente. En tal caso, os *Aamir* que amosan os documentos de Toxos Outos serían unha refección etimolóxica por parte dos escribáns, que puideron interpretar o topónimo como rematado en *-ir*, quizais por semellanza con outros, baseados en nomes de persoa xermánicos, coma os que mencionabamos máis arriba.

Finalmente, tamén cabería a posibilidade de que os *Aamir* do s. XII e os *Amira/Mira* dos s. XV-XVI fosen denominacións de nomes de lugar distintos, con cadansúa orixe etimolóxica. Con todo, esta parécenos a hipótese menos probable.

Aínda podemos dicir algo máis sobre a historia deste nome de lugar, pois outro documento de Toxos Outos, do ano 1153, parece nomear o actual río Amira como *Castrelon*, xa que sitúa *Aamir* entre os ríos de *Castrelon* e *Bustavoos*. Fundamos esta hipótese en que máis arriba da entidade de poboación da Amira, no río do mesmo nome, atopamos o microtopónimo *O Castrallón* (xunto coa *Ponte do Castrallón*), que aparece recollido nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* da parroquia de Torea (para a etimoloxía de *Castrallón/Castrelon*, véxase a entrada *Castelo, O*).

En resumo, trátase dun nome de lugar de orixe e interpretación enguedellada, como se puido ver ata aquí. Volvendo á forma que temos hoxe, as Respostas Xerais do *Catastro de Ensenada* citan este topónimo como *Amira*, pero os documentos das súas Comprobacións recólleno como *Vega da Mira*. A forma sen o artigo aglutinado é tamén a que amosan Madoz e os nomenclatores do s. XIX. Estes últimos definen o lugar como unha aldea que en 1860 contaba con 32 edificios, e en 1880 tiña 51 habitantes.

A CAG non recolle ningún apelido *Amira*, pero si *Mira*, evidentemente relacionado cos hidrotopónimos antes mencionados: dáse sobre todo na zona occidental da provincia da Coruña, con especial concentración nos concellos de Laxe, Coristanco e Zas.

# Ancoradoiro, O

Lugar da parroquia de Louro

É doado comprender o significado deste nome de lugar, que é único no NG (malia haber un *Ancoradouro* na toponimia menor do concello de Bueu). Como é ben coñecido, un ancoradoiro ou fondeadoiro é un sitio, polo común resgardado, para protexer os barcos, e este lugar loureán cumpre esa condición. De feito, sábese que o lugar foi coñecido en tempos máis antigos como *O Porto*.

En canto á etimoloxía, o substantivo *ancoradoiro* é unha creación romance que se remonta en último termo ao latín ANCŌRA, á súa vez préstamo do grego ánkira. Nos dous idiomas clásicos a palabra significaba o mesmo que agora.

*O Ancoradoiro* aparece como terreo nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* de 1761, pero non asoma en Madoz nin nos nomenclátors do s. XIX. A habitación do lugar é relativamente recente, e no proceso foi importante a instalación de dúas industrias de salgadura. A primeira foi coñecida como a Fábrica do Ripeiro, e data, como mínimo, de 1815. O seu promotor e primeiro propietario foi un individuo chamado Antonio Louro, quen sen dúbida era coñecido polo mencionado alcume. En 1836 comprouna José Portals Costa, industrial de Esteiro, e quedou na súa familia ata os nosos días, en que o edificio está dedicado á hostalería. Da segunda salga sabemos que se debeu construír arredor de 1817, e que neses anos pertenceu ao muradán Domingo Duque, razón pola que era chamada Fábrica de Duque. Tras pasar por varias mans, acabou nas dos descendentes de José Portals, que a mantiveron en funcionamento ata ben entrado o s. XX. Hoxe ten un uso mixto: cetaria e hostalería.

# Anido

Lugar da parroquia de Serres

No final deste topónimo vemos con facilidade o resultado romance da evolución do sufixo latino -ĪTU. Para a orixe da raíz, poderíamos partir dun hipotético \*AMENĪTU con síncope do /e/ átono interior, o que deixaría en contacto dúas consoantes nasais, simplificadas en /n/ (\*AMENĪTU > \*Amenido > \*Amnido > Anido). Trataríase do mesmo fenómeno que vemos nos topónimos *Aneiro* e *Aneiros* (< \*Ameneiros). Todos estes nomes de lugar, así como *Amedo* (de \*AMENĒTU, neste caso sen síncope, e coa preceptiva perda, nese caso, da nasal interior), fálannos da presenza destacada nas súas zonas, nalgún momento, da árbore betulácea que chamamos *amieiro* ou *ameneiro* (*Alnus glutinosa*).

*O Catastro de Ensenada* cita un *Alejo de Anido*, veciño deste lugar. Madoz non recolle *Anido*, nin de xeito independente nin dentro da entrada *Muros*, mais si o fai o Nomenclátor estatal de 1880, que lle atribúe seis construcións e dezaseis habitantes.

Neste lugar da parroquia de Serres chegaron a funcionar dous almacéns de salgadura, que se mantiveron activos ata case mediados do s. XX. Ambos estiveron

vencellados aos Romaní, unha das varias familias catalás que se instalaron no territorio do concello, primeiro na parroquia de Esteiro e logo en máis freguesías. Unha das salgaduras, mercada en 1852 por Félix Romaní Cruz, foi máis adiante transformada en conserveira, e durante a guerra civil chegou a servir como campo de concentración de presos republicanos. O propietario da outra instalación, Félix Romaní Mariño (neto de Félix Romaní Cruz), comezou tamén a construción dunha industria conserveira nun terreo moi próximo a Anido; pero, ao morrer o promotor nun accidente de motocicleta, en 1922, o edificio quedou sen rematar, e hoxe é coñecido como Os Tres Picos, pola silueta que ofrecen as súas paredes exteriores. Cómpre indicar que nas fes de propiedade do predio en que se ía construír esa fábrica se menciona unha praia de *Ariño*: isto fainos lembrar o *Arino* da documentación medieval que citamos nas entradas dedicadas a *Abelleira* e *Abelleira de Arriba* (véxanse). Con todo, non nos parece que este microtopónimo, hoxe desaparecido, sexa o continuador do *Arino* medieval, pois este *Ariño* está na parroquia de Serres, e non na de Abelleira.

Na toponimia maior galega *Anido* aparece en varios concellos da provincia da Coruña e do centro-norte da de Lugo. Como apelido, a CAG documenta a maioría das ocorrencias precisamente nesas zonas: nos municipios coruñeses de Paderne e Miño e no lucense de Cospeito.

## Area Longa

### Lugar da parroquia de Tal

O lugar toma o seu nome dun areal que está separado da praia de Cabanas, máis pequena, por unha formación rochosa. Isto xustifica, por contraste, a denominación, na cal atopamos dúas palabras de transparente base latina. De *Area* (que é sinónimo de ‘praia’, por certo), xa falamos na entrada *Agro da Area, O* (véxase), e *Longa* non ten maior misterio: procede, sen variación, do latín *LONGA*, de igual significado no idioma dos romanos.

O topónimo non aparece no *Catastro de Ensenada* nin nas súas Comprobacións. Tampouco Madoz nin os nomenclátors do s. XIX mencionan este lugar, o que se explica porque os edificios que forman o núcleo se construíron en tempos recentes co obxecto de que os seus moradores gozasen da proximidade da praia. Isto pode verificarse mediante a observación das fotografías aéreas do coñecido como Voo Americano, un proxecto cartográfico de fotografía aérea de España realizado entre marzo de 1956 e setembro de 1957 por un convenio entre o goberno franquista e o estadounidense. En virtude deste acordo, o Army Map Service fotografou desde o aire a maior parte do territorio español a unha escala 1:33 000 e a unha altitude de 5 000 metros. Nas fotografías deste areal obtidas desde o aire vese que a zona inmediata non contén edificacións.

Na toponimia maior galega só hai outra *Area Longa*, no concello lugués do Vicedo, aínda que existe unha *Arealonga*, cos dous elementos fusionados, no concello de Marín (Pontevedra), ademais da parroquia de *Santa Baia de Arealonga*

(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra). A microtoponimia ofrece varias praias do mesmo nome, entre elas unha no concello de Cedeira e outra no do Porto do Son. Finalmente, a CAG recolle o apelido *Longa*, para o que indica 164 ocorrencias, case sempre en concellos da beiramar.

## Areal, O

### Lugar da parroquia de Esteiro

O substantivo *areal* é unha creación a partir de *area*, de cuxa etimoloxía xa falamos (véxase a entrada *Agro da Area, O*).

O núcleo de poboación que leva este nome na parroquia de Esteiro é de constitución relativamente próxima no tempo (non aparece no *Catastro de Ensenada*, nin tampouco en Madoz nin nos nomenclátors do s. XIX). Se observamos as fotografías do Voo Americano, podemos comprobar como, en efecto, a zona do *Areal* estaba naqueles anos case desprovista de construcións. É claro, ademais, que o topónimo se xustifica pola configuración areosa do terreo, situado moi preto da desembocadura do río Maior e do bordo da enseada do Artón.

Segundo o NG, hai quince lugares da toponimia maior que se chaman igual que este, repartidos polas catro provincias. En canto ao seu rendemento como apelido, está presente no norte da provincia da Coruña e, sobre todo, no suroeste da de Pontevedra, con especial concentración nos concellos de Mos, Tui e O Porriño.

## Arriba

### Lugar da parroquia de Sestaio

Neste nome de lugar vemos un común adverbio, resultado da fusión das dúas palabras que forman a expresión latina *AD RĪPA*, ‘cara á ribeira’, ‘contra a ribeira’. Tomou o seu sentido actual pola percepción de que unha ribeira está nun nivel superior respecto a outra cota.

Non atopamos atestacións históricas deste topónimo da parroquia de Sestaio, pero *Arriba* está moi presente na toponimia maior de Galicia, sobre todo como parte de sintagmas toponímicos: un exemplo vímolo en *Abelleira de Arriba*. De maneira individual e independente, o NG só recolle outro *Arriba*, na parroquia de San Xoán de Romariz (Abadín, Lugo). Como apelido, *Arriba* ten un rendemento escaso e, segundo a CAG, a maioría das persoas que o levan viven nos concellos lucenses de Baralla e Becerreá.

A base *RĪPA* está en moitísimos nomes de lugar de toda Galicia, tanto no sentido de ‘ribeira’ coma no de ‘arriba’. Sen saír deste concello, atopamos numerosos exemplos de corredoiras, eiras, agras, brañas, casas, campos, prados etc. ‘de riba’ ou ‘arriba’. E non para aí a rendibilidade de *RĪPA*, pois podémola ver en máis microtopónimos das parroquias do municipio. Por exemplo, co sufixo *-ĀRĪA*, *-ĀRĪU*, temos abondosos exemplos de *Ribeira* e *Ribeiro* (en singular e en plural); a *Ribela*

de Tal e mais a de Esteiro son diminutivos do romance *riba* (< RĪPA); o derivado *Ribada*, amalgamado con outras palabras deunos *Ribadalta* en Torea; *Os Ribouzos* de Abelleira presentan un sufixo que se estima de procedencia prerromana; e, para rematar, en Louro hai un redundante *Riba do Ribeiro*.

## Badernado

### Lugar da parroquia de Serres

Temos aquí un único na toponimia maior de Galicia, e semella que se trata dunha forma amalgamada: así, *Badernado* procedería, talvez, da expresión *\*Va de Arnado*.

O primeiro elemento, *Va*, debe ser unha evolución do latín *vāDU*, de onde tamén vén o noso ‘vao’: un lugar por onde se pode atravesar un río a pé (aínda que en latín tamén podía significar, por metonimia, ‘augas’). Na documentación medieval figura como *Vado Mortuo* (‘augas mortas’) o lugar chamado hoxe *Baamorto* (Monforte de Lemos, Lugo). E no *Catastro de Ensenada* atopamos, por exemplo, dentro deste mesmo concello un *Bao de Gosende*, actual microtopónimo *Va de Gosende* (Torea). Xa que logo, parece que nese *Va/Ba* se perdeu a sílaba final do romance *vao*, fenómeno esperable cando unha palabra se usa decote en combinación con outra: así acontece, por exemplo, co tamén topónimo *Belvís/Balbís*, que vén de *\*BELLU VĪSU* (‘vista fermosa’). O citado elemento *Va* témolo en abundancia, sen amálgama, na microtoponimia do concello, onde vemos exemplos de *Va do Carro* (xemelgo do mencionado de Outes), *Va da Laxe*, *Va das Bouzas*, *Va de Muíño*...

En canto ao *\*Arnado* que mencionamos no primeiro parágrafo, non é descoñecido na toponimia galega: o plural *Arnados* dáse en Carballo (A Coruña), por exemplo. Para el manéxanse dúas hipóteses: un latín suposto *ARĒNĀTU* (‘terreo areoso’) ou a raíz hidrotponímica indoeuropea prerromana *\*er-/ \*ar-* cunha extensión sufixal *-n-* (a base é a mesma que vimos ao falar do topónimo medieval *Arino* na entrada dedicada a *Abelleira*). No caso de *Badernado* é difícil decantarse por unha ou por outra: a presenza do río Valdexería nas súas proximidades avoga pola hipótese da base prerromana, pero tamén é certo que os terreos da zona destacan entre os da súa contorna inmediata polas súas características areosas.

Porén, nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* este lugar figura como *Vadernao*, na que parece ser a única atestación antiga deste nome de lugar. Cabe, xa que logo, a posibilidade de interpretar este topónimo como unha amálgama de *\*Va de Arnao*; aí *Arnao* fai pensar na voz común homónima, *arnao*, variante de *arnal* (‘duro e áspero’), recollida nos dicionarios como apelativo dunha clase de toxo bravo, propio das zonas areosas (con isto, en último extremo, a etimoloxía é a mesma que se propón para *\*Arnado*: *\*ARĒNĀTU*). Así, *\*Va de Arnao* podería referirse á presenza de vexetación bravía na zona. De todos os xeitos, non parece moi probable, pois se a motivación do topónimo foi a abundancia do toxo *arnao*, esperaríamos máis ben un plural *\*Arnaos*.

Non é descartable, porén, que \**Va de Arnao* faga referencia ao dono duns terreos, xa que *Arnao* está documentado como apelido: as mesmas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* fálannos dun *Francisco de Arnao*. Talvez esa persoa, ou outra co mesmo apelido, fose a propietaria dunhas terras próximas a un vao. Non sería o único caso, pois na microtoponimia deste mesmo concello atopamos *Va de Enrique*, na parroquia de Esteiro.

En todo caso, se a forma do topónimo máis próxima á orixe é *Vadernao*, o cambio do final en *-ao* polo actual *-ado* deberíase a unha hipercorrección.

*Badernado* non se ve no dicionario de Madoz, pero os nomenclátors de 1860 e 1880 si dan conta del: ambos os dous descríbennos como unha aldea, á que o primeiro lle atribúe 74 construcións e o segundo 163 habitantes.

## Baño

### Lugar da parroquia de Serres

Non figura este nome de lugar no actual NG, mais incluíuse como proposta para engadir en novas edicións, por constatarse que a entidade de poboación existe e está consolidada.

Tocante á etimoloxía, o topónimo parece remontarse ao latín *BALNĒU*, substantivo do que derivamos tamén o noso nome común ‘baño’, co mesmo significado que tiña na lingua latina. Como cultismo, da mesma raíz temos ‘balneario’.

Se miramos os demais sitios que en Galicia así se chaman, o sentido do nome parece ser o de ‘área encharcada’, ou ‘zona pola que pasa (ou pasaba) unha corrente de auga’. A idea de ‘estabelecemento destinado á hixiene ou ao aproveitamento de augas termais’ é a propia do mesmo topónimo en plural, como acontece co ourensán *Baños de Molgas*, por exemplo.

*Baño* aparece mencionado nun documento de 1399 asinado en Muros e conservado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, que nos fala de dous habitantes do lugar: *Pero Afonso* e *Tareija Afonso*, cada un dos cales é descrito como *morador en Vaño*. No mesmo arquivo, xa en 1568, cítase un *Juan de Baño*, residente na parroquia de Louro, lindeira coa de Serres. Hai tamén un documento de 1558 do Arquivo da Catedral de Santiago que menciona un *Cremente/Clemente de Baño* como veciño desta freguesía.

O lugar aparece descrito como aldea nos nomenclátors españois de 1860 e 1880. O primeiro di dela que posúe 90 construcións, e o segundo reconécelle 336 habitantes. Ambos os datos indican que se trataba dun núcleo non pouco importante dentro da parroquia, e hoxe segue a ser un lugar bastante edificado.

Como apelido, *Baño* só ten 132 ocorrencias na CAG, a meirande parte delas en concellos da bisbarra da Mariña luguesa; de feito, *Baño* dáse no concello de Xove como microtopónimo. Parece entón que o lugar muradán non deixou apelido.



## Boavista

Lugar da parroquia de Serres

É un topónimo en que se uniron dúas palabras de orixe e sentido transparente (e, coñecendo o lugar, plenamente xustificado). A etimoloxía é latina: de *Boa* xa falamos na entrada dedicada á *Agra Boa* (véxase), e *Vista* procede dunha palabra creada nos tempos serodios do latín que derivou do verbo *VĪDĒRE* ('ver').

O desenvolvemento urbanístico deste lugar data dunhas poucas décadas atrás, o que explica que non apareza en Madoz nin nos nomenclátors do s. XIX. Sen dúbida, o seu carácter solleiro e a fermosa panorámica que ofrece foron os principais factores que estimularon o interese construtivo na zona, convertida á fin nun pequeno pero consolidado núcleo de poboación.

O NG inclúe outros catro topónimos maiores *Boavista* ou *A Boavista*. Por outra banda, é frecuente atopar o elemento *Vista* combinado co adxectivo *Alegre*, nun sintagma de significado moi semellante ao que tratamos aquí.

## Bornalle

Lugar da parroquia de Abelleira

A etimoloxía deste topónimo, único na toponimia maior galega, non é sinxela. Ten semellanza na raíz con formas como *bornal*, en galego un sinónimo de *uz* ou *breixo*. Tornando á toponimia, *Bornalle* parece relacionable co *Borneiro* de Cabana de Bergantiños e coa rocha coñecida como *Borneirón*, fronte á costa de Cangas; sen saírmos do concello de Muros, na parroquia de Esteiro atopamos unha *Punta Borneira*, que ten fronte a ela os penedos mariños *Borneira de Dentro* e *Borneira de Fóra*.

Para Bascuas, a forma *Bornalle* (e outras coa aparente raíz *Born-*) teñen parentesco con topónimos como *Borno* (Italia), *Le Borne* (Francia) ou *Bornos* (Cádiz). A orixe sería unha raíz *\*born-/\*borna-*, procedente dun lexema indoeuropeo



| Enseada de Bornalle

prerromano \**bher-*/*\*bhor-* (‘brotar’, ‘fluir’). Teríamos aquí unha base prerromana completada cun sufixo latino, cousa nada inhabitual nos topónimos. Así, *Bornalle* estaría formado pola unión da raíz prerromana e o sufixo *-allo* (< latín *-ACŪLU* ou *-ALĪU*), logo cambiado a *-alle*, coa relaxación da vogal final.

Varios documentos dos s. XII e XIII do *Tombo de Toxos Outos* mencionan este nome de lugar con diferentes formas (*Bornallio*, *Bornalio*, *Bornali*, *Bornallo* en latín e *Bornale* e *Bornalle*, xa en textos en galego). O *Diccionario* de Madoz cita, pero sitúao, case de certo por erro, na parroquia de San Xián de Torea, no canto de na de Santo Estevo de Abelleira. Pola contra, os nomenclátors estatais de 1860 e 1880 localízanos na freguesía en que está hoxe: o primeiro dálle 73 edificios, mentres que o segundo lle adxudica 226 habitantes.

## Burleo, O

### Lugar da parroquia de Serres

No actual NG este nome de lugar non presenta artigo, mais váiselle engadir en posteriores edicións, pois o uso popular así o xustifica.

Nin a toponimia maior nin a menor rexistrada ata hoxe recollen en Galicia outro nome de lugar igual, aínda que *O Burlín* que atopamos en San Cibrao de Montecubeiro (Castroverde, Lugo) podería estar relacionado. Por outra parte, temos un homónimo antigo: o *castro Burleo* que atopamos en dous documentos de Toxos Outos (1169 e 1287), que estaba no actual concello do Porto do Son, como veremos na entrada dedicada a *Valdexería*.

Bascuas mantén que a forma *Burleo* pode ter orixe na raíz indoeuropea \**bher-* (‘fluir’; a mesma que vimos en *Bornalle*), estendida con dous sufixos. Como apoio, cita unha fonte chamada *Burle*, situada no departamento francés de Lozère, e que parece pedir un étimo \**Burla*, baseado no lexema indoeuropeo mencionado. Con isto en mente, *O Burleo* podería ser un hidrotónimo, e a proximidade do río Valdexería apoiaría a suposición.

Buscando atestacións posteriores á Idade Media, este topónimo está en rexistros notariais de 1563, segundo vemos no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, baixo a forma *Bulreo* (cunha metátese moi común, que temos tamén en nomes de lugar como *Carleo/Calreo*); coa mesma forma parece que figura nun documento de 1660 do Arquivo do Reino de Galicia do que só hai rexesto; e como *Bulrío* noutro do mesmo arquivo de 1662.

*O Burleo* non aparece recollido no *Catastro de Ensenada* nin en Madoz, mais si no Nomenclátor estatal de 1880, onde re rexistra como unha aldea de vinte habitantes.





| Peirao de Cabanas

## Cabanas

Lugar da parroquia de Tal

Isidoro de Sevilla recolleu no s. VII, na súa obra máis importante, as *Etimoloxías* (XV, 12, 2), o substantivo antepasado deste topónimo: a palabra latina *CAPANNAM*, ‘pequena construción para fins agrícolas ou pastorís’. Nunha época xa serodia do idioma latino, os falantes crearon ese substantivo a partir, case con seguridade, doutro existente nalgunha lingua prerromana, quizais céltica. Polo tanto, está claro que o lugar de *Cabanas* de Tal chamou a atención en tempos pasados por posuír un certo número dese tipo de edificacións.

Non atopamos atestacións históricas de *Cabanas*. O lugar adquiriu singularidade grazas á industria de salgadura construída en 1871 polo fomentador de orixe catalá Pablo Roura. A fábrica de Cabanas estivo en funcionamento ata 1936, e logo tivo un segundo e breve período de actividade, de 1939 a 1945, da man doutro industrial chamado Jesús Carreró. O máis vistoso do lugar, hoxe en día, son os dous peiraos, feitos de grandes perpiaños, nos que desembarcaban as lanchas que traían peixe (sardiña, sobre todo) para a fábrica. Máis tarde, coa actividade pesqueira desaparecida, *Cabanas* gañou sona polos seus areais: o propio do lugar, pequeno, e o contiguo de *Area Longa* (véxase a entrada).

Tanto esta forma plural coma a singular *Cabana* son moi produtivas na toponimia maior e menor de Galicia, unha proba da importancia secular do sector primario na economía do país. Como apelido, a CAG dinos que *Cabanas* se atopa espallado por un bo número de concellos, e que as ocorrencias máis numerosas se dan nos lugueses de Mondoñedo e Alfoz, pero en Muros non é significativo.

## Cambadas, As

Lugar da parroquia de Tal

A palabra *cambada* parece conter a raíz de orixe prerromana \**kam-p-* ‘dobrar’, ‘torcer’, de orixe indoeuropea, talvez céltica. Témolala neste nome de lugar, único na toponimia maior galega, mais tamén asoma en microtopónimos do concello, como *A Cambusa* (Abelleira) e *O Camboño* (Esteiro). Ese mesmo lexema deu lugar, igualmente, aos varios *Cambados*, *Camba* ou *Cambeiro* que se poden atopar por Galicia adiante.

Como substantivo, unha *cambada* ou *camballada* é unha restra de peixes enganchados nunha póla curva, igual que a *camba* é a peza curva da roda do carro. Con isto, dedúcese facilmente que o significado desa antiga raíz é ‘obxecto curvo’. Así, os nomes de lugar que a teñen deberon, nalgún momento, chamar a atención por presentar ondulacións no terreo (esa é a configuración do terreo nas *Cambadas* de Tal), ben por ser unha enseada ou un relanzo.

*As Cambadas* aparece con frecuencia nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* de Tal, que rexistran baixo ese nome unha serie de terras de labor. De feito, na observación das fotografías do Voo Americano chama a atención o cambio na configuración do terreo: o que hai máis de 60 anos eran cultivos, con presenza de leiras moi alongadas, agora é unha zona dominada pola vexetación arbustiva e arbórea.

## Campo de Cortes

Lugar da parroquia de Muros

Este nome de lugar é transparente. O substantivo *campo* procede do latín *CAMPU*, co mesmo significado que agora. En canto a *cortes*, procede tamén do latín: unha *CŌHŌRTE* era un cerrado, un terreo delimitado destinado a gardar os animais e/ou os apeiros. Tamén é certo que a mesma palabra latina servía para designar certas seccións do exército romano: as cohortes, que recibiron o seu nome do espazo reservado para elas nos campamentos militares. Case todas as linguas romances conservaron o sentido orixinal da palabra, vencellado ao mundo rural. De feito, na toponimia galega, maior e menor, *Cortes* está moi ben representado, igual que *Campo*.

O *Campo de Cortes* muradán cóntanos algo da historia da vila: a zona foi distinguida con este nome por tratarse dunha área dedicada aos traballos agrícolas, en contraste coas actividades que se desenvolvían máis abaixo, na vila, e que tiñan máis que ver co eido do mar e o comercio.

Nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* vemos que o lugar é denominado *O Campo das Cortes* (con artigo inicial e determinante contraído coa preposición antes do segundo elemento), denominación que aínda se pode ver e oír, aínda que de xeito moi minoritario. Pola contra, nos nomenclátors estatais do s. XIX aparece como *Campo de Cortes*, unha aldea de 67 construcións en 1860 e 217 habitantes en 1880.

## Carballeira, A

Lugar da parroquia de Abelleira

Como é evidente, este topónimo ten a súa orixe na presenza destacada de carballos na zona. En xeral, o substantivo *carballo* designa en galego a árbore de nome científico *Quercus robur*, o carballo común, aínda que tamén pode referirse á *Quercus pyrenaica* (*carballo cerquiño*, *carballo negro* ou *carballo mouro* son algunhas das súas denominacións). En canto á procedencia, a voz *carballo* non pode provir por evolución fonética de *quercus*. Así, a maioría dos especialistas avogan por unha raíz prerromana \*carb-, que puido ter como significado orixinal ‘ramallo’. Ese lexema uniuse ao sufixo latino -ALŪ para acabar formando a palabra actual.

Nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* atopamos a mención de *Carballeira*, unhas terras propiedade dunha muller chamada *Rossa Fernandez* situadas na *Vega do Pereiro*. Parécenos moi probable que se trate desta *Carballeira* actual, dado que preto do lugar se atopan os microtopónimos *Pereiros*, *Fonte de Pereiros* e *Camiño de Pereiros*.

*Carballeira* é moi abundante en Galicia, tanto na toponimia maior coma na menor: neste mesmo municipio, por exemplo, temos *A Carballeira* como microtopónimo na parroquia de Torea. Esa frecuencia dános unha idea do gran número destas árbores que noutros tempos colonizaron o país. Finalmente, como apelido, *Carballeira* atópase con certa frecuencia contra o norte da provincia de Lugo, especialmente no concello de Xermade, pero é moi pouco frecuente en Muros.

## Castelo, O

Lugar da parroquia de Serres

En latín a palabra *castrum* significa ‘fortificación’ en xeral. Como eses recintos se erixían moitas veces en elevacións do terreo, a evolución ao romance engadiulle o senso de ‘lugar alto’, que está presente nos moitísimos *Castro* que temos en Galicia na toponimia maior e na menor.

De *castrum* o propio latín tirou o diminutivo CASTELLU, antepasado de *Castelo* e de *Castrelo*, este último cun *r* que adoita aparecer tras o grupo consonántico latino *s* + oclusiva: *estrela* e *congostra* veñen, respectivamente das voces STELLA e CŌANGUSTA, por exemplo (cómpre dicir que máis dun *Castrelo* será en orixe, de certo, un diminutivo xa romance de *castro*). En todo caso, *Castelo* e *Castrelo* son moi rendibles na toponimia, e neste mesmo concello temos exemplos de *Castelo*, *Casteliño*, *Castro* e *Castriño* en todas as parroquias. Mesmo atopamos o microtopónimo *O Castrallón* (véxase a entrada *Amira, A*).

En tanto que nome de lugar, *Castelo* pode designar simplemente un lugar elevado (igual que *Castro*), pero tamén unha fortificación (conservada ou non), calquera construción de tamaño variable dedicada á vixilancia ou mesmo un edificio de tipo máis ou menos señorial. Algunha destas edificacións debeu haber no seu tempo no lugar de Serres que aquí comentamos, pero xa non hai memoria dela.

O *Catastro de Ensenada* non nos fala do *Castelo* de Serres, e tampouco o fai Madoz, pero si o mencionan os nomenclátore de 1860 e 1880, que lle outorgan 27 edificios e 40 habitantes respectivamente. Segundo a CAG, o apelido *Castelo* rexístrase nunha serie de concellos dun arco xeográfico que vai desde o norte de Lugo ata o suroeste da Coruña: entre os lugueses, destacan pola frecuencia do apelido os municipios de Oourol e Muras. En Muros hai moi poucos portadores do apelido toponímico *Castelo* e, como o topónimo tamén se dá en concellos lindeiros ou próximos coma Outes, Carnota e O Porto do Son, onde rexistramos moitas máis ocorrencias, non parece que este lugar muradán sexa un dos focos máis produtivos do apelido na zona.

Como topónimo menor, *O Castelo* aparécenos tamén na propia vila de Muros, e a súa motivación está clara: fai referencia a unha fortaleza emprazada hai tempo nas inmediacións do areal que perpetúa o nome. Era unha torre ameada que no terzo final do s. XVI mandou construír Juan Pacheco de Toledo, marqués de Cerralbo e capitán xeral de Galicia. No s. XVIII a fortificación contaba con doce canóns, pero co tempo deixou de usarse con fins militares e pasou a funcionar como cárcere do partido xudicial. Á fin, as defensas sufriron unha progresiva deterioración e acabaron derruíndose para construír o edificio que hoxe coñecemos como Lonxa Vella.

Cómpre engadir que, como nome de lugar relacionado cos que acabamos de comentar, o microtopónimo *O Castro* de Tal podería ser a continuación actual do *Castro Vetere* ('Castro Vello') que aparece nunha venda realizada por un particular ao mosteiro de Toxos Outos en 1160.

## Chabola, A

### Lugar da parroquia de Tal

A voz *chabola* vén definida no DRAG, na segunda das súas acepcións, como 'pequena construción, comunmente de madeira, que pode servir ben para gardar útiles de labranza ou pesca, ben como almacén de froitos ou refuxio de pastores'. No lugar de Tal así chamado debeu destacar, no seu momento, unha edificación deste tipo, pero semella que a memoria dela está perdida.

A palabra ten a súa orixe no éuscaro *txabola*, con variante *txaola*, e debeu chegar ao galego pola vía do castelán. Corominas propón que a lingua vasca puido tomar e adaptar o antigo substantivo francés *jaiole*, logo evolucionado a *geôle*. Este vocábulo, que significa 'cárcere', na actualidade só ten uso literario no idioma galo. Procede do latín *CĀVĒŎLA*, que quere dicir 'pequena cavidade', 'pequeno covo', e que nos deu en galego *gaiola*.

Nin o *Catastro de Ensenada* nin Madoz nin os nomenclátore decimonónicos ofrecen referencias deste nome de lugar. Non debe ser moi antigo, tendo en conta que a palabra *chabola* non se documenta no castelán ata finais do s. XIX, e o máis probable é que ao galego non chegase antes desa data.

## Chalón, O

### Río e lavadoiro da parroquia de Muros

Leva este nome unha zona da parte vella de Muros provista dun lavadoiro: unha e outro toman o seu nome do río que por alí baixaba. Trátase, polo tanto, dun hidrotopónimo, e por iso ten bastantes posibilidades de estar formado sobre unha raíz de orixes moi remotas, como xa vimos nalgún caso.

Varios documentos do s. xv testemuñan este nome: dous fálannos do  *río do Chalón* (1436 e 1466) e dun *lagar grande de Chalón*, propiedade este dun individuo chamado *Gomes Ares de Giamonde* (1466). *Chalón* figura tamén nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, onde se nos di que María Maneiro e Dominga Buenaventura, veciñas de Corcubión, posuían unha casa dunha altura *en la calle de Chalón*.

A cuestión da etimoloxía non é nada sinxela neste caso. A forma *Chalón* ten certa coincidencia fonética con outros nomes de ríos como o francés *Chalon* (afluente do Isère, no sueste do país) ou *Jalón*, un afluente do Ebro documentado na época medieval como *Salone*; e hai tamén un río *Xalón* na parroquia de Bembribe (Vigo). Todos eles poden remontarse á raíz indoeuropea prerromana *\*sal-*, moi estudada por Bascuas, para a que se propón o significado de ‘auga axitada’, e que tamén pode estar tras *Xallas* (medieval *Jalles*).

Non hai atrancos fonéticos para relacionar os galegos *Xallas* e *Xalón* con ese lexema prerromano, pero *Chalón* non acaba de encaixar, debido ao seu son inicial: a consoante africada [tʃ]. Habería que supoñer que entre os falantes se deu en tempos antigos unha vacilación entre a devandita africada [tʃ] (grafada *ch*) e a fricativa [ʃ] (escrita *x*, ou *j* na Idade Media); e non hai evidencia desa indefinición entre as dúas consoantes no pasado do idioma: como vimos, a forma *Chalon* está claramente documentada no medievalo.

É certo que na hidronimia francesa aparecen outros topónimos que tamén teñen semellanza con *Chalón*: *Châlons-sur-Marne* está relacionado etimoloxicamente co nome do pobo galo dos *Catalauni*, e *Chalons-sur-Saône* está documentado na Antigüidade como *Cabillonum*. Ningún dos dous étimos é relacionable co noso *Chalón*, nin por fonética nin por motivación.

Polo tanto, falarmos da orixe deste hidrónimo supón pisar terreo moi inseguro.

## Cornes

### Lugar da parroquia de Torea

Polo que parece, o que temos aquí é a raíz prerromana, talvez indoeuropea, que se adoita reconstruír como *\*kar-/\*kor-* (estendida cun sufixo *\*-n-*), de suposto significado ‘pedra’ (para máis detalles, véxase a entrada *Creo*). É a mesma que se lles atribúe a outros topónimos como *Cornido* (común en Galicia, do que temos

un exemplo no concello de Carnota) ou *Cornualles* (Inglaterra, onde lle chaman *Cornwall*; literalmente ‘muro de pedra’, se a hipótese é correcta).

O *Cornes* de Torea non aparece no *Catastro de Ensenada* nin nas súas Comprobacións, e tampouco ten entrada no *Diccionario* de Madoz (aínda que o menciona na lista de lugares da parroquia; véxase a entrada *Torea*). Os nomenclátors de 1860 e 1880 cítano como aldea da devandita freguesía, con 35 edificios e oito habitantes. Ademais, o NG recolle outras catro ocorrencias de *Cornes*, todas na provincia da Coruña, e unha delas na parroquia de Santiago de Arcos, no veciño concello de Mazaricos. Outro dos *Cornes* da toponimia maior atópase en San Pedro de Vilariño, no Val do Dubra, municipio no que a CAG documenta a maior concentración do apelido *Cornes*.

## Cova de Xerpe, A

Lugar da parroquia de Abelleira

Na primeira parte deste nome de lugar, que aparece tamén como microtopónimo na parroquia de Tal, temos un nome común que deriva dun adxectivo latino: CŌVU (‘oco’, ‘escavado’, ‘cóncavo’), variante de CĀVU, de onde proveñen palabras como *caverna* ou *cavidade*, de significado directamente relacionado.

En canto a *Xerpe*, é unha variante de *serpe*, substantivo tamén derivado do latín, neste caso SERPĒNTE. Non foi —nin é— infrecuente a palatalización da fricativa alveolar xorda /s/ en posición inicial, como aconteceu con *xastre* (< SARTŌRE) ou *xebrar* (< SĒPĀRĀRE), por exemplo. En canto á motivación, pode deberse, máis que á presenza de serpes pola zona, á forma dalgún dos petróglifos que se atopan na contorna. O feito de que a forma actual deste topónimo sexa *A Cova de Xerpe* e non *A Cova da Xerpe* pode ser que se deba a que os falantes perdesen a conciencia de que a palabra designa o réptil e pensasen no apelido dun posible propietario, mais non o consideramos moi probable. Ademais, hai outros nomes de lugar, como *Covas de Lobos* ou *Cabeza de Vaca* onde tampouco aparece o artigo determinando o segundo elemento.

Unha atestación antiga podería axudar, pero a única aducible non é concluínte: as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* mencionan moitas veces terras denominadas *Coba*, e dúas delas, propiedade de *Antonio Veloso*, sitúanse na *Vega dos Pereiros*, unha alusión ao actual microtopónimo *Pereiros*, moi próximo á *Cova de Xerpe*, pero que non podemos assimilar a ela con seguridade.

O apelido *Xerpe*, castelanizado en *Gerpe*, é relativamente frecuente no oeste da provincia da Coruña, en particular nos concellos de Santa Comba e A Baña; en Muros non ten presenza significativa.



# Creba, A

## Illa da parroquia de Esteiro

O nome desta famosa illa, de 7,5 hectáreas de extensión, ten etimoloxía latina: *creba* é un substantivo creado a partir do verbo *crebar*, que é o que nos queda do verbo latino CRĒPĀRE, ‘romper, especialmente con estrondo’.

Hai varias posibilidades para a motivación do topónimo. Podería obedecer ao seu relevo accidentado, na liña de nomes de lugar como *A Crebada / As Crebadas*, que se dan na toponimia menor. Outra posibilidade é que se deba ás ruínas da ermida dedicada a Santa María que existiu na illa, e da cal hai referencias xa no s. XVI, como demostra un documento de 1573 que menciona *San Pedro de Redonda* (Corcubión) e *Santa María da Creba*, do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Porén, non o consideramos moi probable, pois o devandito documento fala do cobro de atrasos de arrendamento do préstamo da ermida: xa que logo, a edificación non estaría aínda derruída, e a motivación do topónimo non sería esta.

Durante moito tempo o templo e a illa foron destino dunha concorrida romaría. Consta que a construción estaba derrubada xa en 1867, malia que a devoción da xente persistiu algún tempo máis, pois aínda a principios do s. XX, durante as viaxes do vapor —coñecido como *o carreto*— que facía a ruta de Muros a Noia, os pasaxeiros descubrían as cabezas en sinal de respecto e rezaban.

Finalmente, *crebas* son, en galego, restos de naufraxios, o que pode facer pensar nas noticias medievais de que o lugar era utilizado como base de piratas que penetraban na ría para saquear as vilas costeiras. Sábese tamén que o arcebispo Xelmírez mandou construír no s. XI unha frota para evitar esas incursións. Estes sucesos históricos son a orixe de varias lendas. Segundo a máis coñecida, o que hoxe é a illa da Creba estivo unida á terra, e nela había mouros que celebraban ritos na honra de Alá. Para acabar con esta situación, os cristiáns asaltaron a illa e mataron os musulmáns, deixando só viva a filla do xefe. Esta invocou o demo, quen levantou unha tempestade, afogou os cristiáns e separou a illa do continente.



| Vista da illa da Creba

A moura converteuse nunha gran serpe rodeada de feras que afundían os barcos. Para acabar con ela, os cristiáns acudiron a un ancián santo que lles aconsellou erguer unha ermida na honra da Virxe.

O que si é certo é que os terreos da illa foron noutros tempos propiedade comunal dos veciños de Esteiro, que os explotaron para labores agrogandeiros. Con todo, en 1922 a illa inscribiuse como ben privado no rexistro do Concello de Outes. En 1981 construíuse unha residencia particular sobre os restos da ermida, e oito anos máis tarde practicáronse unha serie de obras para dotar a illa dun espigón, recheos e unha rampla. Na actualidade existe a Plataforma pola Recuperación da Illa da Creba, que demanda a restitución do illote como ben público.

O dicionario de Madoz contén unha entrada *Quiebra* na que dá conta da existencia da illa, indicando que está deshabitada e mencionando os restos da ermida.

## Creo

### Lugar da parroquia de Esteiro

*Creo* é un únicum na toponimia maior galega e, case con seguridade, tamén na menor. A súa etimoloxía é difícil, como veremos a seguir.

A terminación *-eo* parece ser a mesma que atopamos noutros topónimos como *Cambeo* (Coles, Ourense) ou *Lareo* (Vila de Cruces, Pontevedra). Cando atopamos este *-eo* unido a lexemas moi curtos e difíciles de relacionar co idioma latino, é aconsellable acudir a posibles raíces de linguas prerromanas. De feito, se miramos os exemplos citados, *Cambeo* parece presentar a base *\*kamb-* ('curvar', e, na toponimia, 'concavidade', da que falamos en *As Cambadas*); e *Lareo* semella amosarnos o lexema *\*plə-/ \*pla-* ('lugar chan'), con perda de */p/* inicial, unha posible pegada céltica.

Por outra banda, buscando un paralelo factible co noso *Creo*, atopamos o micropónimo *O Careo* (San Salvador de Bastavales, Brión). Así, talvez en *Creo* teñamos unha síncope na vogal átona pretónica, probablemente cunha asimilación previa do */a/* ao */e/*: */karéo/ > /keréo/ > /kréo/*, como en *croa* por *coroa*.

Se a hipótese é correcta, podemos seguir a pista da raíz *\*kar-*, moi abundosa na toponimia: nomes de lugar como *Carnota*, *Caranza/Carranza*, *Carnés* ou *Carnoedo* serven de exemplo (para a vocalización *\*kor-*, véxase a entrada *Cornes*). Moralejo Álvarez considéraa preindoeuropea, co valor de 'pedra'. Porén, nós cremos igualmente defendible o lexema *\*kar-*, tamén indoeuropeo, ao que se lle asigna o significado de 'dureza'. A devandita base está presente nas linguas célticas (irlandés *carraig*, 'rocha grande', 'penedo') e nas xermánicas (adxectivo inglés *hard*, 'duro'). Así, de acordo coa idea aquí exposta, o significado de *Creo* pode ser 'pedregal'.

O topónimo figura xa coa forma actual na cadea onomástica *Lopez de Creo*, xuíz de Bergantiños, nun documento de 1372 conservado no Arquivo do Reino de Galicia, e tamén hai atestacións pertencentes ao s. XVI do Arquivo Histórico



da Universidade de Santiago. Tamén se pode ver noutro documento de 1673 do Arquivo da Catedral de Santiago, en que se menciona unha *María de Creo*. Pola súa parte, as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* recollen *Creo* como terras e como *vega* (área ampla na cal se encadran as propiedades), e tamén falan de individuos que levan o topónimo como apelido. Non cita o lugar Madoz, ao revés do que fan os nomenclátors de 1860 e 1860, en que *Creo* ten 91 construcións e 279 habitantes, respectivamente. Por outra banda, a CAG dinos que as persoas con este topónimo como apelido están rexistradas, na súa maioría, nos concellos do suroeste da Coruña, sobre todo nos de Lousame e Noia, moi próximos ao de Muros, o terceiro en densidade do apelido.

## Cruceiro, O

### Lugar da parroquia de Abelleira

As encrucilladas foron sempre lugares que estimularon a relixiosidade: onde se encontraban dous ou máis camiños o viaxeiro tiña cal decidir que vía seguir; tamén eran sitios moi propicios para os asaltos e os roubos. Por iso era frecuente marca-los con algún tipo de monumento dedicado a algunha divindade, cuxo amparo se solicitaba. Os antigos gregos adoitaban erixir monólitos dedicados ao deus Hermes, protector dos viaxeiros, e os romanos levantaban imaxes dos *Lares Compitales*, representados por unha parella de mozos.

De seguro que na actual Galicia deberon existir desde moi antigo crenzas similares, e as interseccións de camiños foron obxecto dalgún culto pagán, como xa aventurou no seu momento Manuel Murguía. A erección de cruces de pedra foi unha hábil e proveitosa manobra do cristianismo para integrar esas crenzas: temos moitísimos cruceiros en Galicia e, malia non saberse o número exacto, algunhas estimacións falan de máis de 10000.

Como consecuencia, os substantivos *cruz* e *cruceiro* (ambos baseados no latín CRŪCE) son moi frecuentes na toponimia, se ben en moitos casos non é doado coñecer a súa motivación e significado orixinarios: unhas veces aluden a unha cruz erixida no lugar; outras só dan fe dunha encrucillada viaria.

En Abelleira hai dous lugares chamados *O Cruceiro*: un é unha entidade de po-boación e está incluído no NG (é ao que nos referimos aquí), e outro é un microtopónimo, que se repite nas parroquias de Esteiro e Torea. Talvez sexa o segundo dos de Abelleira o que aparece nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* desta parroquia, pois del din que se atopa na *Vega de Agra Boa* e, efectivamente, ese *Cruceiro* está preto da actual *Agra Boa*. Estes catro topónimos están relacionados con cruces de pedra.

Aínda neste municipio, na freguesía de Serres atopamos o microtopónimo *O Cruceiro*, mais este semella facer referencia a un cruzamento, xa que está situado en plena zona montañosa, nun vértice onde se encontran varios camiños: desde alí pódese baixar ás zonas de Louro, Lariño, Lira-Carnota, Serres, ou seguir unha ruta ascendente cara a Mazaricos.

*O Cruceiro* de Abelleira non ten entrada no *Diccionario* de Madoz. Pola súa parte, o Nomenclátor estatal de 1880 si que o menciona, sen artigo e coa forma castelanizada (*Crucero*), atribuíndolle 30 habitantes.

## Cruz de Pelos

### Miradoiro e monte na parroquia de Abelleira

A etimoloxía dos dous substantivos é claramente latina: como xa comentamos, *Cruz* vén de CRŪCE, mentres *Pelos* procede de PĪLU, e ningún dos dous mudou de significado respecto ao que tiña en latín. Porén, trátase dun topónimo único en Galicia: a razón está en que designa o escenario dunha antiga lenda que leva xeracións narrándose pola zona, e que recolleu na década de 1980 o profesor Fernando Alonso Romero.

*Cruz de Pelos* está na curota dun outeiro, coñecido como *Monte de Laxeiras*, desde o que se pode contemplar unha boa panorámica da ría de Muros e Noia. A denominación aplícase a un monólito rectangular de pedra granítica, de base máis ampla ca o cumio, e onde noutros tempos, segundo a tradición, se erguía unha cruz. A parte superior do monólito está labrada ao xeito dun capitel, en cuxo centro hai un burato, que era onde moi probablemente se asentaba a cruz. Preto desta columna hai unha poza, chamada *A Lagoa*, onde disque se adoitaban lavar as mozas que levaban o gando a pacer por alí. Concluído o aseo, as mulleres peiteábanse, recollían os cabelos que lles caían e depositábanos como ofrenda no burato do monólito. Pode parecer un hábito estraño aos nosos ollos actuais, pero os antropólogos teñen documentado hai xa tempo que en moitas comunidades humanas existiu o costume de gardar o cabelo ou as unllas: entendíase que esas partes do corpo aínda conservaban parte da enerxía vital e podían empregarse como ofrenda a algunha divindade, ou mesmo para realizar feitizos.

A denominación máis antiga do accidente xeográfico é a de *Monte de Laxeiras*, que mencionamos máis arriba. Con todo, e debido á crecente popularidade do monólito, cada vez é máis común oírllle chamar *Monte de Cruz de Pelos*.

Ante un nome de lugar así, só un relato popular como este pode botar luz sobre a súa motivación, sobre todo porque quen hoxe visite o sitio non atopará nin a cruz nin os pelos.

## Eiroa, A

### Lugar da parroquia de Sestaio

Este nome de lugar procede, como outros moitos, dun diminutivo. A palabra base é o substantivo latino ĀRĒA, do que temos, coa evolución propia do galego medieval, a palabra *eira*. Engadíndolle un sufixo diminutivo, o latín creou, ĀRĒŎLA, a mesma voz que, como cultismo, designa para nós a pequena zona circular que rodea a

mamila: a *aréola*. Cos cambios fonéticos propios do noso idioma romance, *ĀRĚŎLA* deu lugar na toponimia a (*A*) *Eiroa*: unha eira pequena.

Ausente no *Catastro de Ensenada* e no *Diccionario* de Madoz, *A Eiroa* aparece recoñecida como aldea da parroquia de Sestaio no Nomenclátor estatal de 1880, que rexistra para ela unha poboación de 30 habitantes.

Este topónimo é frecuente en Galicia, aínda que moito máis na toponimia menor que na maior: o Nomenclátor oficial só rexistra outras tres ocorrencias, unha delas en plural (*As Eiroas*). Dentro do municipio de Muros temos outro exemplo da *Eiroa*, como microtopónimo, esta vez na parroquia de Louro. E, se acudimos á CAG, veremos que o maior número de persoas que levan o apelido *Eiroa* están rexistradas en concellos do norte de Lugo e do noroeste da Coruña, con especial densidade no concello de Cabana. En Muros non se documenta na actualidade, polo que este nome de lugar non parece que fose foco de apelido.

## Espadanal, O

Lugar da parroquia de Louro

O sufixo *-al* (dun *-ĀLE* latino) adoita indicar nos topónimos abundancia dalgunha especie animal ou vexetal. Aquí trátase da espadana, nome que reciben varias plantas da familia das tifáceas, caracterizadas como ‘acuáticas emerxentes’, o que explica que se dean en zonas con presenza de humidade, igual que este areal de Louro.

O nome da planta, á súa vez, é un derivado de *espada*, pois a forma do talo da planta, alongada e en pico, fixo que os falantes visen nela un parecido coa folla da arma. E *espada* procede do substantivo latino *SPĀTHA*, que no seu momento foi tomado do grego.

Á parte do de Muros, o NG recolle *O Espadanal* como topónimo maior en dous concellos máis: no lucense de Alfoz e no pontevedrés de Pontearreas.

En Louro temos tamén os microtopónimos *A Espadaneira* e *Espadanido*, que son irmáns deste *Espadanal*, igual que acontece co *Espadanal* de Tal (neste caso coa frecuente relaxación na articulación da vogal átona pretónica).

## Espírito Santo, O

Lugar da parroquia de Muros

O lugar recibe o seu nome da capela dedicada ao Espírito Santo situada no remate da pendente que atravesa Campo de Cortes, onde comeza a coñecida como ‘estrada vella’ ou ‘estrada do Convento’, que leva ata Louro. A capela é de estilo románico, como queda patente pola súa portada. Segundo se indica no seu tímpano, foi ampliada entre 1927 e 1928 *por pública devoción*.

É bastante común atopar ermidas ou capelas cristiás en puntos elevados, polo que moitos etnógrafos están de acordo en que se erixiron onde antes debeu haber

algún culto pagán. No caso desta capela de Muros, e segundo di a tradición, a imaxe que se atopa no seu interior apareceu nunha praia. Foi recollida e transportada nun carro, que se crebrou, ao parecer para indicar o punto xusto en que se debería alzar a ermida.

A inscrición do tímpano ten tres palabras en latín: *Spiritui Sancto Paraclito*, que quere dicir ‘ao Espírito Santo Intercesor’. O étimo de *Espírito*, SPĪRĪTŪ, significa ‘respiración’, ‘sopro de aire’, pero tamén ‘inspiración divina’, ‘sopro de vida’. Os cristiáns tomaron estas dúas últimas acepcións e uníronlle o adxectivo SANCTU (étimo de *Santo*, co significado de ‘sagrado’). Quixeron así dar expresión lingüística a unha forza divina que ten sido obxecto de múltiples interpretacións segundo as diversas confesións e escolas teolóxicas. En canto a *Paraclito*, é a adaptación latina dunha palabra grega que se pode traducir como ‘invocado en axuda propia’, ‘intercesor’. Adoitou usarse como complemento do sintagma Espírito Santo (igual que aquí), ou como o seu substituto.

O lugar aparece nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, e Madoz recolle este lugar como *caserío y ermita*. Con todo, nos nomenclátors do s. XIX non asoma, de seguro por non constituír un núcleo consolidado de edificacións e moradores. Pola súa parte, o NG reconece outros catro nomes de lugar iguais a este para a toponimia maior: tres na provincia da Coruña (concellos de Bergondo, Cambre e Sada) e un na de Pontevedra (municipio de Cangas).

## Esteiro (Santa Mariña)

### Parroquia de Muros

A etimoloxía é sinxela: o latín posúe o substantivo AESTŪĀRĪŪ, que designa a zona da desembocadura dun río (o río Maior, neste caso) que queda asolagada coa marea alta e deixa un chan cuberto de limo no devalo. O vocábulo tamén serve para referirse á canle que se forma ao penetrar o mar na terra aproveitando o leito do río. Do mesmo AESTŪĀRĪŪ temos tamén o nome común *esteiro*, que, como é sabido, designa un tipo de encontro entre un río e o mar. Xa que logo, esta forma de unión entre dúas augas foi a que lle deu nome á parroquia.

Desde o punto de vista semántico, AESTŪĀRĪŪ ten unha procedencia interesante. A súa base é o substantivo *aestus*, ‘calor’, ‘lume’. Polo tanto, un *aestuarium*



Capela do Espírito Santo

é, no seu senso primario en latín clásico, un ‘lugar onde vai calor’. Acontece que as burbullas producidas polo encontro dun río co mar poden facer lembrar as que forma a auga cando chega ao punto de ebulición, e de aí o significado que acabou tomando a palabra. Este sentido figurado é o mesmo que temos en *fervenza*, sobre a que volveremos na entrada dedicada ao *Pozo do Cachón*.

O *Esteiro* deste concello está ben documentado nos rexistros medievais, xa desde o s. IX, e aparece con gran variedade de formas, pero semellantes á actual polo menos desde o s. XII. A advocación a Santa Mariña cítase nun documento de Toxos Outos datado en 1157: *Sancta Marina de Esteyro*. Tamén contamos cunha atestación do ano 1500 pertencente ao *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago, que dá conta das taxas pagadas por varias parroquias ao papa e ao rei. A mesma santa aparece como patroa da parroquia en varios documentos do s. XVI do Arquivo da Catedral de Santiago.

O *Catastro de Ensenada* rexistra esta cabeza de freguesía, igual que o fai o *Diccionario* de Madoz. Este último dá fe de 200 casas e oito almacéns de salgadura de sardiña, aínda que, segundo constata, esta actividade industrial se atopaba en decadencia. Tiña tamén a parroquia unha escola de instrución primaria á que asistían 70 nenos. Sobre a igrexa de Santa Mariña, Madoz indica que é filial da de Santiago de Tui, nun evidente erro, pois debería de dicir *Tal* (véxase a Introducción). Comenta tamén Madoz que os camiños locais, así como o que conduce pola costa de Noia a Muros, se atopan en mal estado. Os nomenclátors de 1860 e 1880 mencionan igualmente esta parroquia: o primeiro cita seis aldeas, dous muíños fariñeiros e unha igrexa (a de Santa Mariña), mentres o segundo fala de catorce aldeas.

O NG reconece outros dez *Esteiro/O Esteiro* como topónimos maiores, todos eles situados en concellos das tres provincias costeiras. Para rematar, a CAG rexistra moi poucas ocorrencias do apelido *Esteiro*, a maioría das cales se atopan, como é comprensible, no concello de Muros e no veciño de Outes.

## Figueiroa

### Lugar da parroquia de Torea

É doado decatarse de que temos diante un fitotopónimo, neste caso relacionado coa árbore da figueira. A nosa palabra *figo* descende directamente do latín *FĪCŪ*, mentres *figueira* o fai do seu adxectivo derivado *FĪCĀRĪA* (‘pertencente ao figo’). Pola súa parte, *Figueiroa* procede do diminutivo \**FĪCĀRĪŌLA*.

Trátase dun nome de lugar moi abondoso na toponimia maior e menor das catro provincias galegas. Sen presenza no *Catastro de Ensenada* nin nas súas Comprobacións, a *Figueiroa* de Torea aparece recollida no Nomenclátor estatal de 1880 como unha aldea cunha poboación de tres habitantes. Como apelido, a CAG só rexistra a forma semicastelanizada, *Figueroa*, concentrada na zona occidental do país: os dous concellos que máis ocorrencias ofrecen son Nigrán e Redondela (Pontevedra).

# Fogareiro, O

Lugar da parroquia de Louro

Existe en latín o substantivo *FŎCU*, que designaba o lugar da casa onde se prendía o tan necesario lume. Del procede a nosa palabra *fogo* (ademais do castelán *fuego* e o francés *feu*, por exemplo). Nela produciuse un cambio de significado por extensión: de aludir ao lugar onde se mantiña o lume aceso, o vocábulo pasou a referirse ao lume mesmo.

A sensación de benestar e seguridade fornecida polo lume da casa fixo que os falantes do latín creasen a palabra *FŎCĀRE* ('relacionado co lume da casa'), de onde nos vén *fogar*. Este, de novo por extensión, acabou sendo sinónimo de *vivenda*. Se á base *fogar* lle unimos o sufixo romance *-eiro*, creamos un adxectivo que indica relación, pertenza ou semellanza (igual que *mareiro* sae de *mar*).

Así, *O Fogareiro* puido recibir o seu nome por percibirse como un sitio acolledor, por ser un recanto da costa que servía de abeiro para embarcacións. Entre elas estiveron as chamadas 'enviadas', que, como era costume na época de funcionamento das industrias de salga, saían ao mar para achegar á terra o peixe recollido polos barcos das propias fábricas ou por xeiteiros independentes. As que aportaban no *Fogareiro* traían xénero para a industria de salgadura que alí se atopaba: construída no primeiro terzo do s. XIX, pasou polas mans de varias familias de orixe catalá, ata que en 1952 o edificio, sen actividade desde había tempo, foi vendido por Salvador Roura Vieta a unha familia de Lira, que é a actual propietaria.

Este nome de lugar é un único na toponimia galega, se exceptuamos o plural *Os Fogareiros*, microtopónimo na parroquia de Lira, no veciño concello de Carnota.

# Fontenla

Lugar da parroquia de Esteiro

O substantivo *fontenla* (como variante de *fontela*) vén recollido no DRAG co valor de 'fonte pequena'. En efecto, o actual sufixo *-nla* débese á evolución de dous sufixos latinos soldados na mesma palabra: *-ĀNA* (que indica pertenza ou relación) e *ELLA* (diminutivo). Así, *Fontenla* procede dun suposto *\*FŎNTĀNELLA*, unha fonte pequena. Esta, efectivamente, pódese atopar entre as rochas da praia que hai no lugar, hoxe de menor extensión que en tempos pasados, en que contou cunha cadea de dunas.

Moi semellante é a formación de *Fontenlos*, microtopónimo que atopamos en Abelleira. O seu xénero explícase porque nas primeiras etapas da historia da lingua os falantes vacilaban entre masculino e feminino para *fonte*, pois non remata en *-o* nin en *-a*, que son os sufixos gramaticais marcadores de xénero. Tamén é posible, porén, que *Fontenlos* sexa o plural dun derivado diminutivo de *\*FŎNTĀNU*, que na toponimia dá resultados como *Fontán* e *Fontao*.



Contamos con dúas atestacións antigas desta *Fontenla* de Esteiro. A primeira é dun documento de 1484, conservado na Fundación Penzol, sobre as posesións que o escudeiro Lopo de Caamaño posúe nas parroquias de Esteiro e Tal, en que se cita o *agro de Fonttenla*. A segunda atópase nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* realizadas na parroquia, onde se dá fe dunhas terras chamadas *Fontenla*, situadas na *Vega de Creo*. Pola contra, nin Madoz nin os nomenclátorees españois do s. XIX nos din nada sobre ela.

O NG recolle, á parte desta, quince ocorrencias do topónimo *Fontenla/A Fontenla*. É, ademais, moi rendible na microtoponimia, como en xeral os derivados de *fonte*. Por outra banda, os datos da CAG indican que o apelido *Fontenla* é frecuente na zona central da provincia de Pontevedra, especialmente nos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade.

## Formilla, A

### Lugar da parroquia de Esteiro

Topamos aquí cun novo únicum, e a súa etimoloxía non é doada. Como formación semellante podemos citar o nome de lugar *Hormillas* (A Rioxa), no territorio do castelán, para o que se apuntou como étimo o latín \*FORMELLA, un diminutivo construído a partir de *forma*. Este substantivo *forma* foi desenvolvendo ao longo da historia do latín moitos significados, entre os que se documenta o de ‘parede’. Así, ese *Hormillas* falaríanos dunhas paredes ou valados pequenos. Porén, non parece ser esta a vía que nos sirva para *A Formilla*, pois o diminutivo latino -ĒLLA daría en galego *-ela* (con /e/ aberto). É certo que na toponimia galega aparece o sufixo *-illa*, resultado da presión do castelán, como en *A Casilla*, pero iso sempre acontece con palabras de cuxo significado o falante ten plena conciencia, cousa que non sucede con *A Formilla*. Ademais, non se documenta no dominio do galego o uso de *forma* co valor de ‘parede’ (aínda que si do seu derivado *formal*); e este último substantivo si aparece en multitude de nomes de lugar como *A Parede*, *Paredes* ou *Pardiñas* (de *Parediñas*).

No inicio do topónimo temos o elemento *Form-*, idéntico ao que nos aparece noutros nomes de lugar como *Formariz/Formaris*. En concreto, este vén dun antigo nome de posesor xermánico: (VĪLLA) FROMARICI (‘casal de Fromarigo’). Seguindo esta pista fonética, propoñemos para *A Formilla* un étimo FRUMILDI, nome xermánico composto dos elementos \**fruma-* (‘primeiro’) e \**ild-* (‘batalla’, ‘guerra’). Para, a partir del, chegar a *Formilla*, cómpre supoñer unha forma intermedia \**Fromille*, sobre a que operarían posteriormente dous cambios fonéticos ben coñecidos: a metátese do /r/ e unha relaxación da vogal /e/ final ata dar /a/. Un posible paralelo podemos atopalo no portugués *Fermilhe* (municipio de Oliveira de Azeméis, en Aveiro), testemuñado na Idade Media como *Fromili*.

Finalmente, se todo o que dixemos ata aquí é correcto, a presenza do artigo débese á perda de conciencia por parte dos falantes da orixe do topónimo, cuxo remate en *-a* impulsou a adición do determinante feminino.

De todos xeitos, queremos subliñar que isto é unha hipótese de traballo, difícil de confirmar, sobre todo porque carecemos de atestacións medievais para este topónimo. É certo que, xa no s. XVIII, as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* o rexistran baixo formas que non serven para establecer un étimo seguro: *Fermilla* e *Furmillá*, coas características alteracións da vogal átona pretónica.

## Fornelos

### Lugar da parroquia de Esteiro

É este un topónimo de procedencia latina: un diminutivo do substantivo FURNU, que significaba (e nos dá, etimoloxicamente) ‘forno’.

Hai moitos outros lugares da toponimia maior e menor de Galicia que se chamaban *Fornos* e *Fornelos*. Algúns deles refírense a instalacións destinadas a cocer pan, pero a maioría dan conta de concavidades naturais no relevo ou no perfil do terreo.

No caso do *Fornelos* esteirán, e ante a falta de información arqueolóxica, parece que a referencia é aos entrantes e saíntes que nesa zona presenta a costa. Fan a mesma alusión a ocos terrestres os microtopónimos *A Furna* (no mesmo Esteiro), *O Rego do Forno* (Sestaio) e *Os Forniños* (Serres). Pola contra, *Tras do Forno* (Abelleira), o *Rueiro dos Fornos* (Louro) e a *Rúa dos Fornos* (Muros), refírense a antigas instalacións para a cocción de cereal.

En 1208, ao entrar como monxe en San Xusto de Toxos Outos, un individuo chamado *Johannes Martini* fixo unha doazón ao convento, retirando asemade a demanda que interpuxera contra os frades pola propiedade da metade de sete castiñeiros que en *Fornelos* plantara o seu irmán Martiño. O texto dá como principal referencia xeográfica a igrexa de Santa María de Roo (*Sancte Marie de Roo*), no actual concello de Noia, onde hai un lugar chamado *Paradela*, que pode corresponderse coas *Paradelas* citadas no documento. Ata agora non se rexistrou ningún *Fornelos* en Noia, municipio próximo coa parroquia de Esteiro, pero iso non permite aseverar que o mencionado no documento medieval sexa o esteirán. De feito, o editor do *Tombo de Toxos Outos* considera que o tal lugar está sen identificar.

Por outra parte, a mesma colección documental recolle unha *villa de Fornelis*, pero nese caso a alusión debe ser a algún lugar (desaparecido ou sen rexistrar) do que hoxe é o concello de Rois. En efecto, o documento en cuestión é unha relación (sen data) das herdades que o cenobio tiña *in terra de Valeyron*: hai recollida toponimia menor co elemento *Baleirón* no devandito municipio, e outros nomes de lugar citados no texto poden localizarse con facilidade dentro del (*Ferreiros* e *Soutullo*, por exemplo).

Nin o *Catastro de Ensenada* nin as súas Comprobacións nos din nada sobre este lugar. Tampouco o citan Madoz nin os nomenclátors españois do s. XIX.



## Gurugú, O

Monte da parroquia de Esteiro

Este nome aparece ata dezasete veces no noso país (en diversas variantes morfolóxicas e gráficas), e sempre na toponimia menor, segundo os datos achegados polo portal colaborativo Galicia Nomeada. Estritamente, a súa etimoloxía é bérber (hai quen lle propón o significado de ‘corazón’): é o nome dun monte que hai en Marrocos, preto da cidade española de Melilla. A principios do s. xx o goberno español decidiu emprender unha aventura colonial no norte de África coa idea de recuperar parte do prestixio perdido tras o Desastre do 98. A zona próxima a Melilla foi escenario, case desde o primeiro momento, de intensos combates entre as tropas peninsulares e a xente do Rif, liderada polo caudillo Abd el-Krim. Moitos mozos españois, e non poucos galegos entre eles, deixaron a vida naquelas terras.

A consecuencia desta historia, o topónimo naturalizouse como nome común: *gurugú* serviu como sinónimo de ‘liorta’, ‘pelexa importante’. E así, algúns lugares onde se produciron sucesos violentos acabaron tomando o nome do devandito monte africano.

O mesmo sentido posúe o curioso nome de lugar *Corea* (na parroquia de Abanqueiro, no concello de Boiro, e na de Mosteiro, no de Outeiro de Rei), que ten a súa orixe na marca que na memoria popular deixou a guerra desenvolvida naquela península asiática entre 1950 e 1953.

50

## Ingüeiro, O

Corrente de auga temporal da parroquia de Louro

Recibe este nome (un únicum) o lugar en que, en momentos puntuais do ano, a lagoa de Louro reborda por riba da barra de area que a separa do mar, formando un río de augas bastante rápidas nos primeiros días do fenómeno. A corrente comeza



O Ingüeiro aos poucos días de formarse

o seu camiño nun punto estreito, o máis doado de superar polo fluxo, e é a esa angostura á que temos que mirar para atopar a orixe da palabra.

En relación coa súa procedencia etimolóxica, consideramos probable que *Ingüeiro* sería unha variante de *angüeiro*, substantivo recollido en varios dicionarios co significado de ‘pequena canle, polo común estreita e profunda, que polo medio dos xuncais leva augas correntes ao mar’. Á súa vez, *angüeiro* parece unha alteración de *augüeiro*, derivado de *augua*, unha das formas que tomou en galego o latín *ĀQUA*.

## Insuela, A

### Lugar da parroquia de Esteiro

*Insuela* é un diminutivo de *insua*, substantivo tras o cal está o latín *INSŪLA*, que tivo no galego dúas evolucións, ambas con clara pegada do significado orixinal: unha é *illa* (‘porción de terra rodeada de auga por todas partes’), e a outra é a devandita *insua*, que os dicionarios definen como unha illa situada na corrente dun río.

En latín, a palabra tamén designaba os edificios de varios pisos, típicos da cidade de Roma, en que moraba gran cantidade de persoas, e que formaban, en sentido figurado, un conxunto de illas. Esa idea de ‘elemento separado’ é a que perdura na *Insuela* como topónimo, pois alí onde aparece (e é bastante abondoso na microtoponimia galega, con diferentes variantes) adoita identificar zonas máis ou menos altas delimitadas por un curso de auga. Este é o caso do lugar chamado *A Insuela* de Esteiro, situado nun entrante da terra na desembocadura do río Maior.

*Insua*, sen diminutivo, está presente na microtoponimia doutras parroquias do concello: en Esteiro encontramos *As Insuas*, igual que en Serres, onde dan nome a un Instituto de Ensino Secundario. E en Louro temos *A Insua de Terra* e mais *A Insua de Fóra* (esta un afloramento rochoso no mar).

Segundo recollen as Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, unha muller chamada *María Rodríguez* tiña unhas terras denominadas *Insuela* nesta parroquia. Polo que se refire ao NG, recolle outra *A Insuela*, no concello coruñés de Ortigueira. A forma sen artigo dáse tres veces máis (nos municipios pontevedreses de Cerdedo-Cotobade e A Estrada e, dentro da provincia da Coruña, no de Ribeira).

Para rematar, *Insuela* existe como apelido, pois a CAG documenta 51 ocorrencias nos seguintes concellos: San Cibrao das Viñas (Ourense), Ourense, Vigo e Cerdedo-Cotobade, un dos que mencionamos no parágrafo anterior, pero non o hai no concello de Muros, polo que este topónimo non foi o foco do apelido.

## Laxe, A

### Lugar da parroquia de Esteiro

O substantivo *laxe*, con variante *laxa*, que designa unha lousa de pedra ampla e lisa, procede dunha palabra prerromana (quizais céltica) latinizada na Idade Media

como LAGENA. É unha forma moi presente na toponimia maior e menor de Galicia. Sen saír deste concello, en todas as parroquias hai microtopónimos *Laxa*, *Laxe*, *Laxiñas*, *Laxeiras* ou *As Laxas*.

Non atopamos atestacións medievais deste topónimo da parroquia de Esteiro. Tampouco aparece no *Catastro de Ensenada* nin nas súas Comprobacións. Madoz tampouco fala del, aínda que si o fai o Nomenclátor estatal de 1880, no que *Laje* aparece como unha aldea de tres habitantes.

Como apelido, a CAG rexístrao coa forma *Lage*, e aparece espallado polas catro provincias. O concello que ofrece maior porcentaxe de ocorrencias é o de Fornelos de Montes (Pontevedra).

## Lestón de Abaixo

Lugar da parroquia de Abelleira

## Lestón de Arriba

Lugar da parroquia de Torea

Ao tratar a etimoloxía de *Lestón* temos que entrar no ámbito da flora, que nos dá moitos topónimos. Abelardo Moralejo emparéntao co substantivo *lesta* (*Anthoxanthum odoratum*), que o DRAG define así: ‘planta da familia das gramíneas con talo único ergueito de ata cincuenta centímetros e rematado nunha espiga de pequenas flores, que despidе un agradable recendo ao ser cortada e se cultiva nalgúns lugares como forraxe’. O étimo da palabra parece ser un suposto \*LISTA, voz de probable orixe prerromana, en uso desde época moi antiga: así o demostran os frecuentes nomes de lugar relacionados en Galicia con este substantivo, como *Lestedo* e *Lestido*. O problema é que o sufixo -ón (< latín -ŌNE) non adoita ter valor abundancial, senón de indicación dun posesor, como vemos, por exemplo, en *Sendón/Cendón* (< CENDONI), *Nantón* (< \*NANTONI) ou *Bolón* (< BELLONII).

Tocante a *Abaixo*, é un adverbio formado a partir da expresión do latín tardío \*AD BASSIU, no que BASSIU é unha variante do adxectivo *bassus*, que significa ‘gordo e pouco alto’. Así, a expresión \*AD BASSIU quere dicir ‘cara a (un lugar) baixo’.

Coidamos que se pode facer referencia a un destes dous *Lestón* nun documento de Toxos Outos do ano 1208, polo que un cabaleiro chamado *Garsia Anaie* fai un intercambio de propiedades co mosteiro. Nel menciónase un *villare de Leston*, a carón de *Esteiro* (*Hesteyro*) e *Reboredo* (*Rovoredo*), lugar da freguesía esteirá do que falaremos máis adiante. Máis tarde, en 1558, un documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita o “lugar de *Leston*, sito en *San Xian de Torea*”. Dez anos despois temos tamén constancia de dous irmáns residentes en Abelleira chamados *Afonso de Leston* e *Juan de Leston*.

O topónimo ten presenza nas dúas parroquias nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que ademais cita varios individuos apelidados *Lestón*. Madoz

recólleo como lugar da parroquia de Abelleira, e da aldea de *Lestón de Abajo* fala o Nomenclátor de 1880, cunha poboación de trece habitantes.

O Nomenclátor de Galicia reconece outros dous *Lestón*, ambos na provincia da Coruña: un no concello de Coristanco e outro no da Laracha. Sobre o seu uso como apelido, a CAG dínos que a gran maioría das ocorrencias se dan no oeste de Galicia, e é precisamente o concello de Muros o que amosa a maior porcentaxe, seguido dos municipios veciños de Carnota e Outes.

## Louro (Santiago)

### Parroquia de Muros

Malia existiren estudosos, como Rivas Quintas, que suxiren unha raíz prerromana \*lor- (‘rocha’, ‘monte’), nós pensamos que a etimoloxía máis probable para este *Louro* é o latín LAURU, ‘loureiro’. Con todo, non nos parece plausible que o topónimo veña motivado pola presenza abundosa desa planta, ao revés que en casos como *Louredo*, por exemplo, que ten un claro sufixo abundancial. Aquí a razón debe estar, coidamos, na cor da vexetación do monte que lle dá nome á parroquia, coma no caso de *Monterroso* (< \*MONTE RUSSU, ‘monte rubio’). Así, a flora de *Monte Louro* debeu destacar nalgún momento por ter unha cor verde moi escura. Cómpre ter en conta, ademais, que LAURU foi empregado de maneira adxectivoal co valor citado, pero co tempo foi cambiando o seu referente ata indicar ‘moreno’ ou ‘negro’; mesmo tamén, nun desprazamento aínda non ben explicado, chegou a designar o cabelo dourado, sentido que ten hoxe.

Hai abondosos testemuños medievais deste topónimo, que nos documentos aparece case sempre recollido coa mesma forma que a actual, coa mención da advocación a Santiago polo menos desde 1195. Tamén se poden atopar antropónimos como *Pelagius de Lauro*, no que semella un intento de relatinización, fenómeno bastante frecuente nos textos medievais, e que ás veces chega a extremos chuscos: en non poucas ocasións atopamos o mosteiro de Toxos Outos citado como *Sanctus Iustus de Tribulis Altis*, denominación na cal se usa *tribulum* (‘abrollo’) ante a falta dunha palabra latina para *toxo*.

Como cabeceira de parroquia, o *Catastro de Ensenada* fai mención expresa deste *Louro*, igual que o *Diccionario* de Madoz. Este último di que a parroquia de *Santiago de Louro* consta de tres lugares: *Ventín, Louro e Taxes* (os mesmos que reconecen os nomenclátors de 1860 e 1880): entre todos suman unhas 400 casas. Segue Madoz relatando que a freguesía ten dúas fontes de boa calidade e unha escola *indotada* á que asisten vinte nenos e catro nenas. Sobre o clima, dise que é temperado e que as enfermidades da poboación consisten maiormente en erupcións cutáneas. Á parte da igrexa parroquial, menciónase unha ermida dedicada a San Roque, *sostenida por la piedad de los fieles* (hoxe xa non existe, pero queda memoria dela no microtopónimo *Campo de San Roque*). Di tamén que a freguesía está regada por un pequeno río, probablemente o Longarela (nace un pouco máis abaixo do lugar de Taxes e desemboca na lagoa de Xalfas, tras percorrer uns 2 km).

Engade Madoz que o terreo é crebado e pouco fértil, e que produce principalmente millo, centeo e patacas. A actividade económica complétase coa cría de gando, sobre todo lanar, e a industria da salgadura.

Esas salgas referidas por Madoz instaláronse en Louro xa ben entrado o s. XIX, nunha segunda vaga de expansión deste tipo de fábricas, posterior á chegada das familias catalás, a finais do s. XVIII e principios do mesmo XIX. A presión sobre os caladoiros de peixe —sobre todo de sardiña— no interior da ría impulsou as industrias a buscar a materia prima cada vez máis cara ás augas exteriores, o que fixo necesarias novas instalacións. Das que houbo na parroquia de Louro dáse conta nas entradas dedicadas ao *Ancoradoiro*, *O Fogareiro*, *San Francisco* e *Vieta* (véxanse).

O NG inclúe dous lugares máis chamados *Louro*: un no concello de Trabada (Lugo) e outro no de Valga (Pontevedra). Como apelido, a maioría das ocorrencias aparecen na provincia da Coruña, e a maior concentración dáse no municipio de Carnota, seguido dos de Carral, Dumbria e Muros, polo que este topónimo muradán debe ser o principal foco do apelido.

## Lugar do Fondo, O

Lugar da parroquia de Sestaio

No actual NG este lugar figura como *Fondo*, pero en vindeiras edicións tomará a forma que ofrecemos aquí.

A voz ‘lugar’ é unha evolución do adxectivo latino LŌCĀLE (‘do lugar’). Polo que toca a *Fondo*, provén do substantivo FUNDU, tamén de orixe latina, que designaba, en principio, a parte inferior, vista desde dentro, de calquera obxecto oco. A partir desta idea de ‘base’ desenvolvéronse outras relacionadas: a de ‘terreo sen edificar’, ou ‘terreo’, en xeral, que é a que aínda temos en palabras como o substantivo *minifundio* (‘pequena propiedade agrícola’), o verbo *fundar* (literalmente, ‘basear’) ou o adxectivo *fondo*, *-a* (‘que está lonxe da superficie’).

Na toponimia, sempre que aparece, *Fondo* semella aludir a unha depresión do terreo, como é o caso deste lugar de Sestaio (onde tamén están os microtopónimos *O Fondiño* e *Os Fondiños*).

Atopamos unha mención a este *Lugar do Fondo* no Nomenclátor de 1880 (como *Fondo*), onde aparece como unha aldea de 56 habitantes. *Fondo* é moi frecuente na toponimia maior e menor de Galicia, e moitas veces dáse como integrante do sintagma toponímico *Fondo de Vila*. Como apelido é moi pouco abundante, e a meirande parte das súas ocorrencias concéntranse no noroeste da provincia da Coruña, sobre todo nos concellos de Cabana e Ponteceso.

# Maio, O

## Lugar da parroquia de Esteiro

Para propoñer unha hipótese sobre este difícil topónimo, imos partir dos arquivos medievais. En efecto, varios documentos do *Tombo de Toxos Outos* aluden a este lugar con diferentes nomes.

Unha das referencias aparece nun testamento, sen data, asinado por *Martino Anaiaz*, no cal se fala de dous predios, “uno in *Rovoredo* et alio in *Umaio*” (a referencia ao lugar de Esteiro parece segura pola mención de *Reboredo*, que xa nos apareceu ao falar de *Lestón de Abaixo* e *Lestón de Arriba*). Outro testemuño data de 1168, e dá fe dunha doazón que *Petrus Sarrazenci* e a súa esposa *Gelvira Suariz* lle fan ao mosteiro dunha “villa quo vocitant *Vinaio*” (‘vila que chaman *Vinaio*’; seguramente erro do copista por *Umaio*), situada en *Istario* (Esteiro).

Estas dúas atestacións parecen abrir unha porta interesante: a do posible paralelismo con hidrotopónimos como *O Mao*, ben coñecidos en Galicia. Para Bascuas, eses *O Mao* presentarían a deglutinación dun falso artigo: \**Omao* > *O Mao* (cómpre dicir, con todo, que algún río *Mao* pode ter orixe en \**RĪVU MĀLU*, ‘río malo’, como indicaremos ao falar do *Riomao* de Torea). Varios deses *O Mao* aparecen na Idade Media como *Humano* ou *Omano*: trátase de relatinizacións levadas a cabo polos escribáns cando sentían que unha palabra non lles encaixaba coa sonoridade nin coas formas comúns das palabras latinas. Os redactores oían /omáo/ e pensaban estar ante unha forma na que se perdera a nasal intervocálica da terminación -ĀNU, como acontecía, por exemplo, con *irmao* (< GERMĀNU). Segundo Bascuas, estes hidrotopónimos conteñen un tema \**um-*, procedente da raíz \**weg-* (‘húmido’), responsable do latín *umidus* (o noso *húmido*), por exemplo. Dela descenderían tamén nomes de ríos como *Umia* ou *Eume*, e substantivos como *umeiro*, apelativo dunha árbore que gusta de medrar nas beiras dos ríos.

Con todo, hai dúas dificultades de tipo fonético para acabar de relacionar estes *O Mao* co noso *O Maio*. A primeira reside en que na zona occidental de Galicia, en que nos atopamos, a terminación -ĀNU non dá -ao, senón -án (GERMĀNU > *irmán*), polo que esperaríamos formas tipo \**Omán* ou \**Umán*. A segunda ten que ver co *i* interior, que habería que explicar como produto dunha epéntese: a introdución dun son vocálico entre outras dúas vogais. É certo que en galego temos este fenómeno en formas verbais como *caio* (1ª persoa de singular do presente do verbo *caer*), que antes foi *cao*, a partir dun CĀDO latino; pero é moi raro fóra do sistema verbal (temos *vao*, mais non \**vaio*, a partir de VĀDU). Malia todo, na pronuncia local do *Maio*, ese /i/ soa bastante relaxado, con certa apertura, como é típico nas epénteses.

Como se ve, é difícil trazar a orixe dese final en -aio, aínda que non é infrecuente na toponimia galega, na que adoita aparecer unido a lexemas de orixe prerromana, en que parece caracterizar hidrotopónimos: *Lemaio*, *Baldaio*, *Noaio*, *Tabeaio* etc. Para *Baldaio* existe un testemuño medieval *Valdani*, que semella un xenitivo latino, pero esa forma esixiría unha evolución *Baldán* / *Baldai*. Se pensamos nun posible paralelismo para *O Maio*, poderíamos ter un étimo \**Omani*, ou mesmo un



nominativo *\*Omanius*; pero a partir deles deberíamos ter resultados como *\*Omán*, *\*Omai* ou *\*Omaño*, que non se dan. Como se ve, o terreo polo que andamos é pouco firme. Polo tanto, poucas cousas seguras podemos dicir sobre *O Maio*, máis alá de que as súas orixes son, probablemente, moi antigas.

Ademais das atestacións medievais, un documento de 1484 conservado na Fundación Penzol, sobre as posesións do escudeiro Lopo de Caamaño nas parroquias de Esteiro e Tal, fala dunha veciña apelidada *do Mayo*. Menciona o lugar (ademais dun individuo chamado *Juan Domayo*) outro documento de 1563 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. O *Catastro de Ensenada*, pola súa parte, cita un *Lugar do Maio* e varias persoas apelidadas *Maio/Mayo*. Para rematar, malia estar ausente do *Diccionario* de Madoz, os nomenclátors estatais do s. XIX recollen unha aldea *Mayo* en Esteiro: o documento de 1860 recoñécelle 126 casas, e 339 habitantes o de 1880. Así, vese que *O Maio* foi desde hai tempo un núcleo consolidado e ben poboado.

No NG hai outro nome de lugar baseado na mesma forma: o concello de Negreira ten un *Maio Grande* e un *Maio Pequeno*. Como apelido, e baixo a forma *Mayo*, a CAG amósanos a maioría das súas ocorrencias no suroeste da provincia da Coruña, cos concellos de Muros, A Baña, Negreira e Outes á cabeza das porcentaxes. Convén dicir tamén que a castelanización gráfica *Mayo* inflúe na pronuncia do /i/ interior orixinal, que se realiza como consoántica no canto de vocálica.

## Marselle

### Lugar da parroquia de Esteiro

O topónimo pertence á familia dos rematados en *-elle* que nos adoitan falar dun antigo posesor. Así, *Marselle* debe proceder dunha expresión semellante a *VILLA MARCELLI*, ou sexa, ‘casal de Marcelo’ (a forma actual amosa o seseo propio da zona). Este nome de lugar aparece tamén como elemento formante de varios sintagmas microtoponímicos na mesma parroquia de Esteiro, pois alí están *A Coviña*, *A Fonte*, *O Muíño* e *Os Chans de Marselle*.

Desde o punto de vista etimolóxico, o xenitivo *MARCELLI* pertence ao antropónimo *Marcellus*, que é un diminutivo do nome romano *Marcus*, amplamente empregado polos romanos, e que significa ‘relacionado co deus Marte’ (< *\*MARTOS*). *Marcellus* foi un cognome (alcume de familia) propio dos Claudios, unha das liñaxes máis sobranceiras da antiga Roma.

Non atopamos testemuños deste *Marselle* esteirán na documentación medieval, pero menciónase nun documento do ano 1563 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e tamén nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que citan na parroquia un *Molino de Marselle* e un *Manuel de Marselle*. Madoz non o rexistra, pero o Nomenclátor español de 1880 menciónao como unha aldea de sete habitantes. Pola súa parte, o NG recoñece outro *Marselle* na parroquia de Vilacova (Lousame, A Coruña). Ademais, a forma sen seseo, *Marcelle*, é un topónimo maior

no concello coruñés de Negreira, nos lugueses de Vilalba e Outeiro de Rei, e mais no ourensán de Xunqueira de Espadanedo.

## Miraflores

### Lugar da parroquia de Muros

O noso verbo *mirar* procede do latín *mīrāri*, que significaba ‘mirar con aprecio’, ‘admirar’. Co paso do tempo modulou o seu sentido e quedou en ‘ver con intención’, ‘reparar en’.

Na toponimia, a 3ª persoa do singular do presente do verbo *mirar* aparece ás veces como primeiro elemento de nomes de lugar alusivos ás vistas que desde eles se poden apreciar. Un exemplo é o *Miramar* de Cores (Ponteceso, A Coruña), e outro o famoso *Altamira* cántabro. O que fai o *Miraflores* de Muros é dar testemuño da que en tempos debeu ser abundante e vistosa vexetación no lugar.

Este *Miraflores* recóllese no *Catastro de Ensenada*, e tamén o cita o *Diccionario geográfico* de Madoz: del di que é unha aldea poboada por 46 persoas. O Nomenclátor de 1860 atribúelle 27 edificios, e o de 1880 recólleo como unha aldea de 140 habitantes. O NG, pola súa parte, reconece seis *Miraflores* máis, case todos en concellos da provincia da Coruña (entre eles, o de Noia parece estar xa atestado en 1551).

## Mondelo

### Lugar da parroquia de Abelleira

Se separamos o sufixo *-elo*, que ten orixe latina, quedáanos a raíz *Mond-*, con dúas posibles orixes.

Unha pode ser o lexema xermánico *\*mund-* que significa ‘defensa’, ‘protección’. Este elemento, de xeito simple ou en composición con outra raíz, aparece en topónimos como *Baamonde*, *Mondariz* ou *Mundín*. O máis frecuente é que eses nomes de persoa dean unha forma actual que deriva dun antigo xenitivo latino, caso que expresa propiedade. Nos exemplos citados, *Baamonde* vén dunha expresión como (VILLA) *BADAMUNDI* (‘casal de Bamundo’), *Mondariz* de (VILLA) *MUNDERICI* (‘casal de Mondarico’) e *Mundín* de (VILLA) *MUNDINI* (‘casal de Mondino / Mondíño’). No noso caso, *Mondelo* non procedería dun xenitivo, senón dun nominativo ou acusativo *\*MUNDELLU*, en paralelo con outros como *Balteiro* (< *BALTARIU*). Ora ben: nese posible étimo *\*MUNDELLU* poderíamos ter o diminutivo do antropónimo latino *Mundus*, baseado nun adxectivo homónimo que significa ‘limpo’ ou ‘elegante’. En todo caso, calquera das dúas posibilidades permite pensar na alusión a un antigo propietario.

Da existencia do *Mondelo* de Abelleira, polo menos desde o século XVIII, dan fe as Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que o sitúan na *Vega do Padron*,



da cal é continuidade o actual microtopónimo *Os Padróns*, próximo a *Mondelo* (nome tamén dun muíño e dunha praia na contorna inmediata).

O actual NG recolle outros dous *Mondelo*, ambos en concellos da provincia da Coruña: Oza-Cesuras e Ribeira. A forma aparece tamén como elemento de sintagma nos topónimos maiores *Vilar de Mondelo* e *Pacios de Mondelo*, que están no concello de Quiroga (Lugo). É precisamente nese municipio (e nalgúns lindeiros con el) onde a CAG rexistra a maior porcentaxe de persoas que levan o apelido *Mondelo*.

## Monte Louro

Monte da parroquia de Louro

*Monte* procede directamente do latín MONTE, sen variación de significado.

Para *Louro*, véxase a entrada correspondente.

## Muíño do Vento, O

Lugar da parroquia de Muros

O latín ten a palabra MŎLA, que designa en primeiro lugar a pedra redondeada empregada para moer: de aí vén a nosa *moa*. Tocante ao substantivo *muíño*, vén dun adxectivo derivado de MŎLA: MŎLĪNU (‘pertencente ou relativo á moa’). En canto a *vento*, non ten maior misterio, pois procede do latín VĒNTU.

É clara aquí a referencia á típica construción dedicada a moer gran aproveitando a forza eólica. Da que dá nome a este lugar quedan restos no monte que está sobre o cabo Rebordiño e cítase nun documento do ano 1662 transcrito por M<sup>a</sup> Ángeles Novoa, incluído no *Tumbo de la Luminaria de San Pedro y Santa María de la villa de Muros*. Nesa compilación aparecen recollidas as disposicións testamentarias dos veciños da vila destinadas a soster o culto, en particular a iluminación



con cera e aceite. Así, no devandito documento menciónanse unhas cortes, agros e hortas “alderededor del *molino de bento* que es çito sobre el cabo que se dize e nombra del *Rebordiño*”.

Non atopamos mención deste lugar no *Catastro de Ensenada* nin nas súas Comprobacións. En 1789, o *Derrotero de las costas de España en el Océano Atlántico*, elaborado por Antonio Valdés e Vicente Tofiño de San Miguel, localiza “la Atalaya de Muros, alta, cortada a pique y hondable, con un *molino de viento* quasi arruinado en su cumbre”. Ausente en Madoz, aparece no Nomenclátor estatal de 1880, que cita *Molino de Viento* como casa de labor, á que vincula dez habitantes. O NG rexistra ata cinco lugares máis denominados (*O Muiño do Vento*, catro deles na provincia da Coruña e un na de Pontevedra.

## Mureira, A

### Lugar da parroquia de Abelleira

Como é habitual na toponimia, aquí o sufixo *-eira* (< latín *-ĀRĪA*) indica abundancia dunha especie animal ou vexetal. É certo que hai quen prefire relacionar os lugares chamados *A Moreira*/*A Mureira* e similares cunha raíz prerromana *\*mor-/\*mar-*, de significado hipotético ‘rocha’ ou ‘monte’, e que dá moitísimo rendemento na toponimia maior e menor. Nós preferimos seguir a liña de Navaza, e coidamos que, na súa meirande parte, teñen que ver co substantivo común *moreira*, que provén dun antigo *\*MŌRĀRĪA*, palabra coa que se designaba a árbore que dá as amoras, brancas, vermellas ou negras.

A *amora* era denominada en latín *MŌRUM*, palabra tomada en préstamo do grego, o que foi un procedemento frecuente no idioma dos romanos cando se trataba de nomes de froitos e árbores froiteiras. Se hoxe lle chamamos *amora* e non *\*moro* ou *\*mora* (como si o fai, no último caso, o castelán), é por dúas razóns: unha é o uso do plural neutro *mora* como nome do froito, que, ao rematar en *-a*, pasou a ser feminino pola desaparición do xénero neutro; a outra é a fusión do *a* do artigo co substantivo, por unha mala interpretación (*mora* > *a mora* > *amora*). De feito, non é estraño escoitar como aos lugares distinguidos con este nome se lles chama *A Amoreira*.

*A Mureira*, ademais de topónimo maior, dáse neste concello como microtopónimo na parroquia de Serres. Pola súa parte, a freguesía de Louro preséntao como *A Moreira*. Entre as dúas formas, a máis antiga é *A Moreira*, pois ofrece a evolución regular do /o/ longo latino. O que se dá na *Mureira* é un reflexo da vacilación das vogais átonas pretónicas, tendencia viva na fala actual: hai quen di *\*bunita* no canto de *bonita*.

As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* infórmanos de que *Antonio de Maio* tiña unhas terras denominadas *Moreira* na *Vega do Padron*, que debe ser esta mesma, por atoparse preto o microtopónimo *Os Padróns* (xa mencionado na entrada *Mondelo*).

No NG *A Mureira* é un únicum, pero *A Moreira* é moi abundante, como xa comentamos no primeiro parágrafo. Segundo a CAG, o apelido *Moreira* está espallado polas catro provincias, pero as maiores concentracións danse no concello pontevedrés da Lama e no coruñés de Laxe.

## Muros

Lugar da parroquia de Muros

### Muros (San Pedro)

Parroquia de Muros

A etimoloxía deste topónimo, que na súa forma orixinaria era *Muro*, é a mesma que a do substantivo común: o latín *MŪRU*, de igual significado. Máis difícil é saber a que parede se refire. Pode ser que a vila, de seguro habitada con anterioridade á concesión real da Carta de Poboamento (véxase a Introducción), tivese en época temperá algún tipo de valado protector. A motivación do nome de lugar non pode ser a primeira muralla da que temos noticia certa, pois data, como moi cedo, do s. XIV, cando xa había tempo que o topónimo estaba asentado. Talvez houbo un primeiro recinto pechado por un muro perimetral, que logo foi ampliado ou refeito. Outra posibilidade é que as formacións montañosas que se erguen moi preto da beiramar, e que dominan a abra, desen pé a un sentido figurado.

O topónimo ten multitude de atestacións antigas. A primeira que coñecemos é de 1158, ano en que un individuo chamado *Petrus Siccus* (hoxe sería Pedro Seco) fixo testamento, vontade escrita que se conserva no *Tombo de Toxos Outos*, e no cal *Sancti Petri de Muro* aparece mencionado a carón das parroquias de Sestao e Torea. Outro documento de Toxos Outos, este de 1283 e escrito en galego, cita como *a pobra de Muro*. De tres anos despois, en concreto do 4 de outubro de 1286, data a Carta de Poboamento outorgada en León por Sancho IV de Borgoña, alcuñado O Bravo, rei de Castela, León e Galicia. Está redactada en castelán e nela a forma do topónimo é *Puebla de Muro*. En singular seguímolo vendo en varios documentos que van desde 1418 a 1434. A primeira vez que se detecta o plural *Muros* é nunha concesión do arcebispo de Santiago a Vasco López de Ulloa, declarada no *Libro de Feudos* do Arquivo Histórico da Diocese de Santiago de Compostela e datada o 12 de novembro de 1448: esa será a forma que permaneza de aí en diante.

O paso do singular ao plural pode explicarse pola alusión aos diferentes lenzos dos que constaría a muralla inicial ao longo do seu trazado, ou pola idea de colectivo que dá o plural *Muros* sobre o singular (*Puebla de*) *Muro*, como pasou con outros nomes de lugar, tipo *Burgos*, *Alpes* ou *Atenas*.

Ao ser unha vila con importante actividade económica de vello, era lóxico que aparecese no *Catastro de Ensenada*, como así é. Pola súa parte, o *Diccionario* de Madoz recólleo como partido xudicial e como vila e porto, cunha descrición bastante detallada nas dúas epígrafes. Sobre a vila di que goza dun clima temperado

e san, malia dárense *fiebres estacionales* e padecérense *algunos vicios sifilíticos*. Conta Madoz unhas 4 000 casas, distribuídas en dous barrios: *Gesta* (o vertebrao arredor da actual rúa da Xesta, denominada oficialmente, co nome deturpado, como *A Axesta*) e *Cerca* (o antigo recinto amurallado). Menciona só dúas rúas dignas de tal nome: a de *Arriba* (vía que comeza na mencionada rúa da Xesta e chega ata os límites da antiga muralla) e a da *Ribeira* (ampliada e convertida moito máis tarde no que hoxe é a avenida Castela). Da última dise que está provista de abondosos soportais, igual que na actualidade. Ademais, hai tres prazas: a *Mayor*, a da *Leña* e a de *los Toros*, que hoxe son a praza de Galicia (ou do Mercado), a do Cristo e o Curro da Praza (onde no seu tempo se celebraron espectáculos taurinos). Tiña Muros daquela unha escola privada á que asistían uns 40 nenos e 30 nenas. Tocante á actividade económica, Madoz destaca entre os cultivos principais o millo, as patacas, o centeo, o liño, os legumes, as froitas e as hortalizas. No eido do gando, Muros traballaba o vacún, o porcino e o lanar. A industria da salga era importante, como xa sabemos, e dentro do concello declara Madoz unhas vinte fábricas. Era notable a edificación relixiosa, cunha igrexa parroquial (Santa María do Campo, antiga colexiata) e nove ermidas: San Roque, O Carme, Santa Isabel, San Xosé, San Marcos, Virxe do Camiño, Espírito Santo, Santa Cruz (hoxe non conservada, e que estaba preto da de San Marcos) e Fonte Santa (hoxe Nosa Señora das Neves, popularmente denominada *As Neviñas*).

O Nomenclátor español de 1860 menciona, como entidades de poboación venciladas á vila, as aldeas de *Alivía*, *Campo de Cortes* e *Miraflores*, á parte do arrabalde da *Virgen del Camino* e o muíño fariñeiro do *Queimado*. Pola súa parte, o de 1880 engade ás aldeas anteriormente citadas a de *San Roque*, definindo o *Queimado* como casa de labor, igual que o *Molino del Viento*.

O NG reconece outros seis topónimos maiores (*Os*) *Muros*, repartidos polas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Para rematar, a CAG documenta once ocorrencias do apelido *Muros*, todas elas neste mesmo concello.

## Pando

### Lugar da parroquia de Torea

Este topónimo procede do adxectivo latino *PANDU*, que significa ‘curvo, -a’, ‘coveado, -a’. De feito, o DRAG recolle o adxectivo *pando*, -a, definido así: ‘que torceu ou que adquiriu forma curva a causa do peso, da humidade, da idade etc.’. Como nome de lugar, *Pando* designa un terreo chan situado entre varias cotas máis altas, a xeito de concavidade. Na parroquia de San Pedro de Muros temos a mesma base, con sufixo diminutivo, no topónimo menor *A Fonte do Pandelo*.

Non atopamos mención deste *Pando* na documentación medieval, pero si se cita nun documento de 1562 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago o *lugar y casal de Pando*. O *Catastro de Ensenada* tamén nos fala del, e o *Diccionario* de Madoz sitúao, quizais por erro, na parroquia de Santo Estevo de Abelleira. É certo que *Pando* está preto do límite entre as freguesías de Pando e Torea, e

máis próximo aínda está o microtopónimo *Pando de Baixo*. Quizais o límite das parroquias fose distinto naquela época, pero non o cremos probable. En Abelleira, por certo, si que atopamos o topónimo menor *A Costa de Pando*. Para rematar, nos nomenclátors de 1860 e 1880 non asoma este nome de lugar.

Polo que se refire ao Nomenclátor de Galicia, *Pando* aparece nel doce veces, só ou formando parte dun sintagma toponímico. Na meirande parte dos casos esas ocorrencias danse en concellos da provincia de Lugo. Como apelido, a CAG rexistra *Pando*, máis só con 58 casos e unicamente nos concellos da Coruña, Betanzos e Vigo, polo que parece que o topónimo de Muros non foi produtor do apelido.

## Parede Nova, A

Lugar da parroquia de Tal

Este nome de lugar baséase nas palabras latinas PĀRĪĒTE, ‘muro medianeiro’, e NŌVA, que tiñan entre os romanos un significado idéntico ao actual. É un dos moitos exemplos da toponimia galega en que *parede* aparece para referirse a habitáculos pechados, polo común construcións de uso agrícola e gandeiro, como cortes ou cortiñas.

Este lugar de Tal está presente nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, onde figuran terras denominadas *Pared Noba* (forma semicastelanizada) e *Parede Nova*. Á parte desta ocorrencia como topónimo maior, *A Parede Nova* aparece na parroquia de Louro como microtopónimo. Por outra banda, na toponimia menor galega as formas saídas da mesma base ‘parede’ son moi abundosas. Sen saírmos do concello temos varios exemplos: *Tras Paredes* (Louro) *Antre as Parediñas* (Torea) ou *Sobre Paredes* (Abelleira).

Un derivado da mesma raíz é o microtopónimo *O Pardiñeiro*, que vemos en Abelleira (e co plural, *Os Pardiñeiros*, en Esteiro): ten a mesma raíz, aínda que con dous sufixos que lle outorgaron un sentido diferente. Así, *O Pardiñeiro* e *Pardiñas* saen, en última instancia, do adxectivo latino PĀRĪĒTĪNU: ‘relativo á parede’; a súa forma feminina plural, PĀRĪĒTĪNAS, tomou o significado de ‘parede vella’, ‘parede cativa’, ou mesmo ‘parede caída’.

## Parediña, A

Lugar da parroquia de Tal

Evidente forma diminutiva de ‘parede’. As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* recollen este nome de lugar coas formas *Parediña*, *La Parediña* e *A Parediña*.

Para a etimoloxía deste topónimo, véxase a entrada anterior, tendo en conta que *Parediña* é a forma plena de *Pardiña*, que deixou topónimos en plural, como xa indicamos.

# Pazo, O

## Lugar da parroquia de Abelleira

En principio, este topónimo é un firme candidato a proceder do latín *PĀLĀTĪŪ*. En Roma, a palabra empregouse para nomear un dos sete outeiros que formaban parte da cidade, e que hoxe coñecemos como Palatino. Cando a urbe era xa a cabeza dun grande imperio, a clase dirixente —emperadores incluídos— construíu as súas residencias nese outeiro, razón pola que, en latín clásico, o substantivo *palatium* acabou tomando o sentido que o seu descendente culto *palacio* conserva hoxe.

Pero de *PĀLĀTĪŪ* temos tamén *pazo*, a forma patrimonial: un edificio grande e luxoso que serve de residencia a unha persoa importante ou que antigamente foi vivenda dunha familia nobre. Na toponimia galega, maior e menor, *Pazo(s)* e *Pacio(s)* son moi abondosos. Segundo isto, deberíase deducir que, en tempos antigos, o territorio contou cunha enorme cantidade deste tipo de construcións, cousa que semella bastante improbable. Este razoamento levou a Moralejo Álvarez a formular a hipótese de que algúns (ou bastantes) deses *Pazos* deben ter outra orixe, que podería ser unha raíz presente nas falas indoeuropeas prerromanas. Ese lexema sería *\*pel-*, que significa ‘encher’, ou tamén ‘envasar’, e que está tras palabras como a grega *pólis* (‘cidade’), e, curiosamente, *PĀLĀTĪŪ*, para a que se reconstrúe un significado primitivo de ‘lugar acoutado para o pastoreo’. En todo caso, na meirande parte dos casos é difícil, por non dicir imposible, discernir cales e cantos dos múltiples *Pazo(s)* da toponimia galega proceden da palabra latina, co significado xa de ‘residencia sobranceira’, ou da mencionada raíz prerromana.

Por outra banda, pode ser que o substantivo *pazo* non se referise necesariamente a unha construción rechamante, senón simplemente a unha de tamaño e calidade algo maiores que as da súa contorna: isto permitiría soste a tese da orixe latina directa en *PĀLĀTĪŪ* para moitos deses *Pazo(s)*. Porén, no caso do *Pazo* de Abelleira, non parece haber memoria dunha edificación desas características. Isto déixanos dous camiños: considerar que a debeu haber hai moito tempo e hoxe está desaparecida; ou que o topónimo se debe explicar a partir da tese de Moralejo Álvarez exposta no parágrafo anterior.

Non atopamos testemuños medievais do topónimo que axuden a aclarar a cuestión. Polo que toca ás Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, mencionan unhas terras chamadas *Pazo* e outras denominadas *O Pazo*. As segundas aparecen situadas na *Vega de Agraboa* (actual *A Agra Boa*), que non está preto. As primeiras, pola súa parte, estaban na *Tomada de Perdigon*: os actuais *O Perdigón* e *Os Pozos do Perdigón* non quedan moi lonxe de onde hoxe está *O Pazo* aquí referido, polo que talvez se trate do mesmo lugar.

Madoz tampouco dá conta del, pero vémolos no Nomenclátor de 1880, que o cita como unha aldea de 145 habitantes. E, segundo a CAG, o apelido *Pazo* documéntase sobre todo no suroeste da provincia de Pontevedra, coa maior porcentaxe nos concellos de Cangas e Pazos de Borbén, pero non o hai en Muros.

## Pendente, A

Lugar da parroquia de Esteiro

Neste topónimo vemos o substantivo común *pendente*, herdeiro directo do participio de presente latino PENDENTE. Etimoloxicamente quere dicir ‘que colga’, ‘que pendura’. Co paso do tempo adquiriu diversos significados por sentido figurado, entre eles o de ‘terreo inclinado’ (coma se pendurase da cota superior), que é ao que responde este nome de lugar.

Na toponimia maior de Galicia é un único, e na menor danse algunhas ocorrencias máis, moitas veces en sintagmas (*Punta da Pendente, O Prado das Pendentes...*). Neste concello hai varios exemplos, entre os que destacan *Sapendente* (tamén en Esteiro) e *Suspendentes* (Louro), ambos coa fusión da preposición *so* (< latín SŪB), un artigo e o mencionado substantivo (véxanse máis detalles sobre esta construción na entrada *Sorribos*).

Só atopamos atestacións deste nome de lugar nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, documento en que aparece unha propiedade denominada *Pendente* encadrada na *Vega das Pendentes*, unha área máis ampla na cal tamén se rexistran microtopónimos aínda vivos hoxe, e moi próximos ao lugar da *Pendente*: *A Madoña, A Chousa* e *O Cagaloso* son algúns deles. Madoz non a cita, nin tampouco detalla os lugares da parroquia de Esteiro. No Nomenclátor español de 1880 aparece como aldea, poboada por 25 habitantes.

## Ponte da Braña, A

Lugar da parroquia de Abelleira

A etimoloxía de *Ponte* é doada: o latín PŌNTE, de idéntico significado. Pola contra, a orixe concreta de *Braña* é máis discutida, malia o seu significado estar ben establecido: trátase dun terreo moi húmido que pode ser prado ou monte baixo, dedicado tradicionalmente a pasto e non a cultivo.

É antiga a suposición de que *braña* procede unha expresión de base latina tipo \*TĒRRA VERANEA, co significado de ‘pastos de verán’: uns prados axeitados para levar o gando por manteren a humidade durante todo o ano. Con todo, nos documentos medievais esta palabra aparece como *branea* ou *brania*, sempre con *b*, o que impulsou os estudosos a buscar outras orixes. Así, Bascuas propón que *braña* pode vir, en última instancia, da raíz indoeuropea prerromana \**awer-*, (‘auga’, ‘chuvia’, ‘río’), e da que virían os nomes en varios idiomas do ameneiro, árbore que adoita medrar nas beiras dos ríos: *vern* (catalán e occitano), *verne* (francés) ou *gwern* (bretón), por exemplo.

A motivación deste topónimo concreto está nunha ponte que formaba parte, no seu momento, do tendido da estrada comarcal AC-550 entre Muros e Noia. Hai algúns anos o trazado refíxose para eliminar a pronunciada curva que alí se atopaba, e agora o tramo de estrada da ponte queda nun desvío que se pode utilizar como área de descanso.



As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* recollen moitas terras denominadas *Braña*, en varios lugares da parroquia. É moi probable que a aludida na *Ponte da Braña* sexa a que o devandito documento sitúa na *Vega de Sartegos*, pois está moi preto do actual microtopónimo *Sartegos* (a carón da igrexa e cemiterio parroquial, por certo). Polo demais, nin Madoz nin os nomenclátore decimonónicos dan conta da *Ponte da Braña* de Abelleira, un únicum na toponimia maior de Galicia, que non entrou no nomenclátor ata finais do século xx.

## Pontenova, A

Lugar da parroquia de Abelleira

É evidente que neste nome de lugar se fusionaron o substantivo *ponte* e o adxectivo *nova*, ambos de etimoloxía latina, como comentamos en entradas anteriores. E, se hai unha ponte nova, é doado que haxa unha construción semellante anterior no tempo, como así é neste caso: a pouca distancia do lugar chamado *A Pontenova*, ao norte da actual estrada AC-550, temos o microtopónimo *A Ponte Vella*.

(*A Pontenova* —e mais a variante sen fusionar (*A Ponte Nova*)— é unha forma abundosa na toponimia maior e menor de Galicia.

Esta entidade de Muros non figura nos nomenclátore ata época recente.

## Portiño, O

Lugar da parroquia de Esteiro

É moi doado ver nesta forma, que dá nome ao lugar e á praia que está ao seu pé, o diminutivo de *porto*, evolución do latín PŎRTU. Este substantivo, xa na época dos romanos, tiña o sentido de ‘abrigadoiro’, ‘refuxio para os barcos’.

O actual NG recoñece sete topónimos maiores *O Portiño*, repartidos por concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

No mesmo Esteiro temos *O Portiño* como microtopónimo na zona da *Ribeira de Creo* e *A Insuela*. De feito, para distinguilos, o topónimo maior é decote denominado *O Portiño do Maio*. As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* rexistran varias terras denominadas *Portiño* na *Vega de Trion*; e, dada a relativa proximidade do actual microtopónimo *Trión* ao *Portiño do Maio*, é probable que se trate do mesmo nome de lugar.

## Portugalete

Lugar da parroquia de Serres

Este curioso nome de lugar só se atopa dúas veces máis en Galicia: unha como topónimo maior —recollido no nomenclátor oficial—, na parroquia de San Cristovo de Castro (Carballedo, Lugo), e outra como microtopónimo na freguesía de Nosa Señora dos Remedios (Mondoñedo, Lugo).

Resulta rechamante, e de seguro non casual, a coincidencia co nome dunha coñecida vila portuaria da provincia de Biscaia. Sobre a orixe do nome dese *Portugalete* vasco hai certo debate, pero parécenos razoable consideralo un diminutivo de *Portugal*, topónimo que probablemente vén do sintagma latino PŎRTU CALE (‘Porto de *Cale*’, pois *Cale* é o nome prerromano do que hoxe é a cidade do Porto). A razón do nome do *Portugalete* biscaíno quizais estea na relación comercial por vía marítima que naquelas terras se debeu establecer con Portugal, e que puido dar lugar á presenza de xentes lusas na zona.

Tocante ao *Portugalete* de Serres, talvez obedeza á mesma motivación, aínda que parece máis probable o vínculo co lugar homónimo biscaíno. De que existiron relacións comerciais entre unha zona e a outra temos constancia na documentación galega desde principios do s. xv, que nos fala da presenza na nosa terra de mercadores procedentes do *Portugalete* vasco, coma o *Martín de Bilbao*, veciño do *Portugalete* muradán, que figura nun documento de 1509 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Das travesías entre Muros e Biscaia dá testemuño Jerónimo del Hoyo, cóngo cardeal da catedral de Santiago de Compostela. Este home traballou entre 1606 e 1620 como visitador da diocese, e nas súas viaxes interesouse por coñecer as particularidades das vilas polas que pasaba; tivo, ademais, a idea de consignar moitas delas nas súas *Memorias del Arzobispado de Santiago*: “[...] entre ellos hay muchos que nabegan a Flandes, Francia, Inglaterra, Viscaya, Portugal, Sevilla y otras muchas partes”. Máis adiante, nun *Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña* do ano 1872, atopamos que no lugar vivía un home con apelido vasco: “Juan Díaz Menchaca, vecino del lugar de *Portugalete*, en la parroquia de *San Juan de Serres*”.

Non hai documentos medievais que nos falen do *Portugalete* de Serres, pero ten abondosa presenza nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, onde se rexistran seis casas e un terreo. Non o cita Madoz, mais o Nomenclátor de 1880 dá conta del como unha aldea de xa certa entidade, pois atribúelle 284 habitantes.

## Pozo do Cachón, O

Lugar da parroquia de Serres

Con este nome é coñecido o espazo onde se sitúa o famoso muíño de mareas do que falamos na entrada dedicada á *Acea* (véxase).

O substantivo *pozo* procede directamente do latín PŎTĒU, que significaba o mesmo que hoxe. A etimoloxía de *Cachón* é máis insegura. O sentido recollido de vello nos dicionarios é semellante ao de *fervenza* (substantivo tamén testemuñado como microtopónimo no mesmo Serres): refírese ás burbullas formadas ao se precipitar a auga dun río ou torrente por un desnivel brusco, e igualmente ao propio desnivel do leito do río. O étimo de *fervenza* é FERVENTĪA, un participio latino que podemos traducir como ‘cousas que ferver’. As augas dunha *fervenza* non están a 100 °C, pero a nebulización que producen ao caer estimulou a imaxinación dos

falantes, lembrándolles o vapor que se produce na ebulición da auga. Así, o que aquí temos, como decote na toponimia, é un sentido figurado.

Ora ben, volvendo ao substantivo *cachón*, de onde vén? Corominas considera *cachón* como un derivado de *cacho*, que cre que probablemente procede do latín popular \*CACCŪLU, variante de CACCŪBU, que significaba ‘cazo’, un recipiente de barro cocido pensado para cociñar. Se o seu sentido cambiou ata chegar ao de ‘pedazo’, debeuse á facilidade coa que os cazos de barro cocido rompen en anacos. E, aplicado a *cachón*, o sentido figurado derivaría das chapuzaduras da auga, que poden facer pensar nunha rotura, coma se a auga se esnaquizase.

En calquera caso, as palabras *fervenza* e *cachón* son unha proba da creatividade lingüística humana; e temos máis pegadas de *cachón* na microtoponimia do concello, como no caso de *Os Cachóns* e da *Fonte Cacheira*, ambos recollidos en Torea.

Este lugar non se rexistra nos nomenclátors ata época recente.

## Priegue

### Lugar da parroquia de Abelleira

Bastantes topónimos galegos rematados en *-e* son resultado da evolución dun xenitivo latino acabado en *-i*, que expresa pertenza. Así, cómpre pensar na posibilidade de que tras *Priegue* estea un antigo posesor. Non contamos con ningún testemuño medieval do de Abelleira, pero no concello de Nigrán hai unha parroquia de idéntico nome que semella estar documentada en 1230 coa forma *Peegre*. A súa construción induce a pensar nun nome de varón de orixe latina, máis ca xermánica, e hai un candidato a estar tras del: o nome romano *Peregrius* —variante *Pelegrius*—, a partir do xenitivo PEREGRII/PELEGRII.

Non son os de Abelleira e Nigrán (que chegou a ser un condado) os únicos *Priegue* que se poden atopar entre os nomes de lugar galegos, pois tamén se rexistran na microtoponimia.

Tocante a testemuños posteriores, un documento de 1579 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago menciona dúas persoas que levan como apelido este topónimo: *Juan de Priegue* e a súa filla *Maria de Priegue*, veciños da parroquia de Entíns, situada no próximo concello de Outes. Ademais, o *Catastro de Ensenada* e as súas Comprobacións rexistran varios veciños con este apelido, e tamén unhas terras chamadas *Priegue*, propiedade de *Pablo de Agra*. Madoz, pola contra, non fai referencia de ningún tipo ao lugar, mentres onde si figura é no Nomenclátor de 1880, que o rexistra como aldea de 112 habitantes.

A CAG rexistra 443 ocorrencias do apelido *Priegue*, repartidas entre doce concellos, coas porcentaxes maioritarias recollidas en Muros e Outes, polo que este lugar de Abelleira parece ser o principal foco do apelido.

## Rateira, A

Lugar da parroquia de Abelleira

O lugar coñecido como *A Rateira*, que lle dá nome tamén ao río que por el pasa, debeu destacar en tempos pola abundancia de ratos. O substantivo *rato* é de orixe incerta, malia estar presente nas linguas romances, xermánicas e célticas. Para Corominas, é a forma masculina de *rata*, e esta última palabra podería proceder da onomatopeia do ruído que fai ese animal ao roer.

Como dicíamos na entrada dedicada a *Abelleira*, na documentación medieval menciónase un *fluvio Boval*, que ben podería corresponder co actual *río da Rateira*, polo menos no seu curso baixo. Porén, Moralejo Álvarez aventura que o antigo nome do río podería ser *Bustavolos*, tamén recollido no *Tombo de Toxos Outos*. Quizais as dúas posibilidades non sexan incompatibles, como exporemos cando cheguemos a *Vistavós*.



| Río da Rateira

*A Rateira* aparece nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que dan fe dunhas terras así coñecidas propiedade dun individuo chamado *Silvestre Figueira*.

Madoz sitúa o lugar da *Rateira*, quizais por erro, na parroquia de Torea, igual que fai con *Pando* (véxase esa entrada). Pero se imos aos nomenclátors de 1860 e 1880 vemos que o lugar se asigna a Abelleira, como na actualidade. No primeiro cóntanse 41 casas e no segundo 50 habitantes.

## Rebordelo

Lugar da parroquia de Sestaio

Este lugar non figuraba no NG, e a súa inclusión propúxose para edicións posteriores, por constatarse que se trata dunha entidade de poboación existente.

En canto á procedencia, *Rebordelo* é un diminutivo romance de *Reboredo* (< latín RŌBŎRĒTU), unha formación abundancial a partir de RŌBŎRE (‘carballo’), voz sobre a que damos máis detalles na entrada seguinte.

Non atopamos atestacións medievais nin de época posterior deste *Rebordelo*, que tampouco aparece recollido en Madoz nin nos nomenclátors estatais do s. XIX.

Non hai portadores do apelido *Rebordelo* en Muros, polo que non parece que este topónimo de Sestaio deixase apelido.

## Reboredo

### Lugar da parroquia de Esteiro

Neste caso, o étimo contén a mesma base que mencionabamos na entrada anterior, mais sen sufixo diminutivo: RŌBŎRĒTU.

O latín RŌBŎRE non chegou ao galego como nome común, pero conservouse en forma de base para topónimos, como neste caso. En construción simple ou composta, aparece moito na toponimia maior e menor do país, o que dá fe da gran presenza do carballo, desde antigo, no noso territorio. Dentro da toponimia menor do concello de Muros, na parroquia de Louro hai unha *Portela do Reboredo*.

Deste *Reboredo* esteirán fálannos dous documentos do *Tombo de Toxos Outos*, en que figura como *Rovoredo* (un sen datar e outro de 1208, aos que fixemos referencia nas entradas *Lestón de Abaixo*, *Lestón de Arriba* e *Maio, O*). As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* non o mencionan, pero si citan unha *Vega de Reboredo* e unhas terras chamadas *So Reboredo* (vivas no actual microtopónimo *Sorreboredo*), asignadas estas á *Vega de Coído*. Malia non recoller ningún *Coído* para a parroquia de Esteiro, o portal Galicia Nomeada inclúe na freguesía *Tras de Coído* e *A Poza de Coído*, que están na contorna do actual *Reboredo*, polo que é razoable asegurar que ese *So Reboredo* (‘ao pé de Reboredo’) é unha referencia ao actual topónimo maior. Polo que toca a Madoz, nada nos di del, pero o Nomenclátor de 1880 rexístrao como unha aldea de 106 habitantes. En canto ao seu rendemento como apelido, a CAG dinos que se atopa bastante espallado polas catro provincias, e que os dous concellos onde as súas ocorrencias alcanzan unha maior porcentaxe son os pontevedreses de Dozón e Campo Lameiro.

## Reimundes

### Lugar da parroquia de Tal

Esta forma, que lles dá nome a un lugar e a unha praia, é un único na toponimia maior galega. Trátase dunha variante, co seseo propio da zona, de *Reimúndez*. Proceden, ambas as dúas, dunha expresión tipo (VILLA) RAGIMUNDICI, ‘casal de Raimundo’, aludindo ao patronímico, co sufixo -ICI, predecesor do noso -ez, dun antigo posesor. Ese *Ragimundus*, de orixe xermánica, é tamén antepasado dos actuais



| Praia de Reimundes

antropónimos *Raimundo* e (moito máis frecuente) *Ramón*, e está construído a partir das raíces góticas *\*ragin-* (‘consello’) e *\*mund-* (‘defensa’, ‘protección’).

Como apelido, *Reimúndez* ten certa presenza nos concellos coruñeses de Cereda e Sada. A forma *Raimúndez* é máis escasa, coas maiores porcentaxes nos concellos de Ponte Caldelas (Pontevedra) e neste de Muros.

## Retorta, A

Lugar da parroquia de Serres

É este un topónimo bastante frecuente en Galicia, e adoita aparecer onde un camiño ou un rueiro describe unha curva pronunciada. Desde o punto de vista etimolóxico, procede do participio latino *RĒTŌRTU*, -A, de onde nos vén o noso *retorto*, -a.

En efecto, na *Retorta* de Serres podemos comprobar como o camiño que vén de Portugalete fai unha viravolta para comunicar as casas dese pequeno núcleo. Noutras parroquias temos esta mesma forma como microtopónimo (en Louro e Serres, nos dous casos con mención nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*), e tamén están *As Retortas* en Torea (igualmente citados nas devanditas Comprobacións).

*Retorta* existe como apelido, segundo a CAG, aínda que a súa presenza é moi escasa: só 30 ocorrencias, todas elas no concello de Vigo.

## Rial, O

Lugar da parroquia de Louro

Recibe este nome a área en que se atopa o convento de *San Francisco* (véxase esa entrada).

Aínda que algúns topónimos *Rial* poden ser a evolución dunha forma anterior *Real* (do latín *RĒGĀLE*, de significado ‘pertencente ao rei’), a proximidade do



chamado *Rego da Horta* fainos pensar que a etimoloxía do *Rial* de Louro é o adxectivo latino RĪVĀLE, que quere dicir ‘pertencente ou relativo a un río’.

Do mesmo étimo latino tiraron as linguas romances o substantivo común que en galego ten a forma *rival* (‘adversario’, ‘opoñente’). O seu sentido actual tomouno dunha realidade moi antiga: os ríos e regatos serviron moitas veces (e aínda serven) como delimitación natural entre propiedades; e xa se sabe que hai quen ve nun veciño máis un competidor que un concidadán.

O *Tombo de Toxos Outos* testemuña varios *Rial*, pero non podemos relacionar con certeza ningún deles co desta parroquia.

*Rial* é un topónimo moi frecuente na toponimia maior e menor de Galicia, terra de abondosas correntes, e vese só ou en sintagma (*Rial de Lagoa*, por exemplo). Neste mesmo concello, na parroquia de Abelleira témolo, coa mesma forma, como microtopónimo, xunto co plural (probablemente influído polo castelán), *Os Riales*.

Como apelido, *Rial* ten bastante rendimento, pois ocupa o lugar 56º, segundo a CAG, que o amosa como especialmente frecuente no oeste do país: os concellos que acadan maior porcentaxe son os da Illa de Arousa (Pontevedra), Zas e Rianxo (os dous na Coruña).

## Ribeira de Creo, A

Lugar da parroquia de Esteiro

O elemento *Ribeira* non ofrece dificultade, pois témolo como nome común en galego. Deriva do latín RĪPĀRIA, baseado á súa vez en RĪPA (‘beira’, ‘ribeira’, ‘costa’).

Para *Creo*, véxase a entrada correspondente.

Máis aló da orixe etimolóxica, cómpre indicar que a aparición da *Ribeira de Creo* como núcleo de poboación se debeu ao desenvolvemento das industrias da salga desde principios do s. XIX. Como é ben coñecido, foron maiormente fomentadores cataláns os que puxeron en marcha esa actividade económica, que produciu abondos postos de traballo entre a poboación local e un notable enriquecemento das propias familias catalás. Segundo as investigacións de Llovo Taboada, no lugar chegou a haber ata cinco salgadas, propiedade, entre outras, das familias Romani e Portals. Este pulo industrial acabou por provocar a urbanización da zona, mesmo cando os mellores momentos das salgás xa pasaran.

## Ribeira do Maio, A

Lugar da parroquia de Esteiro

Para *Ribeira*, véxase a entrada *Ribeira de Creo, A*. Para *Maio*, véxase a entrada *Maio, O*.

En canto á súa constitución como núcleo consolidado, pode aplicarse á *Ribeira do Maio* o dito sobre *A Ribeira de Creo*: ata oito almacéns de salga conta Llovo



Taboada para esta área, e tamén coas familias Portals e Romaní como principais promotoras.

## Ribeira do Uía, A

Lugar da parroquia de Esteiro

Para *Ribeira*, véxase a entrada *Ribeira de Creo, A*.

Para *O Uía*, véxase a entrada correspondente.

## Riomaior

Lugar da parroquia de Esteiro

Como é evidente, o lugar recibe o nome do río á beira do que está, cando ás súas augas lles queda pouco para completar o seu percorrido desde os montes do Tremuzo. No topónimo están xunguidos un substantivo e un adxectivo en grao comparativo de superioridade, ambos de étimo latino: *río* vén de *rĪVU* e *maior* de *MĀIŌRE*. Se a corrente de auga recibiu este nome foi porque, pola súa lonxitude e caudal, destacaba entre as da súa contorna.

Non hai testemuños nos documentos máis temperáns da Idade Media sobre este *Riomaior*, pero figura como *Ryomaior* nun apeo dos anos 1436 e 1448 da parroquia de Esteiro que forma parte dun tombo conservado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Aparece tamén nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, onde un individuo chamado Francisco de Caamaño figura como dono de dúas propiedades na *Vega da Perra* (viva hoxe no topónimo menor *A Perra*): unha chamada *Riomaior* e outra rexistrada como *Bao de Riomaior* (que ten a súa continuidade no actual microtopónimo *Vao de Riomaior*). Polo que se refire a Madoz, non enumera os lugares da parroquia de Esteiro nin o cita de xeito independente, pero nos nomenclátors estatais do s. XIX si consta, como aldea: o de 1860 dálle 26 casas, e 60 habitantes o de 1880.

No NG reconécese só cinco *Riomaior* como macrotopónimos, e non é tampouco moi frecuente na toponimia menor. Tamén é pouco abundante como apelido: as 91 ocorrencias que de *Riomayor* (forma castellanizada) rexistra a CAG danse, na súa meirande parte, en Muros e nos dous concellos veciños de Mazaricos e Outes, polo que é probable que este lugar sexa o foco.

## Riomaio

Lugar da parroquia de Torea

Pola súa forma, dúas son as orixes que se lle poden supoñer. Unha delas faría que este *Riomaio* de Torea fose da mesma familia que os *Río Mao* documentados en varios textos medievais como *rivulo Homano*, *rivolum Humanum* ou formas semellantes. Para eles Bascuas propón unha base hidrotponímica indoeuropea

prerromana, como comentamos na entrada *Maio, O* (véxase). De todos os xeitos, non parece que sexa o caso, pois nesta zona dialectal, como tamén dixemos ao falar do *Maio*, os finais latinos en -ĀNU deron como resultado -án, e non -ao.

Parece, pois, máis probable que *Riomao* proceda da expresión latina \*RĪVU MĀLU, ‘río malo’, que adoita aparecer nos textos da Idade Media en formas como *rivo malo* ou similares. Pode parecer estraño que se cualifique así unha corrente fluvial, pois o ser humano sempre percibiu os ríos como un agasallo da natureza. Mais non é infrecuente esa denominación, sobre todo nos cursos altos da corrente, onde o caudal adoita ser cativo; de feito, hai casos en que o mesmo río, cando no seu curso medio e baixo recibe achegas doutros fluxos de auga, cambia o seu nome polo de *Riobó*.

En ocasións, os camiños da evolución fonética producen estas homonimias, froito da casualidade, que moitas veces nos deixan nunha calella sen saída. Só nos podería sacar do atranco a documentación medieval, da que carecemos para este caso. Con todo, é posible que teña relación co lugar o labrador *Payo de Riomao*, citado nun documento de 1557 como residente en Valadares (Outes), dada a proximidade entre os territorios. Xa máis adiante, as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* mencionan un muíño de *Riomau*, con relaxación da vogal átona final. Para rematar, *Riomao* está ausente en Madoz, pero os nomenclátors de 1860 e 1880 citan *Riomao* como aldea, e atribúenlle, respectivamente, 31 edificios e 97 habitantes.

O actual NG amosa seis lugares chamados (*O*) *Riomao*, repartidos polas catro provincias. Na toponimia menor non é tampouco moi frecuente, e cativo é tamén o seu rendemento como apelido: a CAG rexistra 107 ocorrencias, case todas nos concellos de Muros, Outes e Noia.

## Robaleira, A

### Lugar da parroquia de Abelleira

Este nome de lugar de Abelleira, próximo á enseada de Sorribos, presenta o típico sufixo abundancial de orixe latina *-eira*, e úneo á raíz *robal-*, que nos fala do *roballo* (*Dicentrarchus labrax*). Trátase dun peixe da familia dos morónidos, desde sempre moi apreciado polo seu sabor, igual que a robaliza, que é o mesmo animal, pero de tamaño algo menor. Ten preferencia polas costas rochosas, os areais, as desembocaduras dos ríos e os portos, e achégase á beiramar con maior frecuencia nos meses máis calorosos.

A etimoloxía de *roballo*, segundo Corominas, explícase por unha metátese na voz catalá *\*lobarro*, derivada do substantivo latino *lupus*, que significa ‘lobo’. Semella que a morfoloxía do peixe —sobre todo a da cabeza— fixo que os falantes lle notasen unha semellanza co cánido: lembremos, ademais, o castelán *lubina* (a nosa *robaliza*).

Este topónimo pódese ver nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que falan dunhas terras así chamadas na *Vega de Agraboa* (actual *A Agra Boa*, moi próxima), atribuíndo a súa propiedade a *Francisco de Leston*.

O NG rexistra outros dous *A Robaleira*: un no concello de Valdoviño (A Coruña) e outro no de Vigo. Tamén recolle o plural *As Robaleiras* en Ribeira (A Coruña). Na toponimia menor non é moi abondoso e sempre se dá, como se pode prever, en concellos con saída ao mar.

## Rocha, A

Lugar da parroquia de Serres

A palabra *rocha* entrou no dominio do galego medieval como adaptación da palabra francesa *roche*, de idéntico significado. A súa procedencia é incerta, segundo Corominas, quen pensa que debeu chegar ás demais linguas romances a partir do catalán ou do occitano.

Como é evidente, o lugar recibiu o seu nome por atoparse sobre un destacado afloramento pétreo, en contraste coa súa contorna, de terreo máis ben areoso.

Frecuente na toponimia maior e menor de Galicia, tamén rendeu como apelido: a CAG preséntao repartido por todo o territorio, coas maiores porcentaxes nos concellos de Barreiros (Lugo) e nos das Neves e Fornelos de Montes (ambos en Pontevedra).

## San Francisco

Lugar da parroquia de Louro

O lugar debe o seu nome ao cenobio que se atopa na zona, que tamén se cita ás veces como *San Francisco do Rial* (véxase a entrada *Rial*), aínda que non podemos atestalo documentalmente. Tras varios séculos de actividade, en 1835 os monxes abandonárono en virtude da Real Orde de Exclaustración Eclesiástica, aprobada baixo a rexencia da raíña María Cristina de Borbón. Nun principio, a disposición afectaba só a aquelas comunidades que tivesen menos de doce relixiosos, pero o goberno de Juan Álvarez Mendizábal fixo unha interpretación máis estrita da norma, e só deixou oito mosteiros activos en toda España. Máis adiante, en 1873, o convento de San Francisco de Louro volveu ser ocupado por membros da orde, que acometeron a súa restauración.

En canto á etimoloxía do antropónimo *Francisco*, deriva do latín medieval *Franciscus*, adaptación do xermánico *\*frankisk* (sobre a raíz *\*frank-*, ‘libre’), que significaba ‘pertencente ao pobo franco’. Esa palabra xermánica terminou por significar ‘francés’, unha vez consumada a fusión entre o pobo invasor (os mesmos francos) e a poboación da Galia romana. Como nome propio fíxose moi popular en Europa, precisamente grazas á súa fama de Francisco de Asís, fundador en 1209 da orde monástica que leva o seu nome.

A zona próxima ao areal de denominación igual á do lugar experimentou un desenvolvemento urbanístico vencellado, en primeiro lugar ás fábricas de salga, e, bastante máis tarde, á actividade turística. No que se refire ás salgaduras, nas proximidades da praia chegou a haber dúas fábricas. Unha delas construíuna a familia muradá dos Dubert (de orixe francesa) e estaba traballando xa a mediados do s. XIX. A segunda instalouse, máis ou menos pola mesma época que a anterior, nuns terreos mercados polos industriais cataláns Pablo Poch e Abelardo Romaní.

As zonas destas dúas antigas conserveiras pasaron, en tempos posteriores, a ser coñecidas polos alcumes dos propietarios recentes das terras. Onde estaba a dos Dubert érguense agora uns edificios coñecidos como *Apartamentos do Tercio*, mentres a salgadura de Poch-Romaní, hoxe dedicada á actividade hostaleira, denominouse popularmente (igual que o tramo de areal próximo), como *A de Chiquillo*.

## San Roque

### Lugar da parroquia de Muros

O lugar toma o nome da ermida dedicada a Roque de Montpellier, santo francés que viviu no s. XIV. A construción actual data de 1765, aínda que no lugar había unha igrexa con anterioridade, segundo se indica nas *Memorias* de Jerónimo del Hoyo. A ermida ten unha soa nave de planta rectangular, dividida en tres tramos por arcos de medio punto. A capela maior da cabeceira é de planta cadrada e posúe unha bóveda de aresta que supera en altura a nave principal. A portada ten un arco de medio punto adornada cun frontón triangular e dúas pilastras estriadas nos laterais.

En canto á procedencia do antropónimo *Roque*, é de etimoloxía insegura, talvez de base xermánica.

As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* dan abondosos testemuños deste nome de lugar, a maioría das veces denominado *Campo de San Roque*. Polo que se refire ao Nomenclátor de 1880, nel recóllese *San Roque* como aldea, con só nove



Ermida de San Roque |

habitantes. No Nomenclátor de Galicia *San Roque* é topónimo maior en 29 lugares, proba da devoción que, no seu momento, o santo suscitou entre a xente.

## Sandomil

### Terreos da parroquia de Esteiro

Nun documento do ano 830 transcrito no século XIX en que se enumeran as igrexas dependentes da diocese de Iria, menciónase unha *ecclesia ad Stario ad Zendemiri*. *Zendemiri* é, de certo, o actual microtopónimo *Sandomil*, situado en Esteiro, como o *Stario* do propio texto latino indica. Moito máis tarde, as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* rexistran *Sandomil* como nome de varias propiedades adscritas á *Vega de Trion*.

A terminación en *-miri/-mir* é característica de moitos nomes de lugar hoxe re-matados en *-mil*, que delatan un antigo propietario cuxo nome ten etimoloxía xermánica. Así, *Brandomil* procede dun antigo (VILLA) BRANDEMIRI (‘casal de Brandomiro’), *Gondomil* de (VILLA) GONTEMIRI (‘casal de Gontemiro’) ou *Ramil* de (VILLA) RANIMIRI (‘casal de Ramiro’). Na mesma liña, *Sandomil* provén de (VILLA) SENDEMIRI, onde o nome do posesor é composto, como case sempre nos de procedencia xermánica: os seus elementos son *\*sand-/\*sant-* (‘leal’) e *\*mers-* (‘fama’).

Non é único entre os nomes de lugar galegos, pois no concello lugués de Paradelá hai outro *Sandomil*, que é un lugar maior. Como microtopónimo, aparece na parroquia de Santa María de Villestro, en Santiago de Compostela.

## Santa Cataliña

### Lugar e illote da parroquia de Tal

Recibe este nome un illote e a súa zona continental adxacente. O illote ten máis ou menos 100 m de longo por 80 de ancho. Está separado da terra por uns 50 m de auga, aínda que as mareas vivas deixan un istmo transitable no devalo. Moi preto, xa no continente, pódense ver tamén as ruínas dun muíño de vento.

Na illa houbo unha ermida —da que hoxe apenas quedan restos— dedicada a santa Catarina de Alexandría. Isto vese confirmado por un documento de Toxos Outos do ano 1226, en que se menciona un *Johannes Pelagii, capellanus Sancte Catherine*, polo que a ermida xa debía existir nesa época.

A forma *Cataliña* non é continuación do medieval *Catherina*, e máis ben semella unha adaptación tardía ao galego do castelanismo *Catalina*. A mesma forma aparece no topónimo maior *Santa Cataliña de Armada*, recoñecido no Nomenclátor de Galicia. Desta *Santa Cataliña* de Tal hai referencias nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que a presentan sempre como *Santa Cathalina*. Porén, non hai mención en Madoz nin nos nomenclátos de 1860 e 1880.

## Seisidre

Lugar da parroquia de Louro

Á luz de que o topónimo *San Xián* da parroquia de Torea ten unha variante *Seixán* (véxase), que se propón como nova forma no NG, podemos interpretar que *Seisidre* é unha alteración de *San Sidre*. A forma *Sidre* (variante *Cidre*) é unha abreviatura con relación da vogal /o/ final do antropónimo *Isidro*, que provén do latín ISIDORU. Este nome propio é unha forma adaptada ao latín doutro grego (*Isídoros*), que significa ‘agasallo de Isis’, en referencia a unha deusa exipcia que tivo moita devoción na época do Imperio Romano. Vemos aquí unha das moitas ironías que nos revela a historia da lingua: un nome propio de orixe pagá que acaba identificando un santo cristián. En todo caso, *Isidoro/Isidro* foi un antropónimo que se estendeu pola Península Ibérica a raíz da sonda que colleu Isidoro de Sevilla (c. 560-636), eclesiástico católico e erudito da época visigoda.

O feito de que o SANCTU latino se solde ao antropónimo nun nome de lugar non é infrecuente: temos, por exemplo, *Seoane* e *Seivane* (< SANCTU IOHANNE: ‘san Xoán’), ou, algo máis transparente, *Sanxenxo* (< SANCTU GENESIU).

Porén, no lugar non hai resto visible nin memoria de ningún punto de culto dedicado a santo Isidro, aínda que moitas terras levan nomes de santos porque os beneficios que reportaban se dedicaban ao seu culto.

Porén, pódese valorar outra posibilidade: *Seisidre* podería ser unha alteración de *Seixide*, a súa vez variación de *Seixido*, derivado da voz ‘seixo’ (do latín SAXU, ‘rocha’). Daríanse, nese caso, varios fenómenos fonéticos coñecidos: a despaltalización do son hoxe grafado *x*, a relaxación da vogal final (coma nas variantes *Codesido/Codeside* ou *Canido/Canide*), e a interpretación de *-side* como *Sidre*. Se esta fose a hipótese correcta, o significado do topónimo sería ‘lugar abondoso en rochas’.

Non vimos testemuño ningún do lugar na documentación medieval nin no *Catastro de Ensenada*, ao que se suma a ausencia do nome en Madoz e nos nomenclátors decimonónicos.

## Seixán

Lugar da parroquia de Torea

Este lugar figura no NG como *San Xián*, variante na fala, e tamén se rexistra nas fontes antigas coa forma *San Julián*, atestada xa en Jerónimo del Hoyo (s. XVI). Esta última é constante ata os nomenclátors de finais do s. XX, en que se restituíu a forma galega *San Xián*. Aquí está a igrexa parroquial dese santo, construída no s. XVI nunha única nave e con planta de cruz latina. Porén, parece que a freguesía tivo unha advocación anterior a San Salvador, polo menos ata o s. XV (véxase a entrada *Torea*).





| Igrexa de San Xián de Torea

En canto á orixe do antropónimo *Xián*, provén do latín *Iulianus*, derivado de *Iulius*, apelido da *gens* (familia) *Iulia*, unha das máis coñecidas da antiga Roma, por ser a de Gaio Xulio César. En galego desenvolveu unha forma culta *Xulián*, seguramente por presión eclesiástica, e as patrimoniais dialectais *Xián* (occidental) e *Xiao* (oriental), que se poden atopar tamén na toponimia. En concreto, *San Xián* está recoñecido polo NG como haxiotopónimo en cinco concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

Á vista disto, podemos atribuírle o mesmo étimo ao nome de lugar homónimo *Seixán*, na parroquia de Cabaleiros, no concello coruñés de Tordoia. Está testemuñado coa forma castelanizada (*Seiján*) polo menos desde os primeiros nomenclatores do s. xx. Para este *Seixán* propuxéranse hipóteses baseadas nun antropónimo *Saxianus* ou nun abundancial de *seixo*, que agora cremos que se poden descartar. Por outra banda, o nome de lugar de Tordoia permítenos saber que esta forma evolucionada do haxiotopónimo *San Xián* pode ter polo menos cen anos.

Non atopamos atestacións na Idade Media para este *Seixán*, o que quizais teña que ver coa orixe etimolóxica que propoñemos (*San Xián* > *Seixán*). Se é así, os testemuños medievais do lugar serían os mesmos que veremos na entrada dedicada a *Torea*. Tampouco di nada del o *Catastro de Ensenada* nin as súas Comprobacións, talvez polo mesmo motivo.

## Serres

Lugar da parroquia de Serres

## Serres (San Xoán)

Parroquia de Muros



# Serres de Arriba

Lugar da parroquia de Serres

*Serres* é único na toponimia galega, e non é de etimoloxía sinxela. Con todo, párecenos moi probable a presenza aquí dunha raíz hidrotponímica prerromana: \**ser-* (‘fluír’). É a mesma que nos dá en Galicia nomes de río como *Ser*, *Sor*, *Sar*, *Sarela* (diminutivo do anterior) ou *Sarria* (tamén nome de vila, en Lugo). Fóra da nosa terra temos máis exemplos, como *Sarrià* (Barcelona) e *Sarre* (río que flúe por Francia e Alemaña). Non será esta a derradeira vez que nos atopemos con esta base, pois volverémola ver cando falemos de *Valdexería*.

No *Tombo de Toxos Outos* aparece este topónimo en atestacións dos s. XII e XIII, coa forma actual e coa mención da advocación a San Xoán xa en 1156. Vese tamén, por exemplo, nun documento do *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago do ano 1500.

A parroquia de *San Xoán de Serres* ten mención no *Catastro de Ensenada* e no *Diccionario geográfico* de Madoz, que lle atribúe un clima temperado e san. Cóntalle 270 edificios, entre eles tres fábricas de salgadura (aínda que só unha en uso). É moi probable que se refira ás dúas industrias vencelladas a membros da familia Romaní situadas no lugar de *Anido* (véxase a entrada) e á que se atopaba no lugar de Laxeiras, coñecida esta como *O Cabaneiro*, polo seu dono, Pablo Roura, propietario tamén da salgadura de Cabanas, en Tal. Da calidade do terreo afirma Madoz que *aunque algo árido y pedregoso, corresponde a los afanes del labrador*. Neste eido, a freguesía produce moito centeo, ademais de bo millo, liño, trigo, legumes e froitas. O redactor destaca tamén o gando, que é vacún, lanar e caprino, sen deixar de indicar, ademais, que existe boa caza.

O Nomenclátor de 1860 inclúe en Serres seis aldeas e unha fábrica de salga, mentres o de 1880 sobe a cifra de aldeas a trece, ás que lles engade un agrupamento de casas de labor (o actual *Cova de Gatos*).

Non queremos rematar esta entrada sen comentar tres nomes de lugar desta freguesía recollidos na documentación de Toxos Outos, mais sen correspondencia segura con ningún actual. Dous deles vense nunha venda feita ao mosteiro en 1156, na que se fala dunhas propiedades situadas en Serres “sub monte de *Tuira* et de *Cavalengo*”, ou sexa, ‘ao pé do monte de *Tuira* e *Cavalengo*’.

*Tuira* pode ser unha forma variante de *Torea* (véxase esa entrada) ou un topónimo diferente que xa non existe, pero formado sobre a mesma base do mencionado *Torea*. Se fose este o caso, poderíamos relacionar *Tuira* cun *Toria* que aparece nun testamento do mesmo ano 1156, e que talvez sexa o mesmo sen a metátese entre o /i/ e o /r/. Polo que toca a *Cavalengo*, parece construído sobre o latín CĀBALLU (‘cabalo’), co mesmo sufixo do substantivo *reguengo*, que temos tamén como topónimo en varios lugares de Galicia co sentido de ‘terras pertencentes ao rei’. Ese *Cavalengo* puido facer referencia á abundancia deses équidos na zona, pero, como dixemos, non temos hoxe ningún nome de lugar que o continúe (sería un \**Cabalengo*).

Para finalizar, algúns documentos medievais testemuñannos que nesta parroquia houbo un *casale de Anaia*, onde vemos un nome de posesor de posible etimoloxía éuscara ou, máis probablemente, prerromana (mencionada na entrada *Anido*; véxase). Con todo, este microtopónimo non chegou aos nosos días.

## Sestaio

Lugar da parroquia de Sestaio

### Sestaio (San Miguel)

Parroquia de Muros

Este difícil topónimo aparece no *Tombo de Toxos Outos* citado dúas veces como *Cistau*: a primeira en 1158, incluíndo xa a advocación a San Miguel, e a segunda en 1217. Tempo despois, nun apeo do s. XIV dos bens dun veciño de Muros menciónase entre as testemuñas a *Gomes Fernandez de Cestayoy*. Máis tarde, en 1500, no *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago, é mencionado como *Çestayoy*. Outros documentos do s. XVI, recollidos no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, testemuñano como *Cestayoy* e *Sestayoy*. Finalmente, no *Catastro de Ensenada* figura como *Çestaio*, variado en *Zestaio*/*Zestayoy*/*Cestayoy* nas súas Comprobacións.

Nas formas *Cistau* a grafía inicial *C*, en principio, debe reflectir unha pronuncia medieval /ts/, que logo foi evolucionando a /s/ nas falas occidentais e a /θ/ nas centrais e orientais. Todas estas vacilacións gráficas antigas (que chegan ata o s. XVIII, como o *Catastro de Ensenada* amosa), deben facernos pensar que o /s/ inicial de *Sestaio* delata seseo.

Tocante á súa etimoloxía, non é nada doada. En aparencia, presenta o sufixo *-aio*, característico de hidrónimos prerromanos, e que xa comentamos na entrada sobre *O Maio* (véxase). No que se refire á raíz, parece remitir ao substantivo latino CISTA, que nos dá a nosa *cesta*. Aínda que non son moi frecuentes, na toponimia atopamos formas derivadas desa base, como *Cesto*, *Cesteiros* ou *Cestaños*. Deles pénsase que poden estar motivados por unha depresión do terreo (como na que está *Sestaio*), que lembrase a forma dunha cesta, nunha asociación de ideas semellante á que se deu en topónimos como *A Cunca*, *A Cazola* ou *O Caldeirón*. De todos os xeitos, a prudencia aconsella caracterizar *Sestaio* como un nome de lugar de orixe escura.

A parroquia de *San Miguel de Sestaio* aparece referenciada en Madoz coa forma *Sestayoy*, a mesma coa que circula como apelido. Dise nese dicionario que a freguesía ten un terreo desigual, mais boa ventilación e clima san. Valora Madoz a calidade das terras de cultivo, e di ademais que están regadas por un río pequeno que vai desaugar na ría: non cita o nome, pero debe tratarse do Valdexería. Entre os produtos agrícolas destaca, coma noutros lugares do concello, o centeo, o millo, o liño, o trigo, os legumes e as froitas. A cría de gando céntrase no vacún e hai

tamén boa caza e pesca, sobre todo de troitas e anguías. Non se indica a existencia de ningunha industria, agás os muíños fariñeiros.

No Nomenclátor español de 1860 só se cita a aldea cabeceira da parroquia, pero no de 1880 aparecen, ademais dela, *A Eiroa* e *O Lugar do Fondo*, xa comentados. Para rematar, o apelido *Sestayo* rexístrase na CAG con máis de 300 ocorrencias, e o concello con maior porcentaxe delas é, como é de esperar, o de Muros, seguido do de Carnota.

## Silvosa, A

### Lugar da parroquia de Esteiro

Este topónimo vén de SILVŌSA, un adxectivo latino, derivado abundancial de *silva*, ‘bosque’, palabra que no romance tomou o significado que lle coñecemos hoxe. Así, *A Silvosa* significa ‘abundante en silvas’. Non se pode descartar, porén, que o topónimo se remonte moi atrás no tempo e que, polo tanto, o seu sentido orixinario fose o de ‘boscosa’.

Como atestación antiga, un documento de 1448 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita a *aldea da Silvosa* [...] *que he na freguesia de Santa Mariña d’Esteiro*. Ademais, o *Libro de Feudos* do Arquivo Histórico da Diocese de Santiago de Compostela menciona, en decembro de 1450, un *Juan da Silvosa*, e faíno en relación cos dereitos sobre a freguesía de Esteiro concedidos ao rianxeiro Sueiro Gómez de Soutomaior, destacado nobre galego da súa época e mariscal de Castela.

O *Catastro de Ensenada* non dá referencias sobre *A Silvosa* de Esteiro, como tampouco o fan as súas Comprobacións. Está ausente no *Diccionario* de Madoz, pero o Nomenclátor de 1860 cítala como unha das aldeas de Esteiro, con 50 edificacións, e o de 1880 atribúelle 121 habitantes. No NG, *A Silvosa* denomina catro lugares maiores máis: tres na provincia de Lugo (concellos de Begonte, Castro de Rei e O Valadouro) e un na de Pontevedra (Tomiño).

Como apelido, *Silvosa* dáse sobre todo no centro da provincia de Lugo, co concello de Rábade coa maior porcentaxe de ocorrencias.

## Sistamares

### Lugar da parroquia de Louro

Enfrontámonos unha vez máis a un único: non hai outro *Sistamares* en Galicia. Aínda que no Catálogo de Bens Culturais, Naturais e Paisaxísticos incluído no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Muros, aprobado en 2010, o lugar menciónase como *Xistramares*, entre a xente da zona só existe conciencia da forma que recolleemos aquí.

O topónimo é escuro. Non encontramos hipóteses prerromanas que poidan xustificalo e carecemos de documentación medieval. Só atopamos unha referencia ao

lugar nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que o rexistran como terras de labor e co nome de *Sista Mares*. Se o escribán interpretou dúas palabras, podemos pensar nunha cadea onomástica: constaría do antropónimo feminino *Sista* e o apelido *Mares* (como, por exemplo, unhas terras chamadas hoxe *María Rodríguez*, tamén en Louro). De que o apelido *Mares* existiu pola zona dan fe os testemuños documentais dunha *Ines Mares* (en 1548, en Noia) e dun *Juan de Mares* (na parroquia de Fruíme, do concello de Lousame, en 1562). De todos os xeitos, non podemos saber se nesas atestacións o apelido era *Mares* (como pediría este topónimo) ou *Marés*; e, ademais, o nome *Sista* non asoma na documentación histórica galega.

Outra posibilidade, con todo, difícil, para a orixe deste topónimo consistiría en contemplar o segmento *-mares* á luz dos nomes de posesor de orixe xermánica e pensar en nomes como *\*Astramarus*, reconstruído por Piel e Kremer como antecesor de *Estremar*, nome de dúas aldeas no concello lucense de Cervantes. O primeiro elemento do nome é o gótico *austra-* ('leste', 'do leste'). A primeira sílaba explicaría-se por medio da preposición *so*, evolucionada a *\*Sestramar*, e logo a *\*Sistramar*, coa típica relaxación da vogal átona e unha posterior perda do primeiro /r/, causada pola proximidade do segundo. Pero aínda habería que xustificar o *-s* plural, que tería que ser secundario.

As expostas ata aquí, claro está, non pasan de ser hipóteses de traballo, e somos conscientes da forte carga especulativa que conteñen, pois presentan dificultades de importancia. Como xa comentamos ao principio, *Sistamares* é único na toponimia, mesmo unha rareza. Quizais sexa mellor asumir que nada, ou case nada minimamente seguro se pode dicir sobre a súa orixe, a causa das transformacións que debeu ir sufrindo ao longo do tempo.

Polo que toca a Madoz e aos nomenclátors estatais do s. XIX, non o mencionan.

## Solleiros

### Lugar da parroquia de Esteiro

O galego posúe o adxectivo *solleiro*, *-a* creado a partir do substantivo *sol*, de orixe latina. O cualificativo pódese empregar para referirse a un terreo moi soleado, e tal é o sentido deste topónimo, pois o *Solleiros* esteirán está nunha cota algo elevada, á que se chega por unha pendente de orientación sur-sueste: iso garántelle abondas horas de luz en días soleados. Parece claro, ademais, que este é o núcleo arredor do cal se foi formando a freguesía de Esteiro, pois as súas vivendas son de maior antigüidade e, ademais, alí se atopaba a primeira igrexa parroquial.

Non hai atestacións medievais do lugar, pero si atopamos varias referencias en documentos do s. XVI conservados no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Tamén aparece nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, como nome de terras e tamén dunha *vega*. Madoz non o cita, pero os nomenclátors de 1860 e 1880 si dan conta del: no primeiro figura como unha aldea de 87 construcións, mentres o segundo conta 237 habitantes, polo que resulta ser o núcleo máis poado na época despois do Maio e Creio.

O NG só recolle outro *Solleiros*, o da parroquia de Santiago de Córneas, no concello lucense de Baleira. Na toponimia menor non é tampouco moi usual. Non atopamos o apelido toponímico en plural, segundo a CAG, pero si *Solleiro*, en singular, co concello de Tui á cabeza das ocorrencias.

## Somorto

### Lugar da parroquia de Esteiro

Chama a atención o feito de que, ata hoxe, só haxa dous topónimos *Somorto* rexistrados en Galicia: este nome de lugar da freguesía de Esteiro e un microtopónimo noutra parroquia do mesmo municipio, que é a de Abelleira. Por outra banda, na veciña comunidade autónoma de Asturias hai tamén un *Somorto*, no concello de Navia.

Nunha primeira ollada, semella que neste nome de lugar temos o elemento *so-*, que é a evolución da preposición latina *sŭB*: ‘debaixo de’, ‘ao pé de’ (para máis detalles, véxase a entrada *Sorribos*). Pero iso déixanos un suposto lexema *morto*, ao que non é doado practicarlle a autopsia. As aparencias fan pensar nunha evolución do adxectivo latino *MORTŪU*, que nos deu o noso ‘morto, -a’, de significado primario ‘sen vida’. Nos dicionarios, con todo, recóllense outros significados: ‘baliza para sinalar o barco’, ‘áncora primitiva feita cunha pedra de bo tamaño’ ou ‘enlousado cunhas canles que desembocan no pozo de saín nunha fábrica de salga’. Para a motivación non faría falta pensar na industria de salgadura que funcionou nas intermediacións do *Somorto* esteirán, e da que damos máis detalles contra o final da entrada: a salga é antiga en Galicia e sábese que se practicaba polo menos desde época romana, polo que o lugar ben puido ser coñecido por esa actividade en tempos pasados. Cómpre dicir, ademais, que tanto o *Somorto* de Esteiro coma o de Abelleira aparecen nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*: iso parece indicar que, con toda probabilidade, os dous nomes de lugar teñen abonda antigüidade; e, ademais, sendo homónimos, é razoable pensar que ambos teñan a mesma etimoloxía.

Peirao de Somorto |



Tamén se podería interpretar como un topónimo composto por un primeiro elemento *summu* ‘o máis alto’, como talvez *Somo* (Covelas, Ribadeo), e un segundo *horto* ‘xardín’, cunha formación semellante aos casteláns *Somosierra* ou *Somotero*.

Buscando outros camiños, poderíanse relacionar estes topónimos *Somorto* con outros como *Punta Mortaza* (Carballo, A Coruña), ou *Morrazo* (Pontevedra). Para eles adoita propoñerse unha raíz prerromana, quizais preindoeuropea, *\*mor-* / *\*mar-*. Lugares como os citados teñen en común o seren pedregosos e/ou montañosos, polo que a ese lexema se lle atribúen significados como ‘pedra’, ‘amorreamento de pedras’, ‘saínte rochoso’ ou ‘lugar elevado’. Esta mesma raíz pode estar detrás tamén do substantivo *morro*: a forma dos labios cando os avultamos, facendo que sobresaian. E chámase en galego *morrón* a peza de ferro macizo (un saínte) á que se atan os cabos ao atracar un barco.

Por desgraza, non contamos con documentos anteriores ás Comprobacións do *Catastro de Ensenada* que nos axuden con *Somorto*. Pola súa parte, nin Madoz nin os nomenclátoreos do s. XIX dan conta deste nome de lugar, e tampouco hai atestacións máis antigas. Con todo, este lugar de Esteiro foi ben coñecido na contorna pola duradeira actividade industrial vencellada á conserva de peixe. Primeiro, a familia Legarda, de orixe vasca, abriu unha fábrica que estivo funcionando desde a súa apertura, en 1916, ata a década de 1980. Pouco despois do seu peche, en 1986, a empresa galega Conservas Calvo instalou unha nova industria conserveira a poucos metros da vella fábrica dos Legarda. Mantívose en funcionamento ata 2017, en que a xerencia do Grupo Calvo decidiu pechala. Finalmente, tamén en Somorto, atópase en estado de abandono a edificación coñecida como Almacén de Carreró, unha industria que funcionou durante algunhas décadas, de maneira discontinua, baixo diferentes propietarios, entre eles Jesús Carreró, do que xa falamos na entrada dedicada a *Cabanas* (véxase).

## Sorribos

### Lugar da parroquia de Abelleira

No NG este nome de lugar figura como *Surribos*, pero a forma *Sorribos* está máis estendida na fala, polo que se propuxo a modificación para próximas edicións.

Se falamos da súa etimoloxía, o topónimo forma parte do numerosísimo grupo de nomes de lugar galegos (e non galegos) resultante da fusión da preposición latina *sŭB* (‘debaixo de’, ‘ao pé de’), evolucionada a ‘so’, e outros elementos. Exemplos son os microtopónimos *Soprado* (< *\*So prado* ou *\*So o prado* ‘ao pé do prado’), do que temos un caso neste mesmo concello, na parroquia de Esteiro; ou *Savila* (< *\*So a vila* ou *\*So vila*, ‘ao pé da vila’), presente na de Louro.

No caso de *Sorribos*, en última instancia o étimo é a expresión *\*sŭB rĪPAS* (‘ao pé das ribeiras’, ‘ao pé dunha costa’), que servía para designar unha área próxima a un río ou regato, á ladeira dunha montaña ou ao mar (tal é o caso aquí). Así, *\*sŭB rĪPAS* debeu dar primeiro *\*Sobribas* para logo ofrecer diversas formas, que aparecen espalladas pola toponimia galega, como *Sorribas* e *Sorribos*.



A aparición da terminación masculina é posterior, e débese talvez á busca dunha concordancia cun substantivo empregado a carón desta denominación, como ‘agros’, ‘terreos’ ou similar. De todos xeitos, *Sorribos* é pouco frecuente na toponimia maior e na menor (*Sorribas* ofrece máis ocorrencias).

Non aparece este *Sorribos* de Abelleira na documentación medieval, pero si parecen referirse a el as Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que mencionan unhas terras denominadas *Sorivo*, propiedade dun individuo chamado *Lorenzo Lado*. O devandito documento sitúa ese *Sorivo* na *Vega da Agra do Fondo*, que ten a súa continuidade no actual topónimo *A Agra do Fondo*, próxima a *Sorribos*. Máis adiante no tempo, este nome de lugar non aparece no *Diccionario* en Madoz nin nos nomenclátors españois do s. XIX, polo que se debeu incorporar ao Nomenclátor como lugar habitado en época recente.

Neste lugar de *Sorribos* houbo un almacén de salgadura construído polo patrón e armador José Mayo Lago, coñecido polos alcumes de Cacholiña e O Coxo. Este empresario rexentou tamén, a carón desta industria, un serradoiro, chamado *do Charango* (por un propietario anterior), e que hoxe funciona como local comunitario.

## Tal (Santiago)

Parroquia de Muros

## Tal de Abaixo

Lugar da parroquia de Tal

## Tal de Arriba

Lugar da parroquia de Tal

A parroquia de *Santiago de Tal* aparece mencionada decote no *Tombo de Toxos Outos*, e con formas variadas ao longo dos s. XII-XIII: *Tale*, *Tali*, *Talei* e *Taly*. A variante gráfica *Talle* vese no *Libro de Feudos* do Arquivo Histórico da Diocese de Santiago de Compostela e mais no *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago, ambos xa no s. XV.

Nos casos de *Tali*, *Talei* e *Taly*, a presenza do *-i* final parece suxerir un caso xenitivo latino, que indica pertenza. Porén, dá a sensación de que se trata dunha refección culta dos escribáns.

Así, se, como parece, ese xenitivo latino non é orixinario —e como acontece decote nos casos dos nomes de lugar curtos—, cómpre botar unha ollada ás raíces indoeuropeas prerromanas reconstruídas por diferentes especialistas. Nesta liña de traballo, talvez debamos relacionar *Tal* con *Talai*, do que hai exemplos en San Martiño de Brabío (Betanzos) e San Vicente de Armeá (Coirós). Estes topónimos poden ter orixe na raíz indoeuropea *\*tel-* (con vocalización en /a/, coma no bretón



*tal*, ‘fronte’): se así fose, *Tal* significaría ‘terreo chan’. Con todo, cabe tamén a posibilidade de que estea relacionado con *Teo* (medieval *Talegio*), para o que Bascuas propón a base \**ta-* (‘derreterse’, ‘fluír’; a mesma que veremos en *Taxes*); isto convertería *Tal* nun hidrotopónimo.

Os documentos de Toxos Outos mencionan outros lugares desta parroquia, pero non queda pegada deles na toponimia nin na microtoponimia rexistradas ata hoxe: *Ceroa* (de orixe escura), *Agro Mediano* (transparente), *Quintana Lagine* (que podería dar un \**Quintana da Laxe*) e *Viniooas* (‘pequenas viñas’, que hoxe podería ser un *Viñoas*).

As atestacións de *Tal* posteriores ao s. xv, como as que podemos atopar no Arquivo da Catedral de Santiago e no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, recollen xa sempre a forma actual, igual que o *Catastro de Ensenada*. Ao acudirnos ao *Diccionario* de Madoz, vemos que *Tal* é citado como unha parroquia de 59 casas e 498 persoas. O terreo é montañoso e crebado, *de mediana calidad* cando se dedica a cultivos, que producen (igual que noutros lugares do concello) millo, centeo, trigo, liño, patacas, legumes e froitas.

Pola súa parte, o Nomenclátor de 1860 cita *Tal* como unha aldea de 109 casas, mentres o de 1880 reconece dúas aldeas: *Tal de Abajo* e *Tal de Arriba*, con 70 e 338 habitantes, respectivamente.

*Tal* é único na toponimia maior e menor galega, e non ten rendemento como apelido, segundo a CAG.

## Taxes

### Lugar da parroquia de Louro

Estamos de novo ante un únicum, pois non hai outro exemplo deste nome de lugar na toponimia galega, sexa maior ou menor.

Bascuas cre que contén a mesma raíz indoeuropea \**ta-*, ‘derreterse, fluír’, que *Tagus*, nome antigo do río *Texo*, a mesma que podería explicar *Tal*, nunha das hipóteses que apuntabamos nesa entrada.

En documentos do século x do Tombo A da Catedral de Santiago fálase dun individuo chamado *Taginiz* (léase *Táginiz*). Nesa forma poderíamos supoñer o patronímico, co sufixo *-ICI*, predecesor do noso *-ez* (medieval e actual portugués *-es*), de *Taginus*, nome testemuñado na antigüidade na Península, pois unha estela funeraria romana descuberta na provincia de Salamanca presenta a forma en xenitivo *Tagini*. A evolución de *Taginiz* a *Taxes* é a esperable en galego, coa perda da consoante /n/ intervocálica e seseo final. Non obstante esta hipótese é moi improbable, pois os sufixos patronímicos só se consolidaron en apelidos moi frecuentes e os topónimos procedentes de patronímicos, xeralmente en plural, non son de creación medieval (*Os Martices*, *Os Péreces*, *Os Dices*...).

En canto ás atestacións antigas, un documento de 1434 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago menciona un *Juan de Tajés*, morador en *Tajes*.

E, en 1450, o *Libro de Feudos* do Arquivo Histórico da Diocese de Santiago de Compostela (xa o citamos ao analizar *A Silvosa*) recolle un *Fernán de Tajés* como testemuña dos dereitos que Sueiro Gómez de Soutomaior tiña sobre a freguesía de San Mamede de Carnota.

Non aparece *Taxes* no *Diccionario* de Madoz, que non enumera os lugares da parroquia de Louro nin tampouco o cita de maneira independente, pero si vén recollido nos nomenclátors de 1860 e 1880, nos dous como aldea: o primeiro chámalle *Táges* e dálle 41 casas; o segundo denomínalo *Tajes* e outórgalle 73 habitantes. Como apelido, a CAG rexistra *Tajes* (coa grafía *j*, que orienta cara a unha pronunciación castelá), e indica que o concello con maior porcentaxe de ocorrencias é o de Camariñas, seguido dos de Muros e Carnota.

## Torea

Lugar da parroquia de Torea

## Torea (San Xián)

Parroquia de Muros

Pensamos que neste topónimo temos a raíz prerromana *\*ter-*, con variantes *\*tar-* e *\*tur-*, que ten como significado xenérico ‘fregar’, ‘desgastar’, ‘atravesar’. Segundo explica Francisco Villar, esa base é responsable de moitos nomes de ríos, regatos —e, por metonimia, vales e poboacións— en toda a Península Ibérica e fóra dela: en Galicia temos, por exemplo, os ríos *Tores* (O Porto do Son) e *Turía* (un afluente do Eo), ademais da parroquia de *San Xoán de Tor* e o lugar de *Toroño* (Culleredo). O valenciano *Turia*, o salmantino *Tormes* ou os franceses *Tarn* e *Thorens* parecen ter a mesma procedencia.

Se difícil é propoñer un lexema, tampouco é doado ese aparente sufixo *-ea*, que na documentación medieval aparece grafado de diferentes xeitos: *Toreia*, *Toreya* e *Toregia*, de orixe escura. En todo caso, e atendendo ao lexema, *Torea* (un único na toponimia galega) significaría ‘zona próxima a ríos ou regatos’.

O *Tombo de Toxos Outos* dá abondosa fe desta parroquia, pero coa dedicación a San Salvador, como está testemuñado polo menos desde 1150. No s. xv, no *Libro do Subsidio* da Igrexa de Santiago, aparece xa coa advocación a *San Gião*, que responde ao actual patrón da parroquia, San Xián.

É certo que nos documentos medievais a grafía deste nome de lugar vacila, na letra inicial, entre *T* e *Th*. Esa dúbida é común nos arquivos da época: *Oviedo* aparece como *Ovetao* e *Ovethao*, por exemplo. O dígrafo *th* fora xa usado polos romanos para transcribir vocábulos gregos, e na Europa medieval cristiá, dado que moitas das figuras sobranceiras dos primeiros tempos da Igrexa tiñan nomes gregos ou helenizados, o uso do *th* continuou para escribir antropónimos como *Tomé* (*Thome*) ou *Mateu* (*Mathe*). Moitas veces, no caso dos topónimos, cando a palabra

non soaba a latín, os escribíans adoptaban diversas solucións gráficas, e o *th* daba un aire de exotismo que a moitos amanuenses lles pareceu acaído.

Da parroquia de *San Xián de Torea* hai abondosas atestacións do s. XVI, e tamén se cita no *Catastro de Ensenada* (nas Comprobacións, sempre como lugar onde se atopa un muíño) e no *Diccionario geográfico* de Madoz. Este último indica que está situada entre montes e goza dun clima temperado. Ademais, menciona os lugares que forman a parroquia, e que coindiden cos recoñecidos polo actual NG: *Ameiras (Amira)*, *Corres (Cornes)*, *Figueiroa*, *Lestón (Lestón de Arriba)*, *Pando*, *Rimao (Riomao)*, *San Julián (San Xián)*, *Torea* e *Vistavós*. Entre todos xuntan 94 casas, e toda a parroquia dispón de boas fontes de auga potable, ademais dun río caudaloso no inverno que serve para regar as leiras (debe tratarse do río da Rateira). Do terreo, di Madoz que é pedregoso e árido en xeral, de mediana calidade, e tamén que produce bo millo, moito centeo, pouco trigo, bastante pataca e moita froita. Sobre os animais, indícase que se cría sobre todo gando vacún, caprino e lanar, e que hai boa caza de perdices e coellos. A única industria é a dos muíños fariñeiros.

Os nomenclátore de 1860 e 1880 recollen tamén esta freguesía, o segundo deles cos mesmos núcleos de poboación consolidados que lle recoñece Madoz. Como apelido, *Torea* só aparece na CAG con 261 ocorrencias, concentradas sobre todo nos municipios de Muros e Outes.

## Tras da Costa

### Lugar da parroquia de Esteiro

Este é un topónimo transparente, pois todos os seus elementos son palabras vivas e de significado coñecido no galego actual. A etimoloxía é plenamente latina, con *tras* (< TRANS), *de* (< DĒ), *a* (< ILLĀ) e *costa* (< CŌSTA). Esta última palabra significaba en latín ‘costela’ e, por extensión ‘costado’. Por sentido figurado, acabou servindo para referirse á beiramar, como o lado da terra que limita co océano.

Non hai atestacións antigas do topónimo nin tampouco as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* permiten dar por certa ningunha identificación: rexistran varias propiedades denominadas *Costa*, pero non se pode aseverar que algunha delas sexa a referencia para *Tras da Costa*. Tampouco aparece en Madoz, pero os nomenclátore de 1860 e 1880 menciónano como unha aldea da parroquia de Esteiro. O primeiro deles cita o aglutinado (*Trasdacosta*) e fala de 21 edificacións; pola súa parte, o segundo exprésao coa forma que o NG lle dá hoxe e conta 121 habitantes.

## Trión

### Lugar da parroquia de Esteiro

Non é nada frecuente este topónimo en Galicia: só hai dous casos na toponimia maior (este e un no concello de Boqueixón) e outros dous na microtoponimia,

segundo o portal Galicia Nomeada, e que están nos municipios de Val do Dubra (A Coruña) e Ribadumia (Pontevedra).

O remate en *-ón* parece avogar por un antropónimo en xenitivo como étimo, así que cómpre investigar esta vía. En principio, a filiación xermánica é unha boa candidata, dado o seu rendemento toponímico. Se este fose o caso, é posible que se tratase dunha muller, pois hai nomes de lugar rematados en *-ón* para os que se pode reconstruír un nome feminino, segundo indica Boullón: *Tiquión* (< TEQUILONI), nas Somozas (A Coruña) ou *Reción* (< RIQUILONI), en Vilalba (Lugo). Así, para *Trión* poderíamos supor un TRUDILONI, que suxire unha liña evolutiva TRUDILONI > \**Truión*/*Troión* > *Trión*. Outra posibilidade, dentro aínda dos antropónimos xermánicos femininos, sería un ITILONI (ITILONI > \**Tlioni* > *Trión*).

Calquera das dúas propostas anteriores ten dificultades de encaixe nas leis fonéticas que regulan a evolución ao galego medieval. Quédanos, logo, seguir o camiño dos nomes de posesor de base latina. Neste contexto, o antigo propietario que andamos a buscar podería ser un *Trebonius* —para dar unha expresión como (VĪLLA) TREBONII—, un *Trio* —dun (VĪLLA) TRIONIS—, ou un *Tribunus*/*Trebunus* —de (VĪLLA) TREBUNI—. Calquera desas formas son foneticamente moito máis convenientes para este *Trión*. Os dous primeiros aparecen no índice de Kajanto, pero sen atestacións deses nomes na Gallaecia, ou mesmo en Hispania. Pola contra, a terceira está documentada para Galicia por Ana Boullón.

Polo visto ata aquí, cómpre considerar a etimoloxía de *Trión* como bastante insegura: temos hipóteses que podemos fundar bastante ben, pero non contamos con documentación antiga que nos poida dar unha pista definitiva. Así e todo, hai un documento de 1406 que enumera os bens que un *Lopo de Caamaño* posuía en Esteiro e Tal, e no que se cita varias veces un *Gonzalo de Trion*, onde o nome de lugar xa se ve coa forma actual. Nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada* aparece sempre como *Trion*: cítase como unha das *vegas*, e ademais rexístranse propiedades como *Agro de Trion* ou *Eira de Trion*. En canto a Madoz, non nos di nada sobre el, aínda que o Nomenclátor de 1880 si que o cita, describíndoo como unha aldea de 30 habitantes.

## Uía, O

### Lugar da parroquia de Esteiro

Este topónimo, un novo únicum, resulta curioso pola súa brevidade e por conter só vogais. É semellante a outro, *Oia*, co que comparte a mesma orixe, en opinión de Bascuas: a raíz indoeuropea prerromana \**weg<sup>w</sup>-*/*\*ug<sup>w</sup>-*: ‘húmido’, ‘ensopado’ (á que recorremos en *O Maio*). Polo tanto, *Oia* e *Uía* parecen ser diferentes resultados da evolución dunha mesma palabra, con cambios de timbre e acentuación que se adoitan dar na historia da lingua (lémbrese o par *Naraio*/*Naraío*, xa comentado na entrada dedicada á *Alivía*).

Ao comentar esta forma, Bascuas considéraa sospeitosa, por unir un artigo masculino a unha palabra rematada en *-a*, e defende a deglutinación do *o* como falso

artigo. Segundo isto, o topónimo debería ser, en realidade, *Ouíá*, cunha ditongación na primeira sílaba comparable á que se ve nas formas populares *ourella* e *ouvella*, por exemplo, no canto de *orella* e *ovella*. Para defender iso, o estudoso apóiase en que a pronuncia do /o/ é moi pechada, e que os falantes adoitan utilizar expresións como ‘vivimos *en Ouíá*’. Porén, as realizacións que nós detectamos son tipo ‘teño unha casa *no Uía*’, coa contracción ben asentada. Polo tanto, cremos que os empregos deste topónimo con artigo obedecen á simplificación de expresións tipo ‘unha casa no (lugar de) Uía’.

En canto a atestacións medievais, carecemos delas para este topónimo, pero o Arquivo Histórico da Universidade de Santiago ofrécenos varias no s. XVI. Unha delas, do ano 1567, preséntao coa grafía *Hoyá*. Aparece tamén, como apelido, nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, que tamén nos ofrecen a forma *Uya*, nome que recibe unha das *vegas* da parroquia de Esteiro (*Vega do Lugar de Uya*, para ser máis exactos, onde non hai traza do artigo).

Madoz non nos di nada deste lugar. Pola contra, no Nomenclátor de 1880 aparece recollido coa grafía *Uhía*, cun *h* introducido nalgún nomento nun intento de marcar con maior claridade o hiato da forma. Por certo, esa grafía é a que se dá no seu uso como apelido, que a CAG rexistra con moi poucas ocorrencias: 185. Tocante ás porcentaxes, Muros aparece en segundo lugar, pois no primeiro está o municipio pontevedrés de Sanxenxo; e só hai dous concellos máis onde se documenta *Uhía* como apelido, que son os de Poio e Vigo, ambos os dous en Pontevedra.

## Valdexería

### Lugar da parroquia de Serres e río

A primeira vista, a terminación en *-ería* resulta estraña, pois adoita aparecer en topónimos como *A Vaquería*, *A Serrería*, *A Ferrería* etc., todos eles normalmente relacionados con actividades agrícolas e industriais. Non é o caso deste nome de lugar, único en Galicia, nin tampouco do microtopónimo relacionado *Fontexería*, na mesma área, que dá nome a un instituto de ensino secundario. Se nos fixamos, na primeira parte destes dous nomes vemos uns elementos doados de identificar: *Valde-* e *Fonte-*, procedentes de cadansúa base latina, que son a expresión de \*VALLE DĒ (‘val de’) e do substantivo FŌNTE. Queda por explicar esa segunda parte *-xería*.

Aquí vainos servir de axuda o *Tombo de Toxos Outos*, pois un documento de 1156 dá fe da venda ao mosteiro dunha propiedade situada en Serres, *discurrente fluvio Sirria*, por parte de *Munio Pelaici* e os seus fillos. Para nós, ese *Sirria* é un bo candidato para estar tras ese elemento *-xería*.

Con todo, Bascuas pensa que os antepasados de *-xería* son as formas *Syaria* e *Siaría*, denominacións dun río que aparece noutros documentos de Toxos Outos. Nós coidamos, porén, que nese caso estamos ante o nome medieval do río *Sieira*, cuxas augas bañan o actual concello do Porto do Son, e que tamén xerou varios

Desembocadura  
do río Valdexería



microtopónimos. En efecto, un dos documentos referidos por Bascuas, do ano 1038, fala de propiedades “sub monte Faro [...] usque ad illam fervenciam Sancte Marie et intrat in rivum *Syariam*”. Ese *monte Faro* debe ser o actual topónimo menor *O Faro*, e a *fervenciam Sancte Marie* é a hoxe coñecida como *Fervenza de Ribasieira* (*Sancte Marie* é a parroquia de Santa María de Caamaño). Eses lugares están, como dicíamos, no municipio do Porto do Son.

Outro documento, de 1169, menciona unhas terras “sub montibus Grayadi et Burleo currente per medium flumine *Siaria*”, onde *Grayadi* é o actual monte *Graiade*, situado na parroquia de San Fins de Ribasieira, no mesmo concello do Porto do Son. Pola súa parte, o *Burleo* que aparece no texto é homónimo do da freguesía muradá de Serres, que xa comentamos (véxase a entrada *Burleo, O*), pero correspóndese co *Castelo de Burleo* que podemos atopar hoxe na parroquia de Santa Mariña de Xuño, igualmente no Porto do Son. Noutro documento do mesmo ano vemos a referencia “ex petra furada usque ad flumem *Siariam*”, no que *petra furada* pode ser a antecesora dunha das tres *A Pedra Furada* que temos na actualidade no mesmo concello, moi probablemente a de San Fins de Ribasieira.

Quédanos dar conta doutro documento, este do ano 1178, no que lemos “et ipsa ecclesia in territorio Pistomarchos sub castro Burleo iuxta fluvium *Syaria*”. Aí volvemos ter a alusión ao *Castelo de Burleo*, antes citado, ademais da mención de *Pistomarchos*, forma medieval do nome do pobo que os romanos chamaron *Praes-tamarici* (‘os que viven para acó do río Tambre’), cuxo territorio correspondía, máis ou menos, coa actual península do Barbanza.

Por todo o visto ata aquí, consideramos bastante probable a relación do *Sirria* testemuñado en 1156 co *-xería* que temos como segundo elemento de composto en *Valdexería* e *Fontexería*, descartando a vinculación co *Syaria / Siaria* que acabamos de analizar. Así, desde o punto de vista etimolóxico, *Sirria* podería pertencer á mesma familia de nomes de lugar que *Serres* (‘fluír’ ou ‘auga’; véxase a entrada para a hipótese etimolóxica).



Polo que parece, o antigo nome do río amalgamouse con ‘val’ e ‘fonte’, pero producíronse máis cambios. En primeiro lugar, temos unha palatalización de /s/ (como acontece, por exemplo co vocábulo común *xastre*, procedente do latín SARTÖRE). Ademais, o /e/ actual pode ser froito da apertura nun grao dunha vogal átona /i/, o que indicaría que o topónimo se pronunciaba [siría] (as confusións de *rr* e *r* non son infrecuentes nos copistas medievais), o que cadra coa acentuación actual (agás que se producise un desprazamento acentual con posterioridade).

En documentos máis modernos atopamos referencias a este nome de lugar nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*, segundo a cal un home chamado *Narziso García* tiña unha casa dunha altura en *Valdixería*. Sen presenza en Madoz, *Valdixería* cítase nos nomenclátors de 1860 e 1880. O primeiro rexístrao como *Baldegería*, e di que se trata dunha aldea de 51 casas. O segundo, pola súa parte, recólleo como *Valdegería* e indica que era unha aldea de 219 habitantes.

## Ventín

Lugar da parroquia de Louro

Lugar da parroquia de Abelleira

Polo común, os topónimos rematados en *-ín* proceden do nome do antigo propietario duns terreos, con casal incluído. Así, *Marín*, *Gundín* ou *Verín*, por exemplo, proceden dunha expresión tipo (VĪLLA) MARINI, (VĪLLA) GUNTINI e (VĪLLA) VERINI (‘casal de Mariño’, ‘casal de Guntino’ e ‘casal de Veriño’, respectivamente). Aplicando esta tipoloxía toponímica a estes dous *Ventín*, podemos propoñer un étimo (VĪLLA) VALENTINI, pois no *Tombo de Toxos Outos* o *Ventín* de Louro aparece recollido como *Vaintim*, coa perda do // intervocálico propia do galego medieval.

Tras a mención medieval, atopamos alusións do *Ventín* de Louro en documentos do s. xv. Algo máis adiante, un *Pedro de Bentin*, labrador da parroquia de Santiago de Louro asoma nun documento de 1567 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, igual que un *Alonso de Ventin* noutro texto do mesmo arquivo, de 1562. O contexto deste último documento apunta con claridade ao concello de Muros, pero é difícil saber se o apelido está relacionado co lugar de Louro ou co de Abelleira.

Nin o *Catastro de Ensenada* nin as súas Comprobacións din nada sobre o *Ventín* de Louro, pero en Abelleira rexístranse unhas terras denominadas *Ventin* a nome de *Adrian Garcia*. Madoz non fala de ningún dos dous, pero os nomenclátors de 1860 e 1880 citan o *Ventín* de Louro, e fano como aldea: no primeiro figura con 51 edificacións, e no segundo con 149 habitantes.

No NG *Ventín* aparece, só ou formando sintagma toponímico, como nome de once lugares; e tampouco é descoñecido na microtoponimia.



# Vesada, A

Lugar da parroquia de Serres

Este nome de lugar aparece no actual NG co artigo aglutinado, *Avesada*, mais en sucesivas edicións aparecerá xa co determinante separado do substantivo, como por etimoloxía lle corresponde.

O topónimo está relacionado cos labores agrícolas: *Vesada* procede do participio latino *VERSĀTA*, que quere dicir ‘arada’. É unha forma do verbo *versāre* (ou *versāri*), que, en orixe, quere dicir ‘facer xirar’. Aplicado á terra, ese sentido convértese en ‘remexer’, que é o que se fai co arado. A aglutinación do artigo debeuse á perda de conciencia, por parte dos falantes, do significado do substantivo: ao non saber xa o que era unha ‘vesada’, creuse que o *a* formaba parte da palabra.

Madoz non recolle este nome de lugar para o concello de Muros, pero si o fai o Nomenclátor estatal de 1880, que o reconece como aldea e dá para el a cifra de 70 habitantes.

Da mesma raíz latina de *Vesada* sae o substantivo *versus*, que podía significar ‘rego’, pero tamén ‘verso’ (de feito, é a raíz etimolóxica desta última palabra). O idioma latino creou tal metáfora porque labregos e poetas trazan liñas: os primeiros na terra, e os segundos no papel. Co que fan uns nutrimos o corpo, e co que fan os outros alimentamos o espírito.

# Vieta

Lugar da parroquia de Louro

O lugar debe o seu nome ao apelido dun propietario de varios predios na zona: Salvador Roura Vieta. Este industrial posuíu na mesma área unha fábrica de salga, instalación que data, como mínimo, de 1841, época en que foi posta en marcha polo industrial Venancio Portals. Pouco tempo traballou, pois en 1885 a fábrica atopábase en ruínas e os herdeiros de Portals vendérona a Joaquín Vieta i Ros. O último propietario vencellado á familia Vieta foi o devandito Salvador Roura Vieta (neto de Joaquín), que en 1982 vendeu os restos da fábrica a Manuel Rey Bermúdez, veciño de Pino do Val, quen a transformou en varios apartamentos turísticos. Non foi ata despois da derradeira data mencionada que este topónimo entrou nos nomenclátors.

O apelido *Vieta*, como se pode deducir do arriba exposto, ten orixe catalá, e presenta un típico diminutivo desa lingua, formado sobre a voz latina *vĪA*, que significa ‘camiño’, e que é a mesma que nos dá o noso substantivo *vía*.

## Vilar, O

Lugar da parroquia de Abelleira

*Vilar* é a evolución do latín VILLĀRE, adxectivo relativo derivado do substantivo VĪLLA, que nos deu o noso *vila*. Tanto *vilar* como *vila* son moi abondosos na toponimia galega e portuguesa (e catalá), igual que o son os correspondentes *villa* e *villar* no territorio do castelán.

En latín, VĪLLA designaba un predio rural de mediano ou gran tamaño, propiedade dun terratenente, que constaba dunha vivenda principal e varias anexas. Co tempo, esas edificacións convertéronse en xermolos de núcleos poboados de menor ou maior extensión: iso explica a evolución do significado desde a antigüidade ata a primeira acepción que ten hoxe a palabra. Da mesma maneira, hoxe un *vilar* é un grupo de casas que forman, polo común, un conxunto separado dentro dunha aldea.

Deste *O Vilar* de Abelleira temos testemuños medievais, pois aparece mencionado en varios documentos do *Tombo de Toxos Outos*, entre 1154 e 1289. As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* revelan un muíño chamado *Vilar / Villar*, pero non parece haber hoxe memoria del, tanto se estaba na contorna do actual *O Vilar* coma se non. Xa no s. XIX, o *Diccionario geográfico* de Madoz cita *O Vilar*, pero sitúao na parroquia de Torea. Isto non coincide coa asignación actual, como acontecía con *Pando* e *A Rateira* (véxanse esas entradas). Ademais, neste caso *O Vilar* de Abelleira está próximo ao límite coa parroquia de Tal, e non coa de Torea. Pola súa parte, o Nomenclátor de 1880 recolle *Vilar*, sen artigo, e cítao como unha aldea de 28 habitantes.

## Viña, A

Lugar da parroquia de Abelleira

Vemos neste topónimo o substantivo común *viña*, procedente do latín VĪNĒA, do mesmo significado. É evidente que este nome de lugar de Abelleira designa unhas terras que nalgún momento tiveron vides. O cultivo desta planta arbustiva estivo de vello bastante estendido polo territorio galego, o que explica a abondosa presenza do substantivo *viña*, só ou formando parte dun sintagma, na toponimia do país, tanto na maior coma na menor.

Non atopamos atestacións antigas deste nome de lugar. É certo que as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* dan conta de abondosas propiedades chamadas *Viña* ou *A Viña*, todas elas espalladas por dúas áreas da freguesía: *Vega de Agraboa* (a actual *A Agra Boa*, como xa comentamos) e *Vega de Sartegos* (tamén citada en entradas anteriores). Porén, este topónimo maior non está preto de ningunha das dúas, polo que é pouco ou nada seguro identificalo con algunha delas.

Segundo a CAG, o apelido *Viña* ten certa presenza en varios concellos das provincias de Lugo e da Coruña, cos municipios de Palas de Rei, Friol e Val do Dubra á cabeza das porcentaxes; en Muros hai moi poucos portadores. A variante *Daviña*

é menos abundosa, con só 103 ocorrencias rexistradas, a maioría no concello de Taboada (Lugo) e ningún en Muros.

## Virxe do Camiño, A

Lugar da parroquia de Muros

Este é o nome do arrabalde muradán onde se localiza a capela dedicada á unha das múltiples advocacións da Virxe María. A etimoloxía do topónimo non ofrece dificultades, pois o sintagma ten explicación plenamente satisfactoria desde o latín. Nel vense os substantivos *virxe*, que procede de VIRGINE (‘rapaza sen casar’); e *camiño*, que Corominas fai proceder dun latín popular CAMMINUS, adaptación ao idioma dos romanos doutro préstamo céltico, baseado á súa vez nun lexema que significa ‘paso’.

A datación do templo non é segura, aínda que se pensa que pode ser do s. xv. Construíuse, segundo a tradición, a consecuencia do achado dunha imaxe da Virxe que a marea trouxo á costa. Funcionou, co edificio acaroado á fachada oeste, que parece de época posterior, como hospital de leprosos (de aí a súa situación, afastada do recinto amurallado de Muros e do arrabalde da Ribeira). O santuario chegou a ter certa fama grazas ás peregrinacións de mariñeiros e das súas familias, que lle fixeron importantes ofrendas, algunhas das cales penduraban das paredes da capela maior.

O *Diccionario geográfico* de Madoz rexistra *Virgen del Camino* como lugar de Muros, e concédelle unha poboación de 99 habitantes. Pola súa parte, os nomenclátors de 1860 e 1880 cítano como arrabalde: no primeiro figura con 130 edificacións, e no segundo con 259 veciños. Ambos os datos indican que arredor do santuario se deu consolidado desde antigo un núcleo máis ou menos importante.

## Vistavós

Lugar da parroquia de Torea

Co fin de propoñer unha etimoloxía para este únicum, debemos acudir á documentación medieval, en concreto ao *Tombo de Toxos Outos*. Nel vemos que este topónimo aparece como *rivulo Bustavolos* (1157) e *fluvio de Bustavoos* (1153; aquí coa perda do // intervocálico propia do galego medieval). Está claro, xa que logo, que na Idade Media era percibido como un hidrotopónimo, aínda que, tamén en Toxos Outos, en 1247 se cita un *Petrus Pelais de Bustavoos*, que apunta a que xa existía un lugar con ese nome. A cuestión é se foi o río o que deu nome ao lugar ou ao revés, circunstancias ambas frecuentes na toponimia. Investigar a súa etimoloxía pode contribuír a aclarar tamén esta cuestión.

O elemento *Bust-* parece estar relacionado coa voz *busto* (‘terreo destinado a pasto para o gando’), moi rendible na toponimia, sobre todo como elemento dun composto: *Bustofrío*, *Bustomeao*, *Bustoseco*, *Bistixoán*... A súa etimoloxía, moi

debatida, foi ben analizada por Navaza, quen defende a relación co latín BŎVE, que nos deu ‘boi’. Moralejo Álvarez pensa, porén, que *busto* pode ter unha orixe prerromana na base indoeuropea \*g<sup>w</sup>ou-, do mesmo significado ‘boi’ e antepasada da palabra latina citada antes. Así, en *Bustavolos* o primeiro elemento deste nome de lugar significaría ‘terreos para pasto de gando bovino’. E, de acordo con esta hipótese, sería o lugar o que daría nome ao río, quizais o da Rateira (véxase esa entrada).

O segundo elemento pode ser o acusativo plural AVŎLOS, diminutivo de *avus* ‘avó, antepasado’ co sufixo *-olos*, ou aínda BONOSI, xenitivo do nome persoal *Bononus*, o mesmo nome que Piel propón tamén como segundo elemento do étimo de *Vilardevós*.

Non podemos estar seguros de cando se consolidou o cambio da vogal da primeira sílaba, pero contamos cun testemuño de *Bustavós* nun documento de 1526 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Por outra banda, como apoio (ou causa) do cambio de *Busta-* a *Vista-* puido producirse nos falantes un cruzamento por etimoloxía popular coa palabra *vista*, ao non comprender ben o sentido do topónimo, razón pola cal hoxe se escribe con *V*. A este respecto, as Comprobacións do *Catastro de Ensenada* falan dun monte en man común chamado *Vistavós*, e tamén menciona unha propiedade particular denominda *Bau de Vistavós*. Xa que logo, parece que contra o s. XVIII, polo menos, o cambio *Busta-* > *Vista-* estaba xa consolidado.

Para rematar, polo comentado ata aquí nas entradas sobre *Abelleira*, *A Rateira* e esta, *Vistavós*, podemos supoñer que en tempos antigos o actual río da Rateira tivo dous nomes: *Bustavolos* no curso alto e *Boval* no baixo. Isto non é infrecuente na hidrotoponimia, pois moitas veces os ríos, sobre todo os máis longos, cambian de nome en diferentes puntos do seu percorrido, especialmente a partir do punto en que se lles une un afluente, ou en que o caudal flúe de forma sensiblemente distinta. Por poñer un exemplo deste mesmo concello, o río do Catelán na parroquia de Serres coñécese, en distintos tramos, como *río das Rosas*, *río da Laxe* ou *río de Sande*, entre outras denominacións.

Respecto a este lugar, Madoz asígnao á parroquia de Abelleira, en vez de á de Torea. Porén, o Nomenclátor de 1880 cita *Vistavós* como unha aldea da parroquia de Torea na cal vivían 53 persoas.

## Voltireira, A

Accidente montañoso da parroquia de Torea

Na zona alta de Torea, onde se atopa este microtopónimo, debeu ser habitual nalgunha época o avistamento de voitres, aínda que tamén se lle poñía este nome a sitios elevados, propios para ser habitados por estas aves. En todo caso, o nome de lugar é a evolución da forma latina VULTŪRĀRIA, presente en documentos medievais galegos. O sufixo *-ĀRIA* (< *-eira*) achega a noción de abundancia á base VULTŪR (‘voitre’). Hai máis lugares en Galicia que aluden á presenza desa ave, como

*A Voltireira* (O Porto do Son, A Coruña) ou *O Boitiral* (Riotorto, Lugo). No caso deste *A Voltireira* temos unha curiosidade evolutiva, pois mantén o grupo consoántico *-lt-* do latín, que normalmente cambiou a *-it-* (como en *MULTUS* > *moito*). O máis probable, aquí, é que se trate dunha alteración popular ao relacionar o topónimo coa voz ‘volta’.

As Comprobacións do *Catastro de Ensenada* rexistran na freguesía de Torea unhas terras chamadas *Barrouteira* (que non parecen ter continuidade toponímica hoxe), e tamén unha *Barouteira* na parroquia de Abelleira (que debe corresponderse coa actual *A Borouteira*). Teñen certa semellanza fonética, pero talvez non poidan relacionarse coa actual *A Voltireira*: a primeira parece un derivado de *barro*, e a segunda fai pensar nunha relación co verbo *abaroutar* (se é que non son as dúas a mesma forma, pois pódese pensar nunha confusión do escribán á hora de grafar a consoante /r/ simple no canto da múltiple).

Na parroquia de Esteiro, lindeira coa de Torea por este monte, o mesmo documento dá fe de terras denominadas *Boutureira*, *Botureira* e *Boitereira*. Algunha delas ben pode ser a *Boytoreira/Boutoreira* que figura nun documento de 1448 conservado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Aínda na freguesía esteirá, atopamos hoxe o microtopónimo *As Bolouteiras*, preto do lugar da *Silvosa*, en aparencia da mesma base etimolóxica, pero que non se pode asimilar con seguridade a ningunha das propiedades citadas nas Comprobacións do *Catastro de Ensenada*.

En todo caso, todas estas variantes son boas mostras do inestable que foi a pronuncia da base *VULTŪRĀRIĀ*, a causa do seu contexto fónico: o grupo consonántico *-LT-* a carón de dous sons /r/ moi próximos.

Para rematar, o portal Galicia Nomeada rexistra o topónimo menor *A Vintureira* nunha localización moi próxima á *Voltireira* que tratamos aquí, polo que é posible que se trate do mesmo lugar, que, por certo, vén recollido nalgún mapa como *As Aventureiras*, noutra variante do mesmo nome.

## Vouga, A

Lugar da parroquia de Louro

En Louro recibe este nome, único na toponimia maior galega, unha punta de terra que se adentra no mar, e tamén a praia que naquela zona se atopa. Era un dos lugares onde fondeaban as ‘enviadas’, embarcacións vencelladas ás salgadasuras, das que xa falamos ao analizar o topónimo *O Fogareiro* (véxase).

Bascuas apunta a posibilidade de que a orixe estea na raíz hidrotponímica prerromana *\*weg<sup>w</sup>-*, (‘húmido’), a mesma que propoñemos para *Uía* (véxase a entrada). De feito, hai un río en Portugal que se chama *Vouga* (documentado en textos latinos con formas como *Vauca* e *Vauga*), e na microtoponimia de Galicia atopamos *A Vouga da Cortiña* (parroquia de Santiago de Zoó, no concello lugués de Samos).

Porén, neste caso parécenos máis probable que este topónimo proceda do adxectivo latino *vācū*, -A, que significa ‘baleiro, -a’. Del provén o cualificativo galego *vougo*, -a, polo común aplicado a terreos deshabitados e sen cultivar. Así, *A Vouga* puido recibir ese nome por ser un pedregal, pouco apto para o cultivo, e, xa que logo, sen presenza humana cotiá. E por iso é unha ironía, desde o punto de vista etimolóxico, que *A Vouga* estea en determinada época do ano repleta de xente, e mesmo de vivendas, malia que efémeras, instaladas no cámping que alí se atopa.

En todo caso, a documentación antiga aquí non nos axuda, pois non atopamos referencias antigas a este lugar, e tampouco aparece no *Catastro de Ensenada* nin en Madoz nin nos nomenclátors españois do s. XIX.

Cómpre indicar tamén que hai dúas rochas no mar xusto fronte a este lugar, con cadanseu nome: *A Vouga de Dentro* e *A Vouga de Fóra*. Parece claro que o seu nome lles veu da súa proximidade ao lugar chamado *A Vouga* de terra.

## Xantoque

### Lugar da parroquia de Esteiro

O nome deste lugar, que está nos límites entre as parroquias de Tal e Esteiro, constitúe un novo únicum. Iso, como é sabido, supón sempre unha dificultade na toponimia, na que a comparación e a busca de formas semellantes é unha ferramenta básica.

Podería verse nesta forma unha raíz *Xant-*. Segundo Bascuas, débemola relacionar co lexema indoeuropeo *\*ei-/\*i-*, que ten o valor básico de ‘ir’, doadamente aplicable a unha corrente de auga, sobre todo se se lle engade o sufixo *-nt-*, que ten valor participial, dando como significado ‘que corre’, ‘que flúe’. Esa base *Xant-* podémola atopar en hidrónimos actuais como *Xantas* e en formas medievais tipo *Ianta* (que non documentamos para este *Xantoque*, o cal non aparece tampouco referenciado no *Catastro de Ensenada* nin nas súas Comprobacións, nin nos Nomenclátors de 1860 e 1880).

Para Bascuas *Xantoque* podería conter un sufixo prerromano *-okko*, utilizado para derivar substantivos ou adxectivos de radicais nominais ou verbais, xeralmente con valor diminutivo ou despectivo, como en *badoco* ‘pouco delicado’, *baloco* ‘croque, estalote’ e no castelán *alcornoque* ou os topónimos *Masueco* (Salamanca) e *Jirueque* e *Trijueque* (Guadalaxara), entre outros.

O máis que podemos dicir con seguridade é que se trata dunha formación toponímica bastante rara, e tampouco pode descartarse que resultase dunha amálgama dun antropónimo, tipo *\*Xan Toca*, *\*Xan Toco* ou similar. Por desgraza, e como xa dixemos, non contamos con testemuños antigos que nos axuden.

# Bibliografía

- Alonso Romero, Fernando (1984-1985). O folclore da Cruz de Pelos. *Brigantium. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña*. 5, 277-283.
- Artaza y Malvárez, Ramón de (1959). *La villa de Muros y su distrito*. Pontevedra: E. Paredes Valdés.
- Bascuas, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleo europea gallega*. Verba. Anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2006). *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Bascuas, Edelmiro (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea gallega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, Ana (1999). *Antroponimia medieval gallega (ss VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Cabeza Quiles, Fernando (2018). *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.336>
- Cabeza Quiles, Fernando (2020). *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.370>
- Corominas, Joan e Pascual, José Antonio (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Fabeiro Gómez, Manuel (1997). *Páxinas históricas de Muros*. Noia: Toxosoutos.
- Fernández Fonseca, M.<sup>a</sup> Jesús e Santos Yanguas, Juan (2001-2002). Nuevos datos sobre la estela romana de Puebla de Azaba (Ciudad Rodrigo, Salamanca). *Veleia. Revista de Prehistoria, Historia Antigua, Arqueología y Filología Clásicas*. 18-19, 485-496.
- García Vidal, Pedro (2016). *Noia e Muros. Paisaxes urbanas de séculos. I. Dende as orixes ata o ano 1950*. Noia: Toxosoutos.
- García Vidal, Pedro (2020). *Noia e Muros. Paisaxes urbanas de séculos. II. Da destrución á ordenación, protección e rehabilitación da paisaxe construída (1950-2020)*. Noia: Toxosoutos.



- Gómez Martínez, Lidia e Méndez, Luz (2022). *Toponimia de Tordoia*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.386>
- Kajanto, Iiro (1982). *The Latin Cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider.
- Llovo Taboada, Santiago (2014). *Anaquíños de historia do concello de Muros. Douscentos anos de salgadura e conserveiras*. Noia: Toxosoutos.
- López Boullón, Xosé Ramón (2019). *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.339>
- Madoz, Pascual (1986 [1845-1850]). *Diccionario geográfico estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia*. Santiago de Compostela: Libros Galicia. Edición facsimilar.
- Marqués Valea, Xulia (2018). *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.334>
- Marqués Valea, Xulia (2021). *Toponimia da Pontenova*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.379>
- Martínez Lema, Paulo (2008). *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Martínez Lema, Paulo (2018). *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/RAG.333>
- Méndez, Luz (2016). *Toponimia de Agolada*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.306>
- Moralejo Álvarez, Juan José (2007). *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977). *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1980). Notas acerca de Hidronimia Gallega. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 7, 157-170.
- Navaza, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Novoa Gómez, M.<sup>a</sup> de los Ángeles (2000). *La gente de Muros en sus primeros documentos*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Pedrero Sancho, Rosa M.<sup>a</sup> (1996). El hidrónimo prerromano *Mira*. *Emerita*. 64 (2), 361-374.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004). *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Piel, Joseph Maria (1947). Nomes de ‘possesores’ latino-cristãos na toponímia asturo-galega-portuguesa. *Biblos*. XXIII, 143-202; XXIII, 2, 283-407.

- Piel, Joseph Maria (1979). Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 6, 5-11.
- Piel, Joseph Maria (1982). Respiga de antro-toponímia galega de origem latina. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 6, 341-344.
- Piel, Joseph Maria (1984). Novísimas achegas á historia da tradición antro-toponómica mais antiga latina no noroeste galaico. *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. 11, 5-24.
- Piel, Joseph Maria e Dieter Kremer (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Pokorny, Julius (2005). *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Berna: A. Francke.
- Rivas Quintas, Eligio (1982). *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Vázquez Vilanova, José Antonio (2010). A vila de Muros. Apuntes históricos. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. LVII (123), 195-228.
- Villar, Francisco (1995). *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana*. Salamanca: Universidad de Salamanca.

## Recursos electrónicos

- ACS = *Arquivo - Biblioteca da Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Catedral de Santiago de Compostela. Disponível em <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>
- AGOn = *Asociación Galega de Onomástica* [web]. Santiago de Compostela: AGOn. Disponível em <http://ilg.usc.gal/agon/base-de-datos/>
- AHUS = *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela* [web]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Disponível em <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/arquivo-historico-xestion-documental>
- Alonso Estraviz, Isaac, dir. (2018-). *Dicionário Estraviz* [web]. v. 3.0. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua, Fundação Academia Galega da Língua Portuguesa, Fundação Meendinho. Disponível em <https://www.estraviz.org/>
- ARG = *Arquivo do Reino de Galicia* [web]. A Coruña: Xunta de Galicia. Disponível em [http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/content/fondos/bases-de-datos/base\\_0002.html](http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/content/fondos/bases-de-datos/base_0002.html)
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. e Xulio Sousa Fernández, dirs. (2006- ). *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega. Disponível em <http://ilg.usc.es/cag/>

- CME = Ministerio de Cultura (2004- ). *Catastro de Ensenada* [web]. [Madrid]: PARES. Disponible en <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- CODOLGA = José Carracedo Fraga (2020- ). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <http://corpus.cirp.gal/codolga>
- DRAG = González González, Manuel, dir. (2006- ). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <http://academia.gal/diccionario>
- GALICIANA = Xunta de Galicia (2016- ). *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* [web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/inicio/inicio.do>
- GNG = Boullón Agrelo, Ana I., coord. (2022- ). *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/nomes>
- IGE = *Instituto Galego de Estatística*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <http://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>
- ITGM = Varela Barreiro, Xavier, dir. (2008-2018), *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da lingua galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/itgm/>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003- ). *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <http://www.xunta.es/nomenclator>
- TMILGa = Varela, Xavier, dir. (2007- ). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg/tes>

## Nomenclátóres

### Século XIX

Nomenclátor 1863-1871 = Instituto Geográfico y Estadístico. Dirección General (1863-1871). *Nomenclátor que comprende las poblaciones, grupos, edificios, viviendas, albergues, etc., de las cuarenta y nueve provincias de España, dispuesto por riguroso orden alfabético entre las provincias, partidos judiciales, ayuntamientos, y entidades de población*. 5 vols. Madrid: Imprenta de José María Ortiz.

Nomenclátor 1891-1895 = Instituto Geográfico y Estadístico. Dirección General (1891-1895). *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España en 1º de enero de 1888*. Madrid: Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico.

## Século XX

Nomenclátor 1933= Instituto Geográfico, Catastral y de Estadística. Dirección General (1933). *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España. Provincia de Lugo*. Madrid: Hijos de M.G. Hernández.

Nomenclátor 1940 = Dirección General de Estadística (194?). *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España. Provincia de Lugo*. Madrid: Barranco.

Nomenclátor 1960 = Instituto Nacional de Estadística (1967). *Censo de la población y de las viviendas de España de 1960; Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población: provincia de Lugo*. Madrid: INE

Nomenclátor 1986 = Instituto Nacional de Estadística (1990). *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población con especificación de sus núcleos. Lugo: padrón municipal de habitantes, 1986*. Madrid: INE.

Nomenclátor 1991 = Instituto Nacional de Estadística (1993). *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población con especificación de sus núcleos. Lugo: censos de población y viviendas, 1991*. Madrid: INE.

## Século XXI

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003- ). *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <http://www.xunta.es/nomenclator>



# Índice xeral

Introdución .....	3
Explicación dalgúns termos .....	15
Parroquias e lugares do concello de Muros .....	17
Estudo dos topónimos .....	19
Abelleira (Santo Estevo) .....	19
Abelleira de Arriba .....	19
Acea, A .....	21
Agra Boa, A .....	22
Agra do Fondo, A .....	22
Agro da Area, O .....	23
Alivía, A .....	23
Alto do Caño, O .....	24
Amira, A .....	25
Ancoradoiro, O .....	27
Anido .....	27
Area Longa .....	28
Areal, O .....	29
Arriba .....	29
Badernado .....	30
Baño .....	31
Boavista .....	32
Bornalle .....	32
Burleo, O .....	33
Cabanas .....	34
Cambadas, As .....	35
Campo de Cortes .....	35
Carballeira, A .....	36
Castelo, O .....	36
Chabola, A .....	37
Chalón, O .....	38

Cornes .....	38
Cova de Xerpe, A .....	39
Creba, A .....	40
Creo .....	41
Cruceiro, O .....	42
Cruz de Pelos .....	43
Eiroa, A .....	43
Espadanal, O .....	44
Espírito Santo, O .....	44
Esteiro (Santa Mariña) .....	45
Figueiroa .....	46
Fogareiro, O .....	47
Fontenla .....	47
Formilla, A .....	48
Fornelos .....	49
Gurugú, O .....	50
Ingüeiro, O .....	50
Insuela, A .....	51
Laxe, A .....	51
Lestón de Abaixo .....	52
Lestón de Arriba .....	52
Louro (Santiago) .....	53
Lugar do Fondo, O .....	54
Maio, O .....	55
Marselle .....	56
Miraflores .....	57
Mondelo .....	57
Monte Louro .....	58
Muíño do Vento, O .....	58
Mureira, A .....	59
Muros .....	60
Muros (San Pedro).....	60
Pando .....	61
Pared Nova, A .....	62
Parediña, A .....	62
Pazo, O .....	63
Pendente, A .....	64
Ponte da Braña, A .....	64




Pontenova, A .....	65
Portiño, O .....	65
Portugalete .....	65
Pozo do Cachón, O .....	66
Priegue .....	67
Rateira, A .....	68
Rebordelo .....	68
Reboredo .....	69
Reimundes .....	69
Retorta, A .....	70
Rial, O .....	70
Ribeira de Creo, A .....	71
Ribeira do Maio, A .....	71
Ribeira do Uía, A .....	72
Riomaior .....	72
Riomao .....	72
Robaleira, A .....	73
Rocha, A .....	74
San Francisco .....	74
San Roque .....	75
Sandomil .....	76
Santa Cataliña .....	76
Seisidre .....	77
Seixán .....	77
Serres .....	78
Serres (San Xoán) .....	78
Serres de Arriba .....	79
Sestaio .....	80
Sestaio (San Miguel) .....	80
Silvosa, A .....	81
Sistamares .....	81
Solleiros .....	82
Somorto .....	83
Sorribos .....	84
Tal (Santiago) .....	85
Tal de Abaixo .....	85
Tal de Arriba .....	85
Taxes .....	86

Torea .....	87
Torea (San Xián).....	87
Tras da Costa .....	88
Trión .....	88
Uía, O .....	89
Valdexería .....	90
Ventín .....	92
Vesada, A .....	93
Vieta .....	93
Vilar, O .....	94
Viña, A .....	94
Virxe do Camiño, A .....	95
Vistavós .....	95
Voltreira, A .....	96
Vouga, A .....	97
Xantoque .....	98
Bibliografía .....	99
Recursos electrónicos .....	101
Nomenclátoreos .....	102
Índice xeral .....	105







# CONCELLO DE MUROS




## LENDA

### SIMBOLOXÍA

-  Límite municipal
-  Límite parroquial
-  Curso fluvial
-  Estrada

### TOPÓNIMOS

-  Lugares
- PARROQUIAS**
- Montes**
- Hidrografía**
- Outros topónimos*



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

0 1 2 km









## Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Alfonso Blanco Quintela é profesor de latín e grego no IES Fontexería de Muros, desde o que vén realizando un amplo labor de divulgación sobre a toponimia do concello. Neste volume, analiza os 105 topónimos da toponimia maior de Muros e sete nomes de lugar pertencentes á toponimia menor.

A colección Terra Nomeada da Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica ten como obxectivo recompilar e estudar os nomes de lugar dos concellos de Galicia para saber cal é a súa motivación e o seu significado, o que nos fará máis conscientes da relación co noso pasado, de como se conformou a nosa sociedade, de como é a natureza en que habitamos, a súa fauna e as plantas.



## Asociación Galega de Onomástica



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



Asociación Galega  
de Onomástica



Deputación  
DA CORUÑA